



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 17

VII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 23 de novembro de 2005

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Dolores Villarino Santiago

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

5. Proposicións non de lei ante o Pleno

5.207/PNP-0031 (1027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Parga, Carlos Fernando

Sobre a actuación do Goberno galego para a modificación da proposta do Goberno central para Galicia, na negociación do Plan da minaría 2006-2012

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 36, do 27.10.2005

5.3 07/PNP-0023 (854)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Blanco Parga, Carlos Fernando

Sobre a actuación do Goberno galego para o cumprimento das obrigas asumidas por General Dynamics no contrato de compra da empresa nacional Santa Bárbara e a garantía da continuidade da fábrica de armas da Coruña na súa actual ubicación

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 29, do 17.10.2005

5.4 07/PNP-0030 (989)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e tres deputados máis

Sobre as actuacións do Goberno galego respecto da artesanía alimentaria de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 36, do 27.10.2005

5.5 07/PNP-0035 (1116)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Veiga, Enrique César catro deputados máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto dos proxectos de instalación de parques eólicos no dominio público marítimo-terrestre

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 40, do 05.11.2005

5.6 07/PNP-0037 (1184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Barcón Sánchez, María del Mar e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o cumprimento do contrato vixente INI-Defensa, así como as obrigas asumidas por General Dynamics no de compravenda da empresa nacional Santa Bárbara, e a continuidade desta e dos seus traballadores

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 43, do 12.11.2005

6. Interpelacións

6.1 07/INT-0010 (829)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ruíz Rivas, Manuel Santos

Sobre as obras de ampliación do porto de Ribeira

Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG núm. 28, do 15.10.2005

6.2 07/INT-0023 (1240)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a suspensión pola Consellería do Medio Rural de obras e melloras de infraestrutura rural xa adxudicadas polo anterior Goberno galego

Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG núm. 42, do 11.11.2005

7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 07/POPX-0022 (1367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar a repetición de catástrofes como a do Prestige

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 46, do 17.11.2005

7.2 07/POPX-0023 (1372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rego González, Ismael

Sobre a valoración do Sr. presidente do Goberno galego respecto da situación actual de Galicia, tres anos despois da catástrofe do Prestige

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 46, do 17.11.2005

8. Preguntas orais ante o Pleno

8.1 07/POP-0040 (643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Parga, Carlos Fernando

Sobre as posibles repercusións da creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Industrial, con sede en Ferrol, na comarca de Ferrolterra

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 24, do 07.10.2005

8.2 07/POP-0045 (685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as previsións de creación dun dominio galego na Internet

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 24, do 07.10.2005

8.3 07/POP-0057 (848)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o anuncio da revisión do Plan de parques de tecnoloxía alimentaria

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 29, do 17.10.2005

8.4 07/POP-0071 (965)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feixóo, Alberto e dous deputados máis

Sobre o criterio do Goberno galego respecto das posibles repercusións para os intereses galegos da eventual aprobación da actual redacción do título VI da proposta da reforma do Estatut de Catalunya

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 33, do 21.10.2005

8.5 07/POP-0044 (676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer o acceso da mocidade a unha vivenda propia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 24, do 07.10.2005

8.6 07/POP-0048 (721)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mato Otero, Beatriz e Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a modernización e mellora da competitividade da frota de baixura

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 24, do 07.10.2005

8.7 07/POP-0055 (825)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre a posibilidade de cobro de novas indemnizacións por parte dos afectados pola marea negra do petroleiro Prestige

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 29, do 17.10.2005

8.8 07/POP-0061 (885)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Besteiro, Manuela e dous deputados máis

Sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da potenciación da función da titoría na ESO, para establecer unha terceira hora de atención ao alumnado remunerada

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 33, do 21.10.2005

8.907/POP-0066 (931)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Antón, Xosé Ramón

Sobre as iniciativas levadas a cabo pola Consellería de Cultura e Deportes en apoio da candidatura "As tradicións orais galego-por-

tuguesas" para a súa declaración de obra mestra da humanidade pola Unesco

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 36, do 27.10.2005

8.10 07/POP-0077 (1099)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e Baltar Blanco, José Manuel

Sobre as declaracións realizadas polo sr. secretario xeral de Relacións Institucionais respecto das valoracións políticas que fai outro partido político no ámbito das Cortes Xerais

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 40, do 05.11.2005

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar a repetición de catástrofes como a do *Prestige*. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 12.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia de D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do señor presidente do Goberno galego respecto da situación actual de Galicia tres anos despois da catástrofe do *Prestige*. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rego González (S)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Rego González (S)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 14.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Fraga Iribarne, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Sr. presidente do Goberno galego respecto da decisión dos órganos representativos dos concellos de recorrer ao Tribunal Constitucional contra as reformas dos estatutos de autonomía que afecten ás competencias dos entes locais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fraga Iribarne (P)*. (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 15.)

Réplica do autor: *Sr. Fraga Iribarne (P)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 17.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Fernando Blanco Parga, sobre a actuación do Goberno galego para a modificación da proposta do Goberno central para Galicia na negociación do Plan da minería 2006-2012. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta proposición non de lei lle foron presentadas dúas emendas: unha polo G. P. dos Socialistas de Galicia e outra polo G. P. Popular de Galicia. (Páx. 17.)

Intervención do autor: Sr. Blanco Parga (BNG). (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 20.) e Sr. Bernardo Tahoces (P). (Páx. 22.)

A señora presidenta interrompe un momento o pleno, co fin de intentar chegar a un acordo en relación coas emendas presentadas, xa que os voceiros están de acordo nisto. (Páx. 24.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor Blanco Parga (BNG) explica o acordo ao que se chegou. (Páx. 24.)

A señora presidenta anuncia a acumulación das proposicións non de lei, números 854 e 1184, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, para os efectos de ordenación do debate. (Páx.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Aymerich Cano e D. Carlos Fernando Blanco Parga, sobre a actuación do Goberno galego para o cumprimento das obrigas asumidas por General Dynamics no contrato de compra da Empresa Nacional Santa Bárbara e a garantía da continuidade da Fábrica de Armas da Coruña na súa actual situación. (Punto quinto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María del Mar Barcón Sánchez e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre o cumprimento do contrato vixente INI-Defensa, así como as obrigas asumidas por General Dynamics no de compravenda da Empresa Nacional Santa Bárbara e a continuidade desta e dos seus traballadores. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta propón unha ampliación dos tempos de intervención neste debate, dada a acumulación das iniciativas, e comunica que a ambas as dúas lles foi presentada unha emenda polo G. P. Popular de Galicia. (Páx. 25.)

Intervención dos autores: Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 25.) e Sra. Barcón Sánchez (S). (Páx. 28.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Negreira Souto (P). (Páx. 30.)

A señora presidenta recórdalles aos señores do público que non poden facer ningunha manifestación, e rógalles que abandonen o recinto. (Páx. 32.)

O señor Aymerich Cano (BNG) (Páx. 32.) e a señora Barcón Sánchez (S) (Páx. 33.)

A señora presidenta suspende a sesión, por uns minutos, por acordo dos grupos, co fin de transaccionar un texto conxunto. (Páx. 34.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor Aymerich Cano (BNG) le o texto transaccionado da proposición non de lei, segundo o acordo a que se chegou. (Páx. 34.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Castro García e tres deputados máis, sobre as actuacións do Goberno galego respecto da artesanía alimentaria de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta proposición non de lei lle foi presentada unha emenda conxunta polos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 34.)

Intervención do autor: Sr. Castro García (P). (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 36.) e Sra. Soneira Tajés (S). (Páx. 38.)

O señor Castro García (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 39.)

A señora presidenta propón suspender o pleno, por uns minutos, co fin de acadar un acordo. (Páx. 40.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora presidenta pídelle ao señor Castro García que diga se houbo algún acordo. (Páx. 40.)

O señor Castro García (P) explica o acordo ao que se chegou e solicita a votación por puntos. (Páx. 40.)

A señora presidenta aclara os termos da transacción. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Enrique César López Veiga e catro deputados máis, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto dos proxectos de instalación de parques eólicos no dominio público marítimo-terrestre. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta proposición non de lei lle foi presentada unha emenda conxunta polos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia. (Páx. 41.)

Intervención do autor: Sr. López Veiga (BNG). (Páx.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Lobeira Domínguez (BNG) (Páx. 43.) e Sr. Lage Tuñas (S). (Páx. 45.)

O señor López Veiga (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 46.)

A señora presidenta interrompe, por un momento, a sesión, co fin de chegar a unha transacción. (Páx. 47.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor López Veiga (P) le o texto transaccionado da proposición non de lei, segundo o acordo ao que se chegou. (Páx. 47.)

A señora presidenta anuncia que se vai iniciar o proceso de votación das proposicións non de lei, empezando pola presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos transaccionados. (Páx. 47.)

Votación do texto definitivo transaccionado da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, número 1027, nos termos resultantes do acordo ao que se chegou: *aprobado por unanimidade. (Páx. 48.)*

Votación do texto definitivo transaccionado das proposicións non de lei dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, números 854 e 1184, nos termos resultantes do acordo ao que se chegou: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 48.)*

Votación conxunta dos puntos 1 e 3 da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia número 989 (substituídos polos puntos 1 e 2 da emenda dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego): *aprobados por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 48)*

Votación do punto 2 da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia número 989: *rexeitado por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 48)*

Votación do texto definitivo transaccionado da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, número 1116, nos termos resultantes do acordo ao que se chegou: *aprobado por unanimidade.*

Interpelación de D. Manuel Santos Ruíz Rivas, do G. P. Popular de Galicia, sobre as obras de ampliación do porto de Ribeira. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ruíz Rivas (P).* (Páx. 49.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.* (Páx. 51.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 53.) e *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 54.)

Réplica do autor: *Sr. Ruíz Rivas (P).* (Páx. 56.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.* (Páx. 57.)

A señora presidenta anuncia que a sesión da tarde se retomará ás catro e media co plan de traballo que indica. (Páx. 58.)

Suspéndese a sesión ás dúas da tarde.

Retómase a sesión ás catro e corenta minutos da tarde.

Antes de entrar no debate dos puntos da orde do día previstos para a sesión da tarde, a señora presidenta informa do grave incidente de desorde pública ocorrido hoxe coa entrada dunha manifestación dentro do recinto do Parlamento e apela a que a liberdade de opinión e de expresión non sexa cercenada por ninguén nesta Cámara. (Páx. 58.)

Interpelación de D. Roberto Castro García, do G. P. Popular de Galicia, sobre a suspensión pola Consellería do Medio Rural de obras e melloras de infraestrutura rural xa adxudicadas polo anterior Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (P).* (Páx. 59.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural.* (Páx. 61.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 64.) e *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 66.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (P).* (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural*. (Páx. 70.)

Ao rematar esta interpelación, establécese un diálogo entre o señor Núñez Feijoo (P) e a señora presidenta en relación coas alusións que di o señor Núñez Feijoo de que foi obxecto. (Páx. 71.)

Pregunta de D. Carlos Fernando Blanco Parga, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as posibles repercusións da creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Industrial, con sede en Ferrol, na comarca de Ferrolterra. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Blanco Parga (BNG)*. (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Innovación e Industria*. (Páx. 72.)

Réplica do autor: *Sr. Blanco Parga (BNG)*. (Páx. 73.)

Pregunta de D. Alberto Núñez Feijoo e dous deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o criterio do Goberno galego respecto das posibles repercusións para os intereses galegos da eventual aprobación da actual redacción do título VI da proposta de reforma do Estatuto de Cataluña. (Punto oitavo da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que esta pregunta decae por ausencia do seu autor. (Páx. 73.)

Pregunta de D. Bieito Lobeira Domínguez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de creación dun dominio galego na Internet. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)*. (Páx. 73.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Innovación e Industria*. (Páx. 74.)

Réplica do autor: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)*. (Páx. 74.)

O señor conselleiro de Innovación e Industria renuncia a súa rolda de réplica. (Páx. 75.)

Pregunta de D. Roberto Castro García e D. José Manuel Baltar Blanco, do G. P. Popular de Galicia, sobre as declaracións realizadas polo secretario xeral de Relacións Institucionais respecto da valoración política que fai outro partido político no ámbito das Cortes Xerais. (Punto oitavo da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que esta pregunta decae por ausencia dos seus autores. (Páx. 75.)

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o anuncio da revisión do Plan de parques de tecnoloxía alimentaria. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 75.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos*. (Páx. 76.)

Réplica do autor: *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 76.)

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer o acceso da mocidade a unha vivenda propia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Solo*. (Páx. 77.)

Réplica do autor: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Solo*. (Páx. 78.)

Pregunta de D.^a Beatriz Mato Otero e D. José Manuel Balseiro Orol, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a modernización e mellora da competitividade da frota de baixura. (Punto oitavo da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que esta pregunta decae por ausencia dos seus autores. (Páx. 79.)

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posibilidade de cobro de novas indemnizacións por parte dos afectados pola marea negra do petroleiro Prestige. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos*. (Páx. 80.)

Réplica do autor: *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 80.)

Pregunta de D.^a Manuela López Besteiro e dous deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da potenciación da función da titoría na ESO para establecer unha terceira hora de atención ao alumnado remunerada. (Punto oitavo da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que esta pregunta decae por ausencia dos seus autores. (Páx. 81.)

Pregunta de D. Xosé Ramón Paz Antón, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as iniciativas levadas a cabo pola Consellería de Cultura e Deportes en apoio da candidatura “As tradicións orais galego-portuguesas” para a súa declaración de obra mestra da humanidade pola Unesco. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Paz Antón (BNG)*. (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Cultura e Deporte*. (Páx. 81.)

Réplica do autor: *Sr. Paz Antón (BNG)*. (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Cultura e Deporte*. (Páx. 82.)

Antes de rematar a sesión, a señora presidenta recorda a súa proposta de convocatoria da Xunta de Portavoces para tratar o grave incidente producido hoxe de vulneración do recinto do Parlamento; agarda que actos desta natureza non se volvan producir; anuncia que velará en todo momento polas liberdades de todos os cidadáns e dos seus lexítimos representantes e suspende a sesión. (Páx. 82)

Remata a sesión ás seis e trinta minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, retómase a sesión co punto sete da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar a repetición de catástrofes como a do *Prestige*.

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra don Carlos Aymerich Cano para formular a pregunta.

O señor AYMERICH CANO: Si, moitas grazas, señora presidenta, señorías.

Señor presidente, o pasado 13 de novembro, o día da dignidade, máis de 10.000 galegos e galegas volveron saír ás rúas de Compostela para lembrar que, tres anos despois da catástrofe do *Prestige*, as nosas costas seguen desprotexidas, os ecosistemas litorais e mariños distan de estar recuperados e os traballadores afectados seguen sen percibir as indemnizacións prometidas. Tres anos despois, señorías, segue sendo preciso dicir “nunca máis”, porque, se cada sete anos desde 1971 se produce unha catástrofe marítima fronte ás costas galegas, só nos quedan catro para tomar medidas que de verdade poidan previr estes accidentes e, se é o caso, remedialos dun xeito eficaz.

Vaíamos por partes. Cada ano, máis de 13.000 barcos con mercadorías perigosas pasan fronte ás nosas costas. É certo que agora pasan polo corredor de Fisterra máis afastados, a 42,4 millas. Pero ¿de que serve afastar os buques se seguimos sen control vía satélite sobre este corredor, se o radar segue a ter zonas sen cobertura e nin sequera temos un avión para o recoñecemento aéreo?

Non se adoptou, señor presidente, ningunha medida relevante no ámbito estatal nin internacional fronte aos pavillóns de conveniencia e os buques subestándar. Na terminal de Repsol da Coruña, como en tempos de Álvarez Cascos, seguen descargando petroleiros subestándar; iso si, as fins de semana, baixo a fórmula de autodespacho. O resultado é que, desde ese malfadado 13 de novembro de 2002, se rexistraron fronte ás nosas costas 250 casos de “sentinazos”,

afundimentos e colisións. Os máis graves, os do *Baía e Sempre Casina*, puxeron dramaticamente ao descuberto as graves carencias dos dispositivos de salvamento marítimo, que dependen da Administración do Estado.

O Goberno español aprobou un real decreto, o Real decreto 276, do 12 de marzo de 2005, para indemnizar os afectados. Iso foi o que se nos dixo. Na realidade, como denuncian todos os sindicatos e todas as confrarías, os traballadores por conta allea están excluídos. E este real decreto está dotado coa pírrica cantidade de 3 millóns de euros; e non só para Galiza, senón para todo o litoral galego e cantábrico. De acordo co Consello Económico e Social de Galiza, só na nosa nación os danos ascenden a máis de 74 millóns de euros. A última é que o Ministerio de Agricultura e Pesca estatal solicita dos afectados, dos poucos afectados que se benefician destas axudas, que renuncien a elas para dedicar eses tres millóns de euros a un plano de recuperación das zonas afectadas. Así as cousas, tres anos despois só cabe salientar unha nova positiva: a apertura de negociacións entre o Goberno español e a vicepresidencia da Xunta de Galicia para...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas...

O señor AYMERICH CANO:... transferir as competencias que o Estado non exerce.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Si, con moito gusto, señoría, dareille conta ao señor deputado da información da que dispoño, e que me gusta trasladar á Cámara, en relación co tema que lle preocupa e nos preocupa, indubidablemente.

En relación coas medidas de seguridade marítima, tomáronse as seguintes disposicións:

A primeira, o dispositivo de separación do tráfico marítimo de Fisterra. Consiste –como ben sabe a súa señoría– na creación de catro carrís de circulación, dous en dirección norte e dous en dirección sur, para buques con mercancías convencionais e perigosas. Entrou en funcionamento o 1 de xuño de 2004.

A declaración pola Unión Europea de zona marítima especialmente sensible da costa atlántica europea. Esta zona inclúe as augas da cornixa cantábrica e atlántica peninsular. Ten como medida adicional a protección cun sistema de notificación obrigatoria para buques que transportan hidrocarburos pesados e cargas perigosas, e require tamén a carga de combustible con antelación. Entrou en vigor o 1 de xullo de 2005.

En terceiro lugar, a aceleración da retirada do servizo dos petroleiros monocasco, así como a prohibición de transporte de petroleiros monocasco. Estas medidas foron aprobadas pola OMI e pola Unión Europea. Entraron en vigor o 5 de abril do 2005.

En cuarto lugar, e non menos importante –creo que ten un alto valor preventivo–, o incremento dos límites de indemnización por danos debidos á contaminación por hidrocarburos no ámbito internacional. O Fidac ampliou o límite de indemnización, que estaba en 171 millóns iniciais, e estableceuno agora en 900 millóns de euros. Este protocolo entrou en vigor o 3 de marzo de 2005.

En relación coa prevención e coa capacidade de resposta operativa, tamén me gustaría trasladarlle ao señor deputado, á súa señoría, algunha información.

En primeiro lugar está a posta en marcha do Centro de Coordinación e Prevención na Loita contra a Contaminación Mariña, o CEPRECO, na cidade da Coruña –que vén sendo a primeira dirección xeral descentralizada do Goberno do Estado nesta materia–, dedicado á coordinación das medidas de loita contra a contaminación no ámbito de todo o Estado.

En segundo lugar, entrou en funcionamento o buque polivalente *Luz de Mar*, con base en Cee, cunha capacidade de tiro de 130 toneladas e de recollida de hidrocarburos de 1.500 metros cúbicos. Este buque será substituído o próximo ano por outro, actualmente en construción, cunha capacidade de tiro de 234 toneladas e de 1.750 metros cúbicos de recollida de hidrocarburos. Así mesmo, a tripulación do *Helimer Galicia* ten base en Galicia, cunha capacidade de resposta de 15 minutos. Anteriormente era de 45. E saben que a primeiros de 2006 un avión...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):... con base en Galicia estará á nosa disposición para a determinación da contaminación mariña.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Terei a oportunidade de darlle máis información a continuación.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Aymerich Cano na rolda de réplica.

O señor AYMERICH CANO: Si, grazas.

Señor presidente, vamos ver, desde logo, eu creo que os dous coincidimos na preocupación e os dous coincidimos tamén en constatar que estamos a falar de competencias que seguen a ser do Estado. Competencias que seguen sendo estatais e que a Administración do Estado non exerce coa firmeza, os cartos, e coa decisión que Galiza precisa. Por iso salientei unha nova positiva, que é que se abran negociacións para que as competencias que o Estado ten neste momento en materia de seguranza e salvamento marítimo, e que non exerce como debería exercer, pasen a ser de titularidade da Administración galega e que nós, desde logo, podemos exercelas, sen dúbida, con moita máis eficacia.

¡Home!, algúns comentarios: o dispositivo de afastamento do tránsito marítimo de Fisterra, efectivamente, é un avance, evítase esa colisión, esas abordaxes, entre buques que transportan mercadorías perigosas e buques pesqueiros. Non é o primeiro caso. O problema é: ¿de que serve afastar o tránsito de buques perigosos se non hai un control efectivo do corredor? Vimos reclamando todos un control vía radar que elimine as zonas de sombra que existen e un control satelitario que neste momento non existe.

“Zona especialmente sensíbel”, é un avance; pero, polo de agora, só desde o punto de vista declarativo. Esta notificación xa era obrigatoria. E por outro lado, igual que pasa coa retirada do servizo dos petroleiros monocasco, isto non evita que haxa petroleiros monocasco, petroleiros subestándar, de acordo co memorando de París, que seguen descargando o seu petróleo no porto da Coruña.

Sobre a cuestión da prevención, só un comentario: sobre o *Helimer Galiza*, sabe que é unha empresa que está privatizada e que non hai tripulación de refresco; polo tanto, son quince minutos se a tripulación está na base e non está na súa casa, a única...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich. Moitas grazas.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Si, señoría, entendo a preocupación, que non é só que a comparta senón que a asumo plenamente desde a responsabilidade que me ocupa na Presidencia do Goberno da Xunta de Galicia. Sabe a súa señoría que, efectivamente, queda moito por facer, moito por desenvolver, e que ese é o traballo de responsabilidade que temos que asumir e que asumimos como Goberno. Efectivamente, o Goberno da Xunta de Galicia acaba de tomar o acordo de iniciar as conversas e as negociacións —onte expoñíao o propio vicepresidente nunha comparecencia feita por petición propia— en relación, entre outros temas, coa transferencia a Galicia dos servizos de salvamento marítimo. Iso non evita que a Cámara coñeza —e creo que é bo que a cidadanía o coñeza— o conxunto de medidas e instrumentos que hoxe temos e que non tiñamos hai tres anos, cando sucedeu a catástrofe do *Prestige*. Creio que hai, sinceramente, máis recursos e máis medios de prevención, máis e mellores recursos de salvamento e seguridade marítima, máis e mellor capacidade de resposta operativa; e, sen dúbida, tamén desde o punto de vista da protección do ecosistema, desde o punto de vista da protección dos recursos naturais e da súa recuperación, están postas en marcha medidas importantes.

Saben que, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, está posto en marcha un novo plan de continxencias para toda Galicia que incluírá as actuacións nas distintas rías e que fixará os protocolos de actuación en caso de accidentes, coa finalidade de que estes protocolos de actuación e de resposta operativa sexan estendibles, claros e unívocos no conxunto das rías do noso país.

Saben tamén que está en marcha a elaboración dun novo convenio de colaboración e coordinación entre a Xunta e o Ministerio de Fomento en relación coa actuación dos medi-

os de salvamento marítimo e de loita contra a contaminación, que son competencia de Fomento e competencia da propia Xunta de Galicia. Este acordo debe fixar e mellorar os criterios de coordinación e actuación integral en caso de resposta diante dunha catástrofe. Sabe tamén que está en marcha a reforma integral do Servizo de Gardacostas de Galiza, cunha auditoría dos seus medios e recursos humanos, que permitirá —esperamos— deseñar unha mellor distribución destes para a súa maior operatividade.

No terreo da protección de recursos, nestes presupostos contéplanse máis de 7 millóns de euros destinados á aplicación dun plan de recuperación de pesqueiras en orde a mellorar a xestión dos recursos desde unha perspectiva de desenvolvemento sostible.

Desde o punto de vista da indemnización, sabe ou debe saber a súa señoría que o crédito inicial previsto no inicio do ano 2004, que era en principio de 75 millóns de euros, estaba practicamente esgotado. Isto levou á necesidade dun crédito adicional por valor de 249,5 millóns de euros para pagar as indemnizacións, que xa foi xestionado na súa totalidade, e á creación dun fondo adicional de reparación de danos de 3 millóns de euros —ese si, adicional— para os titulares das actividades de pesca, marisqueo e acuicultura.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Neste momento, a Xunta de Galicia, por outra parte, ten asinada a certificación de danos ao sector mexilloeiro, que permitirá, agora si, que o sector do mexillón poida cobrar as indemnizacións que, se non, non podería cobrar.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia de D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do señor presidente do Goberno galego respecto da situación actual de Galicia, tres anos despois da catástrofe do *Prestige*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra don Ismael Rego González para formular a pregunta.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta. Señorías.

Señor presidente da Xunta de Galicia, o accidente do petroleiro *Prestige*, máis tarde convertido nunha auténtica catástrofe de país, puxo ao descuberto na nosa terra, cando menos, dúas cuestións da máxima relevancia. A primeira delas, que non é só un problema de competencias, senón máis ben, desgraciadamente, un problema de incompetencias para converter aquel accidente nunha auténtica catástrofe de país. Puxo tamén de manifesto outra cuestión moi relevante, e da que todos deberíamos de aprender: o gran fracaso da privatización dos servizos de salvamento e de prevención marítima. Aí apuntouse tamén outro fracaso importante. Xa que, con independencia de quen tivese as competencias, quen tiña os medios era a iniciativa privada. Desgraciadamente non os tiña a propia Administración, e iso foi unha eiva certamente importante na xestión desa catástrofe.

Puxo tamén, señor presidente da Xunta de Galicia, en evidencia como un goberno non se debe manter no poder, como un presidente non debe manter o seu goberno, xa que na xestión daquela catástrofe había xente que podía estar traballando con boa intención para solucionar o tema do accidente, para que non se convertera nunha catástrofe, pero había outros señores que estaban pensando en como substituír a eses que traballaban para eles converterse en conselleiros daquel goberno. Polo tanto, estaban poñendo os intereses persoais e partidarios por diante dos intereses do país. Polo tanto, puxo de manifesto tamén como o mito do goberno eficaz, do goberno serio e do goberno rigoroso, que se vendía por aquel entón, era puramente mediático, e desgraciadamente non existía na realidade.

Pero puxo tamén, señor presidente, de manifesto a gran capacidade de reacción da sociedade galega, a gran capacidade de reacción dos cidadáns e cidadás do noso país, que souberon enfrontarse durante e despois da catástrofe para poñer medios, propios e alleos, para resolver un dos principais problemas que sufriu a nosa terra na súa historia.

Puxo de manifesto tamén a gran cantidade de valores que existen na sociedade; na sociedade galega, na sociedade española, na sociedade europea e na sociedade mundial. Señor presidente, aquí viñeron miles de voluntarios a trabal-

lar para axudarnos, e para axudarse tamén a si mesmos, para resolver esa catástrofe. Polo tanto, da catástrofe temos que sacar todos ensinanzas serias e rigorosas.

Pero é certo que pasaron tres anos, e nestes tres anos que pasaron temos a sensación de que os galegos tamén souberon responder a sectores que estaban afectados e quedaron grandemente afectados. Sectores económicos, sectores importantes para o crecemento económico da nosa autonomía e sobre os que tamén debemos poñer atención. Polo tanto, o que lle preguntamos, señor presidente, despois de tres anos de sufrir a catástrofe do *Prestige*, é en que situación cre vostede, desde a Presidencia da Xunta de Galicia, que se atopa o noso país tanto a nivel económico como para responder a outra serie de eventos que se poidan producir.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rego.

O señor REGO GONZÁLEZ: Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Para responder ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Si, señoría, grazas.

Tres anos despois da catástrofe do *Prestige*, efectivamente, cómpre facer unha avaliación da valoración. Desde a Xunta de Galicia, desde o Goberno, creo que o fundamental é trasladar o compromiso pleno do Goberno da Xunta de Galicia reflectindo o sentir da sociedade, da cidadanía galega, que foi quen de ser protagonista hai agora tres anos, nunha capacidade inmensa de dignidade, de coraxe, de mobilización, de defensa do mellor e do valor máis prezado que ten a nosa sociedade: os nosos recursos, o noso porvir, as nosas costas, o exercicio da solidariedade a través do voluntariado.

Desde o recoñecemento, desde o sentimento que creo que comparte —e aspiro a que o comparta plenamente— toda a Cámara, porque é o sentir da sociedade galega, hoxe creo que o que corresponde é que, desde o Goberno, reafirmemos, señorías, señoría, un compromiso permanente de loita unida para conseguir que no escenario internacional, no escenario do ámbito internacional onde se xogan fundamentalmente as claves da seguridade marítima e dos tráfi-

cos marítimos, no escenario do compromiso do Goberno de España, que ten no seu ámbito actual de responsabilidade de importantísimas competencias nesta materia, e no escenario que é propio do ámbito deste Parlamento e do Executivo que presido, se traballe nunha dirección positiva, ollando cara ao futuro e facendo verdade aquel fermoso lema de Nunca Máis. Creo que esta é a tarefa á que estamos convocados.

E quero dicir tamén –e aproveito a segunda pregunta para salientalo– que nestes tres anos se ten avanzado. Creo que non é correcto transmitir o criterio de que todo está igual e de que queda todo por facer. Queda moito por facer, ese é o compromiso que asumo e asumimos. Desde o recoñecemento dese exercicio cidadán permanente de mobilización e de valores cívicos queda moito por facer, pero o camiño percorrido xa é importante.

No terreo da seguridade marítima e da prevención, como acabo de subliñar, existe un dispositivo importante que hai que mellorar e que está en disposición de ser mellorado. Igualmente, coa sinalización dunha zona sensible ou co incremento da indemnización ata ese límite de 900 millóns de euros, que é a mellor medida de prevención á hora de disuadir aos que transportan mercancías perigosas e incumpren a normativa. Tamén no terreo dos recursos mariños e do coitado do seu sustentamento, e no terreo da indemnización e o diálogo permanente cos sectores da actividade.

Acabo de dicir –e quero concluír con iso– que a Xunta de Galicia vén de facer algo que ata agora non puideramos facer desde Galicia, que é certificar e tomar o acordo de certificar os danos do sector do mexillón, de tal maneira que agora os que quedaban poidan cobrar as indemnizacións e poidamos pechar o círculo indemnizatorio despois da catástrofe.

Pero a mensaxe que quero transmitir é unha mensaxe de compromiso activo, pleno e decidido a favor de Nunca Máis.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Para a súa rolda de réplica ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señora presidenta, moitas grazas.

Nós valoramos moi positivamente a vocación do Goberno de mirar cara ao futuro. Non está ben que esquezamos o pasado, para que non se repita, sobre todo aquilo que non foi todo o bo que debería de ser; pero é moi positivo, e nós valorámolo especialmente, que se mire cara ao futuro e que se tente aproveitar todos os recursos que hai na sociedade galega –que son moitísimos e o demostraron coa súa capacidade de resposta– por parte do Goberno. Fai falta que o Goberno lidere todos eses recursos e que os poña en valor e en función dos intereses xerais do noso país.

Nesa cuestión imos estar os socialistas galegos apoiando o Goberno con absoluta claridade e con absoluta contundencia, señor presidente, e esperemos que non volva ocorrer unha catástrofe destas características. Pero, se volvera ocorrer, sen dúbida ningunha o que lle pediríamos a vostede é que liderara a gran capacidade que demostrou a sociedade galega para responder con claridade e con eficacia, sen esconder os problemas, e tratara os cidadáns como o que son: cidadáns que teñen amplas capacidades de resposta.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Para a súa rolda de peche ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Para concluír, tan só reafirmar a vontade decidida do Goberno da Xunta de Galicia, e do seu propio presidente, de estar á altura das circunstancias, o que quere dicir dialogar permanentemente cos sectores afectados e pór en marcha todas as medidas que quedan pendentes.

Veño de anunciar os plans de actuación en materia de continxencia e de coordinación operativa, a reforma integral do servizo de gardacostas, a posta en marcha da propia negociación de transferencia de competencias en materia de salvamento e de seguridade marítima, en definitiva, todas as medidas que convén impulsar para garantir, dentro do posible, a mellor capacidade de resposta diante dunha nova catástrofe para salvagardar os nosos recursos.

Sen dúbida —e conclúo— no é o menor a actitude política dun goberno. Creo que despois da catástrofe, despois do que temos aprendido en Galicia neste período posterior ao *Prestige* e aos anos acumulados anteriores, non teñan dúbida de que o Goberno que presido estará en condicións de responder dando a cara, estando cerca e dirixindo, liderando e asumindo plenamente a responsabilidade nunha situación dese tipo.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

Pasamos agora á seguinte pregunta.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Fraga Iribarne, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Sr. presidente do Goberno galego respecto da decisión dos órganos representativos dos concellos de recorrer ante o Tribunal Constitucional contra as reformas dos estatutos de autonomía que afecten ás competencias dos entes locais

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fraga Iribarne.

O señor FRAGA IRIBARNE: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, señor presidente, a miña pregunta penso que non está inxustificada, posto que o último mes de novembro se reuniu, presidido polo señor alcalde da Coruña —que supoño que o coñece o señor presidente da Xunta— e acompañado polo presidente da Fegamp, que é o alcalde de Lalín —ese é noso—, o Consello Interterritorial da FEMP, e os seus representantes coincidiron en que a reforma dos estatutos podía ser un perigo para principios constitucionais como o da autonomía municipal, e anunciaron que presentarían, se é o caso, o correspondente recurso ante o Tribunal Constitucional.

Teño que dicir que neste momento están en consideración xa dous proxectos de estatuto. O valenciano, que trata en catro artigos de temas municipais, e feito —sen participación, porque alí non o hai, de ningún partido nacionalista— por unha coalición entre o Partido Socialista e o partido que

goberna, que é o noso, trata o tema dentro da Constitución. En cambio, nos dez artigos correspondentes do Estatuto catalán suprimense as provincias dun plumazo, substitúense polas veguerías e as comarcas, e desaparecen as deputacións provinciais. Evidentemente, este é un tema absolutamente serio e fundamental.

Teño que dicir que, infelizmente, algo parecido está a pasar entre nós. Xa no tripartito —por algo chegamos nós a tempo de evitalo— se quixo facer practicamente a supresión das deputacións, e neste momento acabamos de asistir aquí a unha polémica, e sinto, señora presidenta, ter que dicir que nós tivemos que opoñernos a que compareceran aquí, porque o xogo establecido pola Constitución é un xogo das autonomías en cadea, perfectamente coordinadas, e que, desgraciadamente, pode existir un perigo se seguimos a tentación establecida xa no Estatuto catalán.

Polo tanto, teño que dicir que esta pregunta é fundamental, señor presidente. ¿Como valora esta cuestión da reacción dos concellos e das súas organizacións oficiais, a FEMP e a Fegamp, en relación coas súas facultades e o seu respecto na reforma dos estatutos? E teño que engadir que, como neste momento se nos invita sistematicamente a participar na elaboración do novo proxecto de estatuto sen condicións, nós poñemos unha soa, que sexa claramente constitucional, e que quede claro que, sen interpretacións, imos facelo así. Do contrario, nós non poderemos participar.

Moitas grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fraga Iribarne.

Ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia para responder a pregunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Si, señorías. Señora presidenta.

Permítame que empece, señor Fraga, desexándolle o mellor aniversario. Que teña un bo día, que cumpra moitos anos máis e que nos poidamos ver honrados sempre coa súa contribución, como hoxe nos honra, unha vez máis, cunha nova pregunta sobre a reforma do estatuto, nesta sesión de control.

A verdade é que, señor Fraga, vostede empezaba mencionando a experiencia valenciana, a experiencia catalá, e, por certo, podía concluír algo interesante. É unha pena, espero que poida concluír en breve algo interesante desa propia reflexión que vostede ofrece. Porque da experiencia valenciana, por acordo das Cortes Valencianas, como debe ser, nas que hai unha parte substancial de acordo entre o Partido Socialista e a forza que alí é maioritaria e que preside o Goberno, o Partido Popular, sae un estatuto que a vostede lle gusta. Enténdoo.

O mapa político catalán é diferente. E claro, é diferente porque o votaron como diferente os cidadáns de Cataluña. Ás veces parece que o Parlamento de Cataluña e o proxecto de Estatuto de Cataluña é deostado de raíz non tanto polo seu contido como incluso pola súa propia orixe, sen entender ou querer asumir democraticamente ou sacar todas as consecuencias de que ese estatuto vén cun apoio do 90% do Parlamento de Cataluña, polo tanto da súa inmensa maioría, e que o que fai é reflectir un concreto mapa político do Parlamento de Cataluña, un mapa político democrático.

Galicia ten unha conformación parlamentaria que non é a valenciana nin tampouco é a catalá. Polo tanto, vostede ten a oportunidade plena de buscar un espazo de diálogo e de acordo para facer factible, viable e real que poidamos ter ese estatuto que desexamos, e que, desde logo, lle garanto que ten claro a maioría que sustenta a acción do Goberno que presido. Un estatuto que sirva a Galicia, un estatuto que permita de verdade avanzar a Galicia desde o diálogo, desde o acordo, e desde o respecto ao pacto constitucional.

Esta é a mellor resposta que lle podo dar e que vostede incluso me brinda coa súa primeira reflexión. Invíto, unha vez máis, a que continúe a reflexión e a que, polo tanto, dea o paso de asumir a responsabilidade de que entre todos poidamos abordar unha reforma estatutaria que teña a tranquilidade e a confianza, porque os entes locais están amparados e recollidos, son constitucionais, están recollidos na Constitución, e ningunha reforma estatutaria os vai poñer en cuestión nin os vai prexudicar nin os vai diminuír. Outra cousa é que entre todos poidamos acordar unha mellora, unha mellor reorganización, pero no espírito, no marco e nas regras de xogo do propio pacto constitucional. É a mellor garantía que lle podo dar, señor Fraga. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

Para a súa rolda de réplica ten a palabra o señor Fraga Iribarne.

O señor FRAGA IRIBARNE: Comezo, naturalmente, por agradecer a amable felicitación do meu ilustre sucesor, pero, en definitiva, aos meus anos síntome especialmente responsable do que fago hoxe, non sabemos o que dirá o mañá.

O que si lle quero dicir é que infelizmente, sexa no acordo firmado despois de feita a elección entre os dous partidos ou nas afirmacións constantes que escoitamos do goberno paralelo do Bloque, máis parece que hai un proxecto no que xa se producen algúns destes fenómenos, que estamos na vía do Estatuto catalán, o cal, como os demais, ten que estar suxeito á Constitución. Non vale dicir que alí o votaron, porque, efectivamente, se desde este momento non queda claro que as reformas á Constitución, que deberon facerse antes da reforma dos estatutos, este é un erro, evidentemente, dun goberno que depende demasiado de certos grupos minoritarios como Esquerra Republicana, do señor Carod Rovira, aquel señor que foi a Perpignan a falar con ETA e a dicirlle que non mataran en Cataluña porque eles non eran españois. Evidentemente, non estamos falando de fantasmas, estamos falando de temas reais neste momento.

E, polo tanto, señor presidente, quero dicir –hai pouco tempo tivemos un tema parecido aquí coas deputacións provinciais– que o nacionalismo, cando mira a Madrid, di: “Coidado, menos poderes” Cando mira, en cambio, a Galicia ou a Cataluña, di: “Aquí non ten nada que facer a Constitución Española”. Iso, evidentemente, non é o que eu estou plantexando, e pido sinxelamente que me responda se lle preocupa ou non lle preocupa este problema dos estatutos en relación coa Constitución. Esa é a pregunta que eu lle fixen. E a min preocúpame profundamente, [...] cos meus 83 anos, dos cales máis de 50 son de servizo público en todas as formas, e do cal teño a conciencia bastante tranquila, se non dixera o que lle acabo de dicir.

Moitas grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fraga Iribarne.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Señor Fraga, eu non quixera facer con vostede, e menos hoxe, neste día especial, un debate agre, nin entrar no terreo do corpo a corpo, porque, sinceramente, creo que non ten ningún sentido. Pero permítame que lle diga, desde a lealdade e o respecto que en todo caso me merece, que esta defensa constante, este intento de patrimonializar a Constitución e a defensa dos valores cívicos que a Constitución representa —que parece que só a dereita, e en particular vostede, tivera dereito a facer, cuestionando permanentemente a dos demais— eu pódoa entender, e non a vou criticar, simplemente lle direi que eu nacín defendendo a Constitución e a vida política, e que probablemente cando vostede tiña dúbidas —e tívoas materialmente, igual que o grupo político que lideraba— co título VIII da Constitución, outros estabamos na rúa, pelexando contra a ditadura, pola liberdade, pola democracia e polo noso Estatuto de autonomía... *(Aplausos.)* E este partido e este Goberno que presido ten unha implicación total e plena, democrática, razoable, para poñer en marcha unha reforma que quere e aspira a beneficiar os galegos e as galegas, e, polo tanto, á mellor defensa dos intereses de Galicia. Este é o sentido da proposta de reforma que facemos.

Vostede mostra nesta ocasión, igual que utilizou hai uns días, de repente, un afán municipalista e unha defensa das entidades locais. Pero que lle diga isto tamén ao Goberno que presido, que acaba de poñer en marcha —e onte acaba de celebrarse unha xuntanza que leo nos titulares dos medios de comunicación e obviamente coñezo polo documento que lle acabamos de entregar á Fegamp— a posibilidade certa e real dun pacto local —por fin en Galicia, señor Fraga—, que acabamos de poñer 6 millóns de euros para dotar o Fondo de Cooperación Local de acordo coas peticións da Fegamp, que vostede faga agora bandeira das entidades locais cando tiveron dezaseis anos para facer bandeira delas e en cambio utilizaron de forma discrecional, absolutamente partidaria, sesgada, oculta e falta de transparencia, os fondos públicos, os presupostos de cada ano da Comunidade Autónoma, para regar fondos entre os concellos da súa cor política —como lle recordaba ano tras ano non só a oposición, que tamén, senón o propio Consello de Contas—, creo que é unha escusa de curto percorrido, de curto alcance.

Eu convócoo unha vez máis, señor Fraga, a dar un paso adiante dentro do marco constitucional, desde o

respecto á Constitución, e a que dentro dese marco nos poñamos en marcha buscando o diálogo, buscando o acordo e o mellor para Galicia, que non pode quedar varada, paralizada, a pesar de vostedes e do propio Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

Pasamos ao punto quinto da orde do día, de proposicións non de lei.

Como xa lle comuniquéi á Cámara ao inicio da sesión plenaria, a primeira proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Socialista, foi retirada por solicitude deste propio grupo, polo tanto, non se vai debater. Pasamos, pois, á segunda proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Fernando Blanco Parga, sobre a actuación do Goberno galego para a modificación da proposta do Goberno central para Galicia na negociación do Plan da minería 2006-2012

A señora PRESIDENTA: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, documento 1275, e do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, documento 1310.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación

Modificación do texto resolutivo. Onde di “Dirixirse ao Goberno Central, nomeadamente ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para que modifique a proposta do Plano da minería 2006-2012...”, debe dicir: “Dirixirse ao Goberno Central, nomeadamente ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para que, no marco da negociación que se está levando a cabo, se modifique a proposta do Plano da Minería 2006-2012...”.)

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do seu deputado Ángel Bernardo Tahoces, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva, co seguinte texto:

2º) “Instar o Goberno do Estado a que na negociación deste novo Plano da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das comarcas mineiras teñan unha participación activa os representantes das Comunidades Autónomas e Municipios afectados.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o dilixente deputado, que xa está na tribuna de oradores, don Carlos Fernando Blanco Parga, do Bloque Nacionalista Galego.

Ten vostede a palabra.

O señor BLANCO PARGA: Grazas polo de dilixente, porque ser dilixente sempre é bo, señora presidenta. Bos días.

Bos días, señoras deputadas e señores deputados. No noso país, Galiza, como en tantas outras cousas, o que abunda non se considera.

Galiza nunca foi considerada externamente como un país que tivese minería de carbón e, sen embargo, con datos que xa veño repetindo –incluso onte mesmo– durante anos, Galiza explotou 18 millóns de toneladas de carbón, de lignito pardo galego, e aínda no día de hoxe Galiza extrae 9 millóns de toneladas anuais, unha cantidade semellante á que se extrae de carbón no resto do Estado. Sen embargo, por este produto, esta materia prima galega, nunca foi considerada como unha conca mineira.

No ano 1997 negóciase un plano para a minería do carbón, plano 1998-2005, de oito anos, que basicamente é unha proposta do Goberno do Estado para reducir a produción de carbón, altamente deficitaria, e reducir os cadros de persoal das empresas mineiras, e leva parello un plan de reactivación

das comarcas mineiras. Curiosamente, das sete comunidades do Estado español que teñen carbón, Galiza foi a única que tivo que entrar neste plano por unha proposición non de lei das Cortes do Estado. As outras seis restantes entraron de facto, e Galiza quedaba, unha vez máis, marxinada.

O motivo da marxinación é porque o carbón galego, os lignitos pardos, non se consideraban carbóns CECA, que é a orixe do Tratado da Unión Europea do ano 1951. É simplemente unha diferenza de características técnicas, que non ten máis valor, e a diferenza real é que os lignitos pardos galegos, á contra do que pasa co carbón do resto do Estado, nunca recibiu subvención para a súa explotación porque era altamente rendíbel, esa era a única diferenza. Ademais, era dificilmente xustificábel que unhas concas mineiras que tiñan previsto o seu peche –de feito a extracción de carbón vai rematar o 31 de decembro do 2007– non recibiran axudas para a reactivación das comarcas mineiras, que era un dos piares fundamentais do Plano 1998-2005.

Este plano, ademais de prexubilacións para os traballadores do sector da minería con 52 anos menos o coeficiente reductor, leva tres actuacións fundamentais. Unha actuación en infraestruturas que estaba dotada con 2.400 millóns de euros –catrocentos mil millóns de pesetas–, outra para axuda de implantación de empresas con 480 millóns de euros, e outra para formación e bolsas, con 240 millóns de euros.

Ante a dúbida de como se repartían estes fondos entre as sete comunidades con carbón, o BNG presentou no seu día, nas Cortes do Estado, unha pregunta que foi respondida por escrito polo Goberno, na cal dicía que o parámetro do reparto ía ser o emprego directamente perdido nas explotacións mineiras. Pois ben, no conxunto do Estado, no período 1998-2005, incluso corrixindo a exposición de motivos que fago na presentación desta proposición non de lei, na que dou datos do 2004, xa indo aos datos pechados do 2005, pérdense 16.018 empregos, e na Galiza, 1.468, o 9% do conxunto do Estado.

Vexamos que pasou cos fondos. Os fondos de formación –no seu reparto non vou entrar– repártense desde a Administración central, aínda que nós consideramos que debían ser remitidos á Xunta de Galiza, porque a formación debe estar transmitida á Xunta de Galiza. Nos investimentos empresariais, nas axudas para asentar empresas, dese 9%

que lle correspondía a Galicia, recibimos o 8% –37 millóns de euros–, e aquí tampouco está o problema, porque isto, realmente, dependía de que houbera emprendedores que quixeran instalarse nas comarcas mineiras, en Cedreda e nas Pontes, e o reparto a nós non nos parece agravante. Agora si, en infraestruturas, do 9% que lle correspondía a Galiza, recibimos o 2,5%. Se tiñamos que recibir 216 millóns de euros –36.000 millóns de pesetas–, recibimos 60 millóns de euros –9.900 millóns de pesetas–. Galiza perdeu, no capítulo de infraestruturas, 156 millóns de euros –25.900 millóns de pesetas–. Perdemos 25.900 millóns de pesetas.

Pero o fondo gastouse, e iso quere dicir que o que non veu para Galiza foi para outras comunidades. E, efectivamente, non vou dar nomes, por non entrar en ofensas territoriais, pero outras comunidades, cunha perda de emprego do 6% –lembramos que en Galiza foi do 9%–, recibiron máis de 200 millóns de euros. En Galiza, 60. Pero outra comunidade que só tivo unha redución do emprego do 1%, de 181 postos de traballo –en Galiza foron 1.468–, recibiu case igual ca Galiza. Nós perdemos 1.468 postos de traballo, outra 181, e recibe practicamente os mesmos fondos ca Galiza.

¿Que pasou aquí? ¿Non había infraestruturas? ¿Non se demandaron infraestruturas? ¡Falso! No propio plano que se asina o 15 de xullo de 2007 vai unha relación de infraestruturas nunca acometidas. Ferrocarril Ferrol-As Pontes, inexistente. Autovía Ferrol-As Pontes, de momento remata en Cabreiros. Pero do que está feito do Plano da minería só se pagou o desdoblamento do corredor Ferrol-Catabois-San Sadurniño, o resto pagouse con Fondos de Compensación Interterritorial, fondos da Xunta de Galiza que podían ir destinados a outros sitios.

Aquí antes falábase de infraestruturas, falábase de 300 millóns de euros, e neste capítulo hai 156 millóns de euros –25.900 millóns de pesetas– que Galiza non recibiu dun plano que remata o 31 de decembro deste ano. E ademais non é que afecte en si aos concellos exclusivamente mineiros de Cerceda-As Pontes, é que afecta ás comarcas. Unha obra acometida pola minería, para poñer un exemplo, como é o acceso autoestrada Ordes-Ordes autoestrada, que non está nun concello mineiro –Ordes non é mineiro, é Cerceda–, fíxose con cartos da minería. Axuda a todas esas comarcas, non exclusivamente aos concellos mineiros.

E, ¿que fixeron noutros territorios, que recibiron parte dos cartos que viñan ou que debían vir para nós? No capítulo de infraestruturas, á parte de estradas, autovías mineiras, depuración de augas, que é algo fundamental nos asentamentos industriais –¡cantos parques empresariais temos sen depuración de augas, á parte do tema doméstico!, ¡canta falta de depuración de auga temos!–, fixeron actuacións singulares. Un campus universitario en Mieres, outro campus en Ponferrada, pagado pola minería. No Alto Guadiato, en Córdoba, un hospital pagado pola minería, conveniado co Servizo Andaluz de Saúde e xestionado despois polo Servizo Andaluz de Saúde, pero pagado pola minería. ¿É que nós non temos demandas para os nosos territorios? Esa é unha realidade do que se fixo con eses fondos no período 1998-2005. Son obras que existen. E nós temos obras solicitadas que nunca se fixeron. Mesmo a electrificación dalgún parque empresarial, nalgún dos concellos mineiros galegos, non se quixo acometer. Un elemento fundamental para crear industria, como é electrificar.

Agora, cando remata este plano, estase negociando o seguinte plano, o 2006-2012. Curiosamente, na proposta inicial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo sae un parágrafo –ou saía– que facía referencia exclusiva a Galiza. Desta vez non nos discriminan na entrada, pero meten un parágrafo que efectivamente nos afecta. E viña dicir o parágrafo, máis ou menos textualmente, que as axudas para os custos sociais, para prexubilacións e para a reactivación das comarcas mineiras, infraestruturas, axudas a empresas e formación, manteranse para Galicia namentres dure a explotación das minas galegas, sen definir o que é a explotación de mina galega, sabendo que a extracción de carbón remata o 31 de decembro de 2007, máis o peche técnico de mina, porque, sendo labores mineiros, pode durar moito máis. Semella, desde que se presentou esta proposición non de lei, o 20 de outubro –houbo mobilizacións mineiras no Estado e modificacións desa proposta–, que se corrixe.

En calquera caso, mantemos a demanda porque temos experiencia. No anterior plano tivemos que entrar por unha decisión das Cortes do Estado, e aínda entrando sen discriminación, despois discriminásenos, e penalizásenos de facto no reparto dos fondos. Agora, pódese corrixir iso. A nós séguenos preocupando se na aplicación real do plano se nos vai volver discriminar, como pasou, porque aínda queda por responder –que no se respondeu–, e ninguén dixo por

que neste plano, que remata o 31 de decembro, a nosa nación, Galiza, deixou de percibir 156 millóns de euros, 25.900 millóns de pesetas, para infraestruturas. Por iso mantemos a proposición non de lei, porque o obxecto é que non nos pase no seguinte plano o que acaba de pasar con este plano, que ninguén acaba de aclaralo. E eses cartos, eses 25.900 millóns de pesetas para infraestruturas, gastáronse, pero gastáronse noutros territorios. Xa digo, nós perdemos o 9% do emprego do Estado, e outra comunidade –non vou dicir o nome–, co 1%, con 181 postos perdidos, percibiu case igual ca nós, que perdemos 1.468. Son 25.900 millóns de pesetas. Cando aquí se fala de orzamentos e de obras... Aquí había cartos, pero habería que solicitalos, porque eran nosos.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor deputado.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Para fixar a posición, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, o principio de acordo para o desenvolvemento do novo Plano 2006-2012 da minería do carbón, ao que se refire a proposición non de lei presentada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, foi xa firmado o día 7 deste mes entre o ministerio e os sindicatos, coa firme vontade, expresada por todas as partes, de que sexa posible a súa entrada en vigor o día 1 de xaneiro do 2006. Certamente, como ben dicía o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, a problemática da reconversión do sector do carbón en España, polo tanto tamén en Galicia, é un tema vello. Trátase dun sector sometido a unha forte presión de reconversión, basicamente porque deixou de ser competitivo no mercado mundial e sobre todo porque a aparición de novos subministradores con custos de explotación moi baixos fan que esta perda de competitividade continúe a medrar.

Polo tanto, esta reconversión era absolutamente necesaria, e o plantexamento de programas ou plans de axuda ou de minimización dos custos sociais e económicos desta reconversión parecía unha necesidade política indubidable. Esta é

a razón pola que se plantexa o Plan de reconversión do ano 1997-2005, e desde logo aquí recóllense unha serie de cuestións vinculadas ás peculiaridades económicas da minería, neste caso do carbón, como é o tema das prexubilacións ou o da perda de emprego vinculada a elas en razón da baixa idade media a que se accede ás prexubilacións no sector da minería.

Por suposto, faise necesaria de forma estrutural esta política de subvencións en Galicia, en España e en toda a Unión Europea en termos xerais; é dicir, en realidade neste momento poucas explotacións carboníferas da Unión Europea son xa rendibles economicamente; competitivas, digamos, no mercado mundial. No caso da minería de carbón en Galicia, hai outros elementos engadidos: un é a baixa calidade relativa deses lignitos pardos, potencial contaminante que fai que a adecuación aos plans de axuste vinculados á emisión de gases de efecto invernadoiro acelere esas necesidades económicas do proceso de reconversión. Certamente, os lignitos pardos non estaban inicialmente incluídos nos plans da minería, nos plans da reconversión mineira, porque estes –en realidade influenciado isto realmente pola propia visión da Unión Europea do que é a minería do carbón, do carbón subterráneo– non aparecían considerados. En todo caso, a inclusión das Pontes e de Cerceda, dos dous municipios mineiros de Galicia, neste plan de reactivación das comarcas mineiras españolas foi negociado polo Ministerio de Industria cos sindicatos UXT, Comisións Obreiras e a patronal Carbounión; e supuxo, ademais, evitar o traslado masivo de cadros de persoal ou os despedimentos, e a incorporación a Endesa de máis dun centenar de traballadores de empresas auxiliares que pasarían a unha situación de desemprego ao diminuír a actividade extractiva, que se acolleron tamén ás axudas deste plan.

No momento actual, en que xa se esgota o plan que remata no ano 2005, firmou a súa prórroga, e a posición das concas das Pontes e Cerceda mantíñase prevista no novo plan, xa que a produción mineira de lignitos pardos se ía manter tamén durante os anos 2006 e 2007, ata o 31 de decembro.

Efectivamente, como aparece na propia proposición non de lei, a primeira versión dese novo plano recollía unha situación de excepcionalidade, por dicilo dalgunha maneira, para as minas galegas, porque eran as únicas que tiñan data

concreta de finalización da explotación. É certo que o remate da extracción física de carbón non significa o final da explotación mineira, hai toda unha serie de traballos posteriores vinculados ao arranxamento da propia mina, á propia minimización do impacto ambiental da explotación, etc., e, polo tanto, isto podía ou podería supoñer dous anos máis de traballo. Ese era o cálculo que aparecía normalmente nos distintos traballos. Plantexábase, polo tanto, a posibilidade de que as axudas duraran unicamente o tempo que permanecía en funcionamento a explotación, e é verdade que non deixaba claro se era só a explotación física ou tamén a rexeberación da mina. En todo caso, nos situámonos no ano 2009 no mellor dos escenarios. Desde logo, a vontade da Administración galega, da nova Administración galega, era que se deran as condicións para manter as axudas en toda a duración do plan.

En relación con esta proposición non de lei, na propia exposición de motivos aparece a desvantaxe relativa –por dicilo dalgunha maneira– da situación da minería galega.

En relación coa discriminación de Galicia nos fondos obtidos no primeiro dos plans, é necesario sinalar que estes acordos reclamaban a intervención activa das administracións concernentes non soamente do Estado central senón tamén basicamente da Administración autonómica. Probablemente as causas da pretendida discriminación, ou desa discriminación en termos estritamente numéricos, sexan múltiples, e por suposto tamén, en todo caso, habería que ver certamente cales son estas.

O que si podemos dicir, e o que desde logo aparece no acordo afirmado polo ministerio para o Plan 2006-2012, é que neste novo Plan da minería do carbón para o período 2006-2012 se contempla que as zonas mineiras da Comunidade Autónoma de Galicia poidan recibir axudas ao desenvolvemento económico alternativo á minería do carbón durante todo o período do plan, é dicir, ata o ano 2012. Eu creo que esta é unha boa noticia. Non parece que haxa modificacións neste período que queda de negociación, ata o día 1 de xaneiro do 2006, e, polo tanto, o obxectivo básico, o obxectivo fundamental, da proposición non de lei aparece cumprido, por dicilo dalgunha maneira. É dicir, certamente ese perigo de que estas axudas remataran ou ben no ano 2007 –cando acaba a extracción física do lignito– ou ben no ano 2009 ou 2010 –cando remataría a adecuación da mina

ou a readecuación da mina– aparece superado e, polo tanto, hai garantía de que nos sete anos de duración do plan se manteñan estas axudas.

Fálase tamén duns criterios concretos para a obtención destas axudas, que son o criterio de adicionalidade a outro tipo de subvencións, o de complementariedade –tendo en conta os obxectivos económicos fixados de recuperación das conchas mineiras–, e por suposto o de cooperación das comunidades autónomas no deseño e financiamento do plan de reactivación.

Eu creo que podemos afirmar que o Goberno de Galicia, a Consellería de Innovación e Industria –de quen depende este tema de forma fundamental–, pero tamén outras consellerías como as de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio, etc., participarán activamente no deseño e na cooperación co Goberno central para que este plan teña o maior e máis eficiente efecto posible nestas comarcas mineiras de Cerdeira e das Pontes.

É certo que, en todo caso, a aplicación deste Plan 2006-2012 necesita un complemento, por dicilo dalgunha maneira. E de feito existe nestas zonas a demanda dun plan de reactivación das conchas mineiras galegas propio da Xunta de Galicia, plantexado fundamentalmente á Consellería de Industria e Innovación, polo tanto, ao Goberno da Xunta de Galicia, e que desde logo parte das propias centrais sindicais, de UXT, de Comisións Obreiras e do propio Comité de Empresa de Endesa. É necesario que neste plan se garantan os fondos suficientes durante os próximos anos que axuden a fomentar novos proxectos empresariais e de melloras de infraestruturas en cooperación co propio plan estatal.

En relación coa emenda de adición presentada polo Partido Popular, entendo, evidentemente, que esa actuación paralela xunto coas comunidades autónomas e os concellos, que se ten que facer dentro das propias competencias duns e doutros, non deixa de ser un pouco *paradóxica*, porque en realidade estamos plantexando temas de competencias que neste momento en Galicia teñen un marco moito máis axeitado para que se resolvan, que é o marco do proceso de reforma do Estatuto de autonomía de Galicia. Eu creo que estas cuestións teñen que resolverse fundamentalmente aí e non a través de proposicións non de lei presentadas no Parlamento de Galicia.

Esta garantía da obtención da participación das comarcas mineiras galegas ata o ano 2012 é unha mostra máis desa cooperación intelixente, dunha presión política sensata que obtén resultados, que certamente non ten nomes rimbombantes nin páxinas virtuais pero que vai conquistar que Cerceda e As Pontes, as comarcas mineiras do lignito pardo galego, se atopen en igualdade de condicións co resto das comarcas mineiras do carbón en España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Bernardo Tahoces.

O señor BERNARDO TAHOCES: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, en España conséguese o consenso sobre as axudas públicas ao carbón a través do Plan da minería do carbón e de desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras cun período de vixencia desde o ano 1998 ao ano 2005. Quero salientar que este plan foi asinado e negociado, naturalmente, polo ministerio, polos empresarios e pola Federación de Industrias Afíns, da UXT, e a Federación Siderometalúrxica de Comisións Obreiras.

Como ben dixo o señor deputado, este plan contempla non só exclusivamente medidas de carácter social ou de carácter empresarial; senón tamén medidas de dinamización e de reactivación de comarcas mineiras baseadas en tres piares fundamentais: precisamente as axudas ás infraestruturas, as axudas aos proxectos empresariais xeradores de emprego nestas comarcas e, por suposto, as axudas á formación.

Eu agradézolle ao señor deputado a precisión nos seus datos. Evidentemente as axudas ás infraestruturas ascenderon a 60 millóns de euros máis ou menos; as axudas aos proxectos empresariais, a 37 millóns de euros en números redondos; xerando máis de 1.250 novos postos de traballo. Polo tanto, nada que obxectarlle ao señor deputado respecto da información vertida neste hemicycle. Pero, desde logo, polo que respecta ás consideracións porcentuais que vostede fixo, pois si hai que recriminarlle algo. Porque evidentemente estes repartos non se fan exclusivamente tendo en

conta os índices de desemprego. Nestes repartos téñense en conta, ademais do desemprego, os índices de poboación ocupada e a rendibilidade das empresas. Polo tanto, non se poden aplicar esas porcentaxes dun xeito tan lineal, obtendo eses resultados que, dalgunha maneira, están claramente *sescados*.

Facilmente as súas señorías poden comprender que unha proposta coma esta o grupo parlamentario que represento non a pode rexeitar, evidentemente: estender as axudas a un determinado sector durante un período de vixencia que remata no ano 2012. Evidentemente, é bo para Galicia, e, por tanto, o Grupo Parlamentario Popular vai aceptar esta proposición.

Dixose aquí algo moi preciso, que é precisamente que no ano 2007 remata a actividade extractiva, e tamén se esqueceron de dicir que no ano 2010, o 31 de decembro do ano 2010, rematan as axudas da Comunidade Europea. Efectivamente, nós —repito unha vez máis— estamos de acordo en estender estas axudas ao período de vixencia do plan, pero gustaríanos que se fornecera un pouco máis precisamente a argumentación dada.

O señor deputado propoñente establece que se estenden estas axudas co fin de conseguir un trato igualitario de Galicia co resto das comunidades autónomas, pero tamén hai que ter en conta que non en todos os territorios os índices de poboación ocupada no sector e as rendibilidades das empresas son os mesmos, polo tanto, a nós parécenos máis axeitado argumentar o dito polo señor Losada, que efectivamente o gran fundamento da extensión destas axudas é que subsistan en tanto subsista a actividade mineira, pero a actividade mineira entendida no seu sentido amplo, non só exclusivamente reducida á actividade extractiva, senón tamén á actividade de restauración e de recuperación do medio físico onde están enclavadas as explotacións. Esta actividade mineira, segundo os expertos, pode rematar perfectamente no ano 2012, polo tanto, podemos atopar unha xustificación moi axeitada para conseguir esa extensión das axudas.

Aquí falouse tamén de discriminación de Galicia no plan que neste ano expira. Falouse da discriminación no reparto dos fondos, e eu teño que dicir que iso non é correcto, porque, efectivamente, neste plan da minería non se territorializan os fondos, os fondos repártense a través dun mecanismo

e dun procedemento tortuoso mediante a intervención dos consellos rectores do convenio e de comisións de seguimento, comisións de seguimento que adoptan acordos suplementarios; estes acordos suplementarios dan orixe a convenios específicos, e estes convenios específicos dan lugar ás contratacións correspondentes para levar a efecto as actuacións pertinentes.

Polo tanto, nós entendemos que é necesario engadir a esta proposta —é necesario, pero ben entendido que non imos condicionar a isto o noso posicionamento— unha emenda, no sentido de que, efectivamente, nesta negociación do novo plan estea presente unha sensibilidade que no anterior plan estivo ausente, que é a sensibilidade político-territorial. Que todas as inquiredanzas, que todas as necesidades das comarcas mineiras no eido da súa reactivación estean ao socaire do sector empresarial, da Federación de Industrias Afines, da UXT, e da Federación Siderometalúrxica de Comisións Obreiras, pois mire, a min paréceme manifestamente insuficiente. Eu penso que é necesario que na negociación deste plan estea presente unha representación autonómica e unha representación dos distintos concellos afectados.

Nesta ocasión teño que dicir que este posicionamento e esta emenda están un pouco en sintonía, ou moi en sintonía, coa idea que ten o secretario xeral da Enerxía, o señor Fernández Segura. Para fornecer o argumentario do señor Losada, que dixo precisamente que non era conveniente de ningún modo esta proposta do Grupo Parlamentario Popular, que debe incardinarse no ámbito da negociación estatutaria, teño simplemente que dicir que o día 1 de novembro apareceu un comunicado conxunto da UXT e de Comisións Obreiras que di literalmente: *“En un comunicado conjunto, UGT y Comisiones Obreras expresaron su sorpresa por las recientes declaraciones tanto del ministro de Industria, José Montilla, como del secretario general de Energía, Antonio Fernández Segura, en las que se mostraron dispuestos a negociar el futuro del sector minero con las comunidades autónomas y los ayuntamientos afectados”*. Se isto o poñemos en relación coa filosofía política imperante no Goberno —e acuñada polo señor vicepresidente da Igualdade— da cooperación intelixente, sen dúbida vostedes teñen que aceptar a emenda do noso grupo parlamentario, porque verdadeiramente estamos en sintonía co Partido Socialista do Estado e en sintonía coa cooperación intelixente do señor vicepresidente da Igualdade.

Polo tanto, señor deputado, quero manifestarlle que nós imos apoiar a súa proposición, pero quero pedirlle moi sinceramente que teña en consideración a nosa emenda, porque estimo que iso é bo para Galicia, e que non marxinen unha vez máis o Grupo Parlamentario máis votado deste hemisiciclo.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bernardo Tahoces.

Rolda de posicionamento sobre as emendas do autor. Ten a palabra o señor Blanco Parga.

O señor BLANCO PARGA: Grazas, señora presidenta.

Eu, sen ser presuntuoso, tómeno como broma, vou cooperar intelixentemente con certos erros que vostedes dixeron; é a cooperación intelixente que lles ofrece desde esta tribuna o BNG.

Respecto do compañeiro do PSOE, en relación con que a discriminación galega é porque son minas a ceo aberto, teño que dicir que na Unión Europea, en Alemaña, minas a ceo aberto hai un montón delas, e, en Grecia, lignitos pardos, un montón deles. E dicir que a discriminación galega é porque son minas que pechan, vou citar tres en Asturias: Incomisa, en Aller; Antracitas de Gillón, en Tineo; e Minas de Figaredo, de Mieres, están en proceso de peche, e non aparece nada reflectido a respecto delas. Non vai por aí.

¿Facer un plan paralelo aquí, na Galiza? En concreto non no ámbito de Cerceda, senón no das Pontes, existe un Plan de desenvolvemento económico-industrial das Pontes asinado pola Xunta, Endesa e as tres organizacións sindicais das Pontes, no ano 1997, que xerou máis de 1.000 postos directo, no cal Endesa tivo que poñer 5.000 millóns de pesetas. Lembremos que para investimentos empresariais os fondos da minería foron 6.000 millóns de pesetas para toda Galicia, e aí se lle sacaron a Endesa 5.000 millóns. O plano existe e hai que potencialo.

Cooperación intelixente tamén co Partido Popular. O reparto dos fondos non se fai en relación coa perda directa de emprego. Refírome a un documento do Goberno do Esta-

do cando estaba o PP, á contestación a unha pregunta do BNG nas Cortes do Estado. O reparto dos fondos será directamente proporcional á perda directa de emprego. Pero hai outros índices, que son a renda dos territorios e o índice de poboación ocupada. Antes non quixen falar das diferenzas territoriais por non ofender, pero teño a obrigación de citar unha. ¿Cataluña ten menor renda que Galiza? ¿Ten un menor índice de poboación ocupada? Cataluña perdeu o 1% do emprego, 181 postos de traballo; Galiza o 9%, 1.468, e case recibimos igual; e antes xa non o quixen dicir por non entrar nesas comparacións odiosas. Cataluña, 11 postos de traballo perdidos, Galiza 1.468, e case recibimos igual; iso é unha realidade. Aquí séguese sen xustificar, e eu non veño hoxe a iso, pero segue sen aclararse por que nós deixamos de recibir 156 millóns de euros en infraestruturas, 25.900 millóns de pesetas. Non digo que teña que ser exacto, pero 25.900 millóns de pesetas paréceme que dan para comprar un traxe, ¿digo eu! Non falo de matemática pura, pero non vaia ser que xoguemos a perder ¡eh!

Direille ao señor deputado que non é a Unión Europea quen dá as axudas. O marco legal, que remata o 31 de decembro do 2010, é o marco que permite as axudas aos estados membros; non son fondos da Unión Europea, son fondos dos presupostos xerais do Estado. O que fai o marco ao que vostede fai referencia é que as permite. En calquera caso, a intención deste deputado, deste grupo parlamentario, é chegar a un acordo, porque o que nos pasou, que ninguén o xustifica –25.900 millóns de pesetas–, non queremos que nos volva pasar.

Efectivamente, imos aceptar a emenda do PSOE, e poñemos unha transacción ao que di o Partido Popular, porque nesta sede parlamentaria, por acordo unánime en decembro do 2002, creouse a Mesa Galega do Carbón, na que está a Administración autonómica, os concellos mineiros de Cerceda e As Pontes, as empresas mineiras Limeisa e Endesa, e as tres organizacións sindicais máis representativas no noso país, na Galiza: a CIG, Comisións e UXT, para que a Mesa do Carbón, efectivamente, funcione e se potencia, porque desde o 2002 tivo dúas reunións, e, efectivamente, o non estar pendentes da marcha do plano foi un dos motivos que provocou a perda destes fondos que nós demandamos desde esta tribuna. Por iso, se me permite a señora presidenta un segundo, intentarei presentarlles o texto aos outros deputados, ao señor Bernardo Tahoces, do PP, e ao

representante do PSOE, para ver se o aceptan e podemos aprobar esta proposición non de lei por unanimidade, polo ben do noso país.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Blanco. Interrompemos –se están de acordo os voceiros, que entendendo que si– un momento o pleno para que poidan intentar chegar a un acordo.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Blanco Parga.

O señor BLANCO PARGA: Grazas, señora presidenta. Como hai cooperación intelixente e boa vontade, chegamos a acordo.

O primeiro punto quedaría coa emenda do PSOE, que introduce que se está negociando; e o segundo punto, que é o que é novo, diría: “Desde o Goberno galego potenciarase e regularizárase o funcionamento da denominada Mesa Galega do Carbón, creada por instancia dunha decisión unánime do Parlamento galego na sexta lexislatura e que está conformada pola Administración autonómica, os concellos mineiros galegos de Cerceda e As Pontes, as empresas mineiras do carbón Limeisa e Endesa, e os tres sindicatos máis representativos: CIG, Comisións e UXT, para que este órgano faga as propostas de investimentos e axudas e controle e fiscalice os fondos da minería que debe recibir Galiza”.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor deputado. Prégolle que, se fai o favor, lles pase o acordo por escrito aos servizos da Cámara para o momento da votación.

Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Pasamos á seguinte proposición non de lei, e, como saben as súas señorías, imos acumular as proposicións non de lei números 854 e 1184, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista,

porque ambas as dúas teñen un contido moi similar. Polo tanto, imos acumulalas para os efectos de debate.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Carlos Aymerich Cano e D. Carlos Fernando Blanco Parga, sobre a actuación do Goberno galego para o cumprimento das obrigas asumidas por General Dynamics no contrato de compra da empresa nacional Santa Bárbara e a garantía da continuidade da Fábrica de Armas da Coruña na súa actual ubicación

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María del Mar Barcón Sánchez e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre o cumprimento do contrato vixente INI-Defensa, así como as obrigas asumidas por General Dynamics no de compravenda da Empresa Nacional Santa Bárbara e a continuidade desta e dos seus traballadores

A señora PRESIDENTA: Ao estar acumuladas, o debate ímolo ordenar, en vez de con dez minutos, se lles parece, con quince minutos de intervención para os tres grupos; e despois os grupos propoñentes, para posicionamento sobre as emendas, terán cinco minutos adicionais.

Hai presentada unha emenda do Grupo Parlamentario Popular a ambas as dúas PNL, documentos números 1483 e 1484.

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa dos seus deputados Carlos Negreira Souto e Ángel Bernardo Tahoces, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei n.º 854, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e á Proposición non de lei n.º 1184, do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Emenda de modificación

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1.- Promover a inmediata creación dun grupo de traballo, no que participen a Xunta de Galicia e demais administracións autonómicas afectadas, a SEPI, a empresa General Dynamics e as organizacións sindicais, co fin de:

- Determinar, no prazo de tres meses, o grao de cumprimento das obrigas asumidas tanto pola SEPI como pola

empresa General Dynamics no contrato de compra da Empresa Nacional Santa Bárbara, esixindo e asegurando o pleno cumprimento destas obrigas por ámbalas dúas partes.

- Diseñar conxuntamente un plan de viabilidade dos centros de traballo da empresa, en particular da planta da Coruña, enfocado á procura de perspectivas de futuro que garantan a continuidade a longo prazo da actividade empresarial e da totalidade dos postos de traballo.

2.- Comprometerse, no exercicio das competencias urbanísticas que ten atribuídas, a non autorizar a eventual modificación da calificación urbanística dos terreos nos que se ubica a Fábrica de Armas, co fin de garantir a súa continuidade no concello da Coruña.”)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Aymerich Cano para formular a proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario do BNG.

O señor AYMERICH CANO: Grazas, señora presidenta.

Señorías, para falar da situación da Fábrica de Armas da Coruña convén facer un pouco de historia. Hai que lembrar que esta fábrica foi creada nos anos corenta do século pasado expropiándolles os terreos aos seus antigos propietarios; que no ano 1981, a través do Real decreto 1767/1981, a Empresa Nacional Santa Bárbara foi declarada polo Goberno español adxudicataria preferente do Ministerio de Defensa—contrato cunha vixencia de vinte e cinco anos, é dicir, en principio vixente aínda ata o ano que vén, ata o ano 2006—; que na Lei de acompañamento para os orzamentos do ano 1999, o daquela Goberno do Partido Popular derogou formalmente o decreto ao que antes me referín. Pero o contrato asinado entre o Ministerio de Defensa e Santa Bárbara, polo que Santa Bárbara era declarada adxudicataria preferente, non foi aínda liquidado; polo tanto, formalmente segue en vigor, outra cousa é que estea sendo incumplido por anteriores gobernos e polo actual. E mesmo poderíamos falar de vicisitudes que polo camiño sufriu a empresa, e, en particular, as que sufriu a Fábrica de Armas da Coruña en forma de aventuras fraudulentas, como aquela empresa DDO creada con cartos públicos —discos duros de ordenador—, que non chegou a producir nin un só disco duro —colleéron un disco fabricado en Taiwán para presentarllo á prensa como fabricación— e na que se perderon, e aínda non

foron recuperados, máis de 3.200 millóns do erario público; 3.200 millóns que logo se lle cargaron como perdas á empresa para xustificar a súa privatización.

A privatización, acordada por un Goberno en funcións no ano 2000 e culminada no ano 2001, foi un negocio ruinoso desde o punto de vista económico. Reparen, señorías, nos datos da operación: General Dynamics, unha multinacional armamentística norteamericana, pagou 5 millóns de euros, aproximadamente 800 millóns de pesetas ao cambio, por unha empresa, polo conxunto da Empresa Nacional Santa Bárbara, que tiña no momento da venda pedimentos vivos superiores a 200.000 millóns de pesetas. Pero é que ademais a SEPI, que vendeu a empresa Santa Bárbara, obrigouse a facer os investimentos necesarios para adecuar a empresa á normativa ambiental e de seguranza; é dicir, a cambio de 5 millóns de euros a SEPI obrigouse a investir 25.000 millóns de pesetas. Na Coruña, por certo, ata o día de hoxe, a SEPI só investiu 1.185 euros, para cambiar, en concreto, o sistema de incendios na sala de planos; foi o único investimento que a SEPI fixo na Fábrica de Armas da Coruña. Pero –e isto é relevante para falar da situación da Fábrica de Armas da Coruña– o que vendeu a SEPI foi só a empresa, os terreos nos que os centros de produción da empresa asentan, entre eles os máis de 300.000 metros cadrados situados nunha zona moi apetitosa desde o punto de vista urbanístico, son propiedade do Ministerio de Defensa. Veremos máis adiante como este é un dato desde logo relevante.

¿Cales foron os compromisos que asumiu esta multinacional norteamericana, General Dynamics, á hora de comprar a empresa? Asumiu por cinco anos –é dicir, o prazo de vixencia destes compromisos remata no ano 2006–, en primeiro lugar, o compromiso de manter nominalmente o cadro de persoal, o compromiso de manter a continuidade de todas as factorías –repito, ata o ano 2006–, o compromiso de achegar á empresa, á empresa resultante da privatización –a que se chama Santa Bárbara Sistemas–, novos pedimentos por valor de 13.800 millóns de pesetas, tamén de realizar investimentos en tecnoloxía por valor de 10.000 millóns de pesetas, compromisos en materia de transferencia tecnolóxica, alargamento de mercados, complementariedade entre General Dynamics e Santa Bárbara, xestionar os contratos en curso –daquela a construción do carro de combate Leopard, cousa que si están facendo– e tamén procurar alianzas entre Santa Bárbara e outros grupos internacionais.

As garantías contempladas neste contrato de venda –por certo, un contrato que o Goberno do señor Aznar, o Goberno do Partido Popular, mantivo sempre oculto, mantivo sempre en segredo– son de 10 millóns de euros, para garantir todos estes investimentos aos que me acabo de referir.

A venda de Santa Bárbara, a privatización de Santa Bárbara, foi tamén, desde o noso punto de vista, un claro erro político. No canto de consolidar un sector público nun ámbito estratéxico como é o da defensa, o que fixo o Goberno do señor Aznar, o Goberno do Partido Popular, foi vender, nestas condicións económicas ás que me acabo de referir, a empresa a unha multinacional armamentística norteamericana. Eran aqueles tempos –lembramos todos, lembran en especial os señores e señoras do Partido Popular– da foto das Azores, daqueles amores tolos entre o señor Aznar e o señor Bush, que xa sabemos como remataron. Por certo, o contrato realizouse con múltiples irregularidades, e non o di o BNG, non o din os sindicatos, quen o di é o propio Tribunal de Contas no seu Informe número 680, sobre fiscalización global das operacións de privatización de empresas estatais entre 1996 e 2002. Non se respectou o procedemento legalmente establecido, e, de feito –o que, desde o noso punto de vista, constitúe unha flagrante infracción da Lei de incompatibilidades de altos cargos–, o embaixador español nos Estados Unidos no momento da negociación da privatización, o señor Ollarzabal, converteuse despois da venda en presidente de Santa Bárbara Sistemas. Non sei se é legal ou non –penso que non– pero, en todo caso, desde o punto de vista ético non queda demasiado ben.

Chegamos, pois, ás vésperas do ano 2006 –estamos xa rematando novembro do ano 2005– e é hora de facer balance de qué sucede con todos estes compromisos. Pois ben, ¿respectouse o compromiso de manter o cadro de persoal nominal de Santa Bárbara no momento da privatización? Non. Reduciuse en termos absolutos o número de empregados desta empresa, houbo traslados forzosos de traballadores entre centros produtivos; por tanto, o primeiro compromiso foi incumprido. Non houbo achegas de novas cargas de traballo, o único que está facendo neste momento a empresa resultante da privatización, Santa Bárbara Sistemas, é executar pedimentos que xa viñan de antes do ano 2001, que viñan de antes da privatización. Non se acometeu plan ningún de investimentos para novos proxectos, non houbo transferencia de tecnoloxía, non houbo tampouco alargamento de

mercados, o 98% da produción de Santa Bárbara segue destinándose para o Ministerio de Defensa. E, desde logo, non houbo –isto case penso que é mellor deixalo así, coa que está caendo– ningunha alianza con ningún grupo armamentístico internacional. Por tanto, novembro do ano 2005, nas vésperas de que se cumpra o prazo de cinco anos pactado no contrato de privatización, General Dynamics está claramente en mora, está incumprindo os compromisos asumidos coa SEPI.

¿Cal é a situación da Fábrica de Armas da Coruña, que é o que nos interesa? Ben, se atendemos ao plan industrial que General Dynamics lle presentou á SEPI para privatizar Santa Bárbara, dicíase naquel plan industrial que General Dynamics pretendía crear na Coruña dúas unidades de negocio: unha, dedicada ao armamento lixeiro; outra, dedicada á construción de compoñentes aeronáuticos e de compoñentes para vehículos blindados. Os investimentos previstos eran 300.000 euros, 50 millóns de pesetas, por parte de General Dynamics –non se verificou ningún–, e 11,17 millóns de euros por parte da SEPI. Destes 11,17 millóns de euros, os únicos investimentos que se produciron até hoxe son os 1.185 euros –non millóns de euros– aos que antes me referín, de renovación do sistema antiincendios na sala de planos da factoría.

¿A que se dedica a Fábrica de Armas da Coruña? Pois ao único ao que se está dedicando a Fábrica de Armas da Coruña é á fabricación dalgunhas pezas e á montaxe de 56.219 fusís, o novo fusil para o Exército español, construído e montado baixo licencia da empresa alemá Heckler & Koch (HK). Estes traballos remataron xa na primeira semana de novembro deste ano, xa foi recibida a última partida destes fusís. Nestes momentos o único que se está facendo na Fábrica de Armas da Coruña son algúns xogos de cableado, algúns asentos para vehículos blindados... Por certo, a Fábrica de Armas da Coruña quedou fóra do acordo de confidencialidade pactado entre General Dynamics e a SEPI para construír o Leopard; é dicir, as pezas menores que se fabrican na Coruña para estes blindados poderían facerse en calquera taller externo á empresa. Non hai nada para o sector aeronáutico, todo aquilo que se falaba da ITP, unha empresa con sede no País Vasco, non se verificou; nada para o sector eólico; e nada relativo á diversificación, ata o punto de que, segundo fontes da dirección da empresa, en concreto, da factoría da Coruña, para o ano que vén, a ocupación

da factoría da Coruña non vai superar o 30% do cadro de persoal.

Pero é que, ademais, señorías, na Fábrica de Armas da Coruña prodúcese unha coincidencia dramática. No ano 2006 vence o prazo de vixencia das obrigas asumidas por General Dynamics, pero no ano 2006 remata tamén a vixencia do dereito á reversión que teñen os antigos propietarios dos terreos nos que asenta a Fábrica de Armas da Coruña –repito, 300.000 metros cadrados situados nunha zona moi apetitosa desde o punto de vista urbanístico–. Claro, non é que desde o BNG sexamos suspicaces, é que xa o dicía o señor Ollarzabal –lembren, este ex embaixador de España en Estados Unidos e agora convertido en presidente da empresa– en decembro do ano 2003. Dicía este responsábel –non sei se chamarlle responsábel político ou responsábel empresarial– que “a compañía é consciente de que Defensa” –a titular dos terreos– “e o Concello teñen outros plans para os terreos e parece que agora se abre unha grande oportunidade”. Non sabemos de qué se abre a oportunidade. Esperamos que nesas oportunidades que se abren se teñan en conta os intereses lexítimos, os máis protexíbeis, dos traballadores de Santa Bárbara na Coruña. Claro, xa sabemos como as gasta o Ministerio de Defensa na cidade da Coruña, non é precisamente un benefactor, non doa precisamente, cuns gobernos e con outros, os terreos para construír vivendas sociais, para construír espazos dotacionais. Xa sabemos tamén que sucede con terreos inicialmente de empresas públicas que logo son privatizadas, que se lles promete o traslado e despois pérdense os postos de traballo industriais; desaparece a actividade, e o que hai agora son pisos de luxo. Pensamos que por ese camiño é xusto polo que non pode ir a Fábrica de Armas da Coruña. O que fai falta, señorías, é que entre todos os grupos parlamentarios nos poñamos de acordo en defender os postos de traballo industriais da comarca da Coruña e en defender a actividade que esta fábrica desenvolve nesta comarca.

Desde o noso punto de vista, desde o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, é necesario, en primeiro lugar, reivindicar a vixencia do contrato entre o INI e Defensa. Ese contrato non foi liquidado e, polo tanto, segue vixente. Non pode ser, como sucedía co Goberno do Partido Popular e segue sucedendo co actual Goberno español, que Santa Bárbara sexa tratada como un licitador máis nos concursos e convocatorias públicas realizadas polo Ministerio de Defensa.

En segundo lugar, é necesario esixir que o Goberno español reclame, demande, a General Dynamics, que cumpra os compromisos asumidos no contrato de venda desta empresa. Ten medios para facelo e, desde logo, ten toda a legalidade ao seu favor.

En terceiro lugar, é necesario que se elabore un plano industrial de futuro para a Fábrica de Armas da Coruña. Un plano industrial de futuro que garanta o mantemento do cadro de persoal actual, que garanta a diversificación produtiva, que garanta o mantemento da actividade. Só nese caso...

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Señor Aymerich, ten que pensar en ir rematando.

O señor AYMERICH CANO:... –remato enseguida, señora presidenta– poderíamos pensar nun cambio de radicación da factoría. Non podemos arriscarnos a cambiar a factoría de localización con promesas ficticias –xa vivimos moitas en todos estes anos– de novos contratos, de expectativas. Queremos un plano industrial sólido, fiable, garantido, e con el podemos empezar a falar da localización da factoría. Se non é así...

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Señor Aymerich, por favor.

O señor AYMERICH CANO:... se antes de ter ese plano industrial de futuro falamos de cambiar a localización da factoría, desde logo estaríamos eliminando a única garantía que neste momento existe...

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Por favor, señor Aymerich, vaia rematando.

O señor AYMERICH CANO:... de que a empresa se manteña na Coruña.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor Aymerich.

Ten a palabra a señora Barcón Sánchez para defender a proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Señorías, señora presidenta, señoras e señores deputados, bos días.

Cómpreme a honra de falar hoxe en nome do Grupo Socialista, e se mo permiten como coruñesa, desa factoría; non só da factoría da Coruña, de toda Santa Bárbara, pero nomeadamente da factoría coruñesa de Santa Bárbara. Comezarei, se mo permiten, como comezaba o señor Aymerich, facendo un pouco de historia.

En xullo de 1959 creábase a Empresa Nacional Santa Bárbara de industrias militares. O seu primeiro cometido era a fabricación de armamento. Corenta e dous anos despois, a SEPI convocaba o Comité Intercentros para facerlle entrega dun documento no que se oficializaba e se xustificaba a privatización da compañía e no que se facía público o que xa se sabía desde había un ano, que sería General Dynamics Corporation o comprador, a entidade que subscribira xa había un ano un documento de compravenda. A SEPI argumentaba dun xeito literal que *“General Dynamics convertiría Santa Bárbara en una nueva y dinámica compañía, con proyección internacional, la cual alcanzará mayor capacidad de producción tanto para el mercado nacional como para el internacional”*.

Cómpre subliñar que, no momento no que se plantexa a privatización de Santa Bárbara, esta acaba de remontar, non de superar, as perdas económicas que tiña e de conquistar os maiores contratos da súa historia, tanto dos blindados, os fusís ou os obuses, o que garantía unha certa capacidade en carga de traballo. Pero facíase, segundo a SEPI, a privatización para consolidar Santa Bárbara como un grupo de excelencia mundial, de aí que unha boa parte dos compromisos foran en investimento tecnolóxico e captación de negocio.

Detallábase neste documento a incidencia que tería a inclusión de Santa Bárbara no grupo de General Dynamics. Daría estabilidade a longo prazo, incrementando os beneficios; aseguraría, mesmo incrementaría en 144 traballadores, o cadro de persoal; incrementaría os investimentos e incorporaría novos produtos e innovacións tecnolóxicas; abriría, finalmente, novos mercados internacionais, especificamente o de Estados Unidos. O proxecto contiña nove compromisos claros: mantemento do cadro de persoal de traballadores; continuidade de todas as factorías; achega de 13.800 millóns de pesetas en facturación; investimentos por valor de 10.000

millóns de pesetas; transferencia de nova tecnoloxía; ampliación de novos mercados; complementariedade entre Santa Bárbara e General Dynamics; xestionar os proxectos en curso; e establecer alianzas cos grupos internacionais.

Hoxe, cinco anos despois, a piques de rematar eses compromisos, podemos facer un balance do que foi a privatización de Santa Bárbara. Certamente atopamos que non se cumpriu ningún dos obxectivos marcados. Non se acadou o incremento do cadro de persoal, senón que este minguou, ben é certo que non dun xeito alarmante; é certo que se mantiveron abertas as factorías, pero tamén é certo que a carga de traballo é nula. A contribución ao volume de negocio non respondeu, nin con moito, a eses 13.800 millóns de pesetas, e voules lembrar aos señores e señoras deputados en que se baseaban. Baseábanse na fabricación de rifles deportivos, vehículos lixeiros, construción de compoñentes para lanchas de desembarco para o exército americano ou compoñentes para carros de combate.

Se lles puidera ensinar ou se puideramos ver con claridade esta gráfica, verían –terían que ver– algo laranxa, pero o que hai soamente é cor verde; apenas dúas liñas laranxas ben pequenas nos falan do que foi en realidade o investimento en tecnoloxía. Os únicos investimentos que se realizaron foron os que correspondían –e non completamente– á SEPI, sen rastro dos correspondentes a General Dynamics, que tiñan previsto a mellora da tecnoloxía, a maquinaria de control numérico, grupos de soldadura, equipamento para a ensamblaxe de mísiles, modernización na configuración dos vehículos. Non se realizou transferencia de tecnoloxía nos produtos que suporían unha redución de custos e un incremento de calidade, nin municións, nin mísiles, nin chasis, torretas, compoñentes do helicóptero Apache, caixas de cambio, compoñentes diversos de motores. Hoxe, aínda máis que o día da súa privatización, case o único cliente de Santa Bárbara segue a ser o Ministerio de Defensa, co 98%. Non houbo novos mercados e non se beneficiou en absoluto do mercado americano. Tampouco se cumpriron os compromisos nos termos de facturación nin de obxectivos de vendas. E, finalmente, non chegaron nunca aquelas alianzas internacionais cos novos grupos tecnolóxicos nin o aproveitamento dos produtos destes grupos. En suma, General Dynamics incumpriu as súas obrigas, conducindo a empresa a unha situación preto da quebra, polo que entendemos que hoxe, a ben poucos meses de que remate este compromiso, é

tempo de que todos os sectores implicados, entre eles a SEPI, asuman as súas responsabilidades, recoñezan a situación e se tomen medidas para iniciar o reflotamento dunha importante empresa.

Santa Bárbara conta con espléndidos recursos humanos, altamente cualificados. Santa Bárbara conta con avanzada tecnoloxía e cunha dilatada experiencia na produción dunha grande variedade de compoñentes armamentísticos. Santa Bárbara conta con certificacións e homologacións. Santa Bárbara conta con capacidade de produción de elementos da mellor tecnoloxía como falaba o señor Aymerich –por exemplo ese fusil de Heckler Koch–. Vivimos hoxe un momento de expansión do mercado mundial e mesmo do mercado europeo de defensa, con importantes investimentos e prioridades que xiran en torno aos sistemas de defensa terrestre, o que redunda en beneficio dos compoñentes que se poden fabricar en Santa Bárbara. As posibilidades de programas conxuntos no mercado europeo multiplícanse, sempre que Europa conserve unha capacidade industrial suficiente. Convén resaltar que o 40% do segmento industrial de armamento lixeiro se sitúa en empresas europeas.

Vivimos tamén unha expansión noutro tipo de mercados, como o mercado aeronáutico, o do armamento lixeiro deportivo, o das enerxías alternativas, das que tanto teñen oído falar as súas señorías nesta Cámara –un eido no que Galicia pode ser unha comunidade punteira–. En suma, novos sectores dun mercado no que a factoría de Santa Bárbara podería desenvolver novos produtos con garantía de calidade.

Convén tamén recordar que Santa Bárbara ten unha excepcional natureza xurídica desde o día da súa creación, e que mantén hoxe en día. Está sometida ao control e á avaliación do Ministerio de Defensa, que na súa revisión estratéxica do ano 2003 recoñecía que a política de defensa require un soporte tecnolóxico e industrial adecuado, e que a política do ministerio seguirá sendo a de tratar de facer o maior uso posible das capacidades existentes na industria española sobre unha base competitiva. Pois ben, Santa Bárbara é capaz de asumir esa competitividade.

Obxectivo prioritario para nós debe ser hoxe, ao xuízo do Grupo Socialista, o mantemento da factoría da Coruña vinculada ao sector estratéxico de defensa e baseado en tres piares: a fabricación e o mantemento de armamento lixeiro,

cubriendo as demandas do Ministerio de Defensa, podendo traballar tamén para o Ministerio do Interior e mesmo para as policía autonómicas, que van ter un longo percorrido; chegar a novos mercados, esixíndolle a General Dynamics o cumprimento dos seus compromisos; e diversificar e complementar esta produción militar con produtos ligados ao sector –cumprindo unha parte do contrato vixente entre o INI e o Ministerio de Defensa–, como armamento deportivo, pezas para aeroxeradores, compoñentes diversos para o sector eólico ou para o sector aeronáutico. En definitiva, Santa Bárbara precisa dun traballo rigoroso de todos os sectores implicados, do compromiso das consellerías afectadas, dos ministerios afectados, do comité de empresa, dos traballadores, dos grupos políticos de Galicia e das institucións. Ten o compromiso do Concello da Coruña, e non cabe dúbida, despois da presentación destas dúas iniciativas por dous grupos políticos e da emenda, de que o ten tamén dos diversos grupos parlamentarios.

Hoxe vimos aquí o Grupo Socialista a reclamar un plano industrial eficaz, sólido, fiable e de futuro, que aproveite a capacidade de traballo, de investigación e de innovación, e a presenza nun eido de valor engadido. Señorías, falamos, vén falando este Goberno e vén falando o Grupo Socialista, de que necesitamos apostar polo emprego de calidade, por investimentos de calidade, por investimentos en sectores de calidade, logo é tempo de apostar por Santa Bárbara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señora Barcón.

Ten a palabra o señor Negreira Souto, polo Grupo Parlamentario Popular, para posicionarse sobre as dúas proposicións non de lei.

O señor NEGREIRA SOUTO: Moitas grazas, presidenta.

Señoras e señores deputados, imos tentar facer un pouco de historia, xa que os dous grupos parlamentarios anteriores fixeron tamén un pouco de historia. Imos ver como esa historia contribúe tamén, desde o noso grupo parlamentario, a facer esa interpretación, aínda que iso non é o máis importante. A historia non é o máis importante, o máis importante, sen dúbida, é a xente que agora está a traballar en Santa

Bárbara, e particularmente a xente que está a traballar na Coruña.

Mire, o certo é que ata o ano 1998, 1999 ou 2000 a empresa Santa Bárbara viña diminuindo reiteradamente o emprego. Practicamente nese decenio se perderon dous terzos do seu cadro de persoal. O certo é que os niveis de ocupación estaban tamén, nalgúns casos, escandalosamente baixos, que o déficit que tiña esa empresa era galopante e chegou nese decenio a máis de 100.000 millóns de pesetas. Iso é o certo, e conduciu a que se plantexase pola SEPI a súa privatización. Dicía o señor Aymerich que o negocio foi ruinoso para a SEPI, pois, de 53 empresas coas que se contactou para ver se querían adquirir esta, só tres empresas presentaron ofertas vinculantes para facerse con iso que era un estupendo negocio, segundo algúns. Descartada unha de inmediato, o certo é que, das dúas presentadas –os americanos, como dicía vostede, ou os alemáns–, o Goberno nese momento optou pola que era máis favorable de cara ao mantemento dos postos de traballo.

Como sabemos, Kraus Maffei plantexaba pasar dos dous mil e pico traballadores que había a 800 traballadores, e levar o centro de operacións para Sevilla. Iso era o que plantexaba Kraus Maffei, á parte dun maior volume de achega por parte do Estado. E o Estado nese momento, o Goberno do Partido Popular, optou por dicir: imos a unha solución na que se manteñan os dous mil e pico postos de traballo e non os 800 que xa de cara plantexaba a empresa dos amigos do señor Zapatero, os amigos alemáns. Iso foi o que fixo o Partido Popular.

E, por tanto, ese compromiso de mantemento de todo o cadro de persoal que ofrecía General Dynamics foi o que levou ao posicionamento do Goberno Popular. E o Goberno do Partido Popular, a SEPI en concreto, non estivo só nesa decisión, porque aquí hai que recordar que o principal sindicato de Santa Bárbara firmou coa SEPI, o 27 de marzo do ano 2001, o plan industrial presentado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Por favor, os señores do público teñen que manter silencio.

O señor NEGREIRA SOUTO: Firmou o 27 de marzo, como digo, do ano 2001, o plan industrial presentado por General

Dynamics. E, por certo, tamén houbo algunha outra manifestación a favor, como foi a da Junta de Andalucía, pois o seu conselleiro de Emprego e de Tecnoloxía dixo textualmente: *“La integración de Santa Bárbara en General Dynamics es una garantía y un valor positivo”*.

Polo tanto, eu teño que dicir nesta Cámara que, evidentemente, a historia temos todos dereito a contala, pero, sen dúbida, tamén este Grupo Popular. E xa digo que o importante para o futuro non é a historia, pero, sen dúbida, ten que quedar presente.

Mire, voulle ler o que dicía o Tribunal de Contas, porque tamén tiven acceso a ese informe, que é público. É un parágrafo que eu creo que é ilustrativo para todos os membros da Cámara: *“La valoración del Grupo Santa Bárbara realizada en el mes de mayo de 1999 fue actualizada en diciembre del mismo año. La tasación del negocio de la Empresa Nacional Santa Bárbara presentaba grandes dificultades por los resultados negativos obtenidos reiteradamente, cuyo mantenimiento sólo se justificaba por la naturaleza pública del accionista. El resultado de la tasación del grupo por el procedimiento de descuentos de flujo de caja puso de manifiesto una valoración de menos 7.000 millones de pesetas y un valor liquidativo del grupo de Santa Bárbara de entre menos 32.000 y menos 52.000 millones de pesetas”*.

Esta é a historia, e tamén pertence á historia porque houbo xente que a recorreu, por entender que esta privatización era irregular, e mesmo se lles fixo crer aos traballadores que probablemente a solución podía estar en retrotraer a privatización, posto que era ilegal, e ata houbo unha sentenza do Tribunal Supremo que deixou claro que a privatización levada a cabo se axustaba a dereito.

Dito isto, que pertence á historia e, por tanto, cada un é moi libre de explicala como queira, e hai datos suficientes que avalan outras posicións, imos entrar no problema fundamental, no que seguramente imos estar de acordo no que debemos decidir. Ou, mellor dito, no que imos estar de acordo nos fins que perseguimos.

Un. Que o cadro de Santa Bárbara, nomeadamente a empresa que está na Coruña, na Fábrica de Armas da Coruña –porque xa sabemos todos que hai múltiples centros de

traballo expandidos ao longo da nosa xeografía española–, se conserve.

Dous. Imos estar todos de acordo en que necesitamos implementar a viabilidade futura de Santa Bárbara. O que pode acontecer –xa o adianto– é que ao mellor non esteamos de acordo na metodoloxía, e imos intentar, coas explicacións que imos agora relatar, poñernos de acordo niso.

Voume referir, por tanto, ás tres cuestións que están enriba da mesa. Sobre os incumprimentos do contrato de compravenda, desde logo desde o Partido Popular non imos estar nada *tibios*, e, por tanto, imos ser de todo punto esixentes en que a empresa cumpra aquilo ao que se obrigou no contrato de compravenda. Eu dígolle á señora Barcón, que na súa iniciativa denuncia varios incumprimentos: Vostedes levan gobernando dezaioito meses en España; vostedes levan gobernando dezaioito meses na SEPI; non o denuncie aquí, pode vostede denuncialo na SEPI, e que a SEPI –e aí imos estar todos de acordo– lle esixa punto por punto todo o que lle teña que esixir a esa empresa. Aí non imos ter *tibieza* de ningún tipo, senón plena esixencia. Por tanto, eu o que lle recomendo é que faga esa denuncia, e estaremos con vostede na SEPI, que é o lugar adecuado e onde vostedes levan xa dezaioito meses.

Segundo. O plan de viabilidade futura, dotar de viabilidade futura. Tamén imos estar de acordo niso. O que nós dicimos é que non vale para moito que creemos aquí unha comisión entre a Consellería de Industria e os sindicatos. Nós dicimos que temos que ir máis alá. Temos que incorporar tamén o actor principal, que é a propia empresa, e temos que incorporar a SEPI, que é a que pode, coa súa influencia, coa súa posibilidade de esixir o que a empresa non está cumprindo, facer posible un plan de viabilidade. ¿Por que o digo? Porque nós propoñemos na nosa emenda que sexa a SEPI, que sexan as organizacións sindicais, que sexa a empresa General Dynamics, que sexa a Xunta de Galicia, porque nós... ¡Home!, alguén poderá dicirme que non é de estrita competencia da Xunta. Se non é de estrita competencia, si é de incumbencia da Xunta de Galicia, e o que non pode facer a Xunta é quedar á marxe da negociación que se faga para a viabilidade futura desta empresa. E dígolle por que. Porque ao mellor podemos esixir que a empresa cumpra as cargas de traballo que tiña que achegar. Pero, claro, se resulta que esas cargas de traballo, polas influencias políticas non transparen-

tes, en vez de vir a Galicia marchan para Sevilla, como podería pasar –supoñamos que a empresa puidera facer un millón de fusiles para o exército estadounidense e en vez de vir a Galicia fosen para outra factoría–, pouco arraxariamos para a fábrica da Coruña. Ou se esiximos investimentos, que a empresa cumpra todas os seus investimentos, e eses investimentos van para outras factorías e non para a empresa da Coruña, pois ao mellor non acertariamos. Por iso nós cremos que sería moi oportuno que o conxunto de actores, e a Xunta de Galicia nomeadamente porque pode apoiar, estivera nesa negociación e non lle dera as costas a esta empresa.

A terceira cuestión son os terreos. Nós fixemos unha emenda que está en consonancia co que pensan dous grupos municipais da Coruña e co que pensaba o Partido Socialista no ano 2000. Ese é o texto da nosa emenda. Cremos que a principal garantía para que teña viabilidade futura a principal panca é seguir mantendo esa fábrica aí, en tanto en canto non teñamos enriba da mesa outra solución.

Por tanto, o que plantexamos é que aos actores que circunvalan toda esta actividade se lles deixe moi claro que non se vai variar a situación da Fábrica de Armas da Coruña, que non se vai alterar a cualificación urbanística da fábrica de armas, en tanto en canto non haxa unha solución segura, fiable, e non só simples promesas.

Porque, mire, a min agora venme á memoria o sector aeronáutico, do que se está a falar. Hai pouco, os empresarios da aeronáutica denunciaban aquí claramente o que entendían que era un agravio máis para Galicia, no senso de que, do novo Airbus, as pezas, os mecanismos e os traballos non viñan precisamente para Galicia –para Vigo concretamente, onde hai unha puxante industria nesta materia–, senón que ían para outras rexións, como o caso do País Vasco e Cataluña. Por tanto, eu pídolle á Xunta, desde logo, que se implique; se non é da súa estrita competencia, si é da súa incumbencia.

Remato xa. Desde logo, desde o Partido Popular imos coincidir nos fins: conservar os postos de traballo e dotar de viabilidade futura esta empresa.

Nada máis e moitísimas grazas.

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Recórdolles aos señores que están no público que non poden facer ningunha manifestación, e rógolles que abandonen a sala. Rógolles que abandonen o hemiciclo. Rógolles que abandonen o hemiciclo.

Grazas a vostedes polo seu comportamento. *(Pausa.)*

Proseguimos coa rolda de posicionamento sobre as emendas.

Ten a palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, don Carlos Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Para posicionarme sobre as emendas, xa lle adianto que creo que, dalgunha forma, manifeste o parecer dos tres grupos. Podemos ter un lapso de cinco minutos para ver se somos capaces –penso que si, que o seremos– de chegar a unha proposta conxunta. Só vou comentar algunhas das consideracións que, co ton construtivo que é habitual nel, acaba de facer o señor Negreira.

A historia. En canto á historia, pois claro que convén mirar para adiante. Pero eu creo que a historia tamén convén tela presente –como se di, é case un lugar común– para non repetir os erros.

¿Que a Empresa Nacional Santa Bárbara estaba nunha situación complicada desde o punto de vista económico no momento da venda? Sen dúbida. A mesma na que está hoxe, de acordo cos últimos datos económicos que a empresa lle facilitou ao comité intercentros; a mesma, se non peor.

¿Que o Partido Popular non vai ter ningunha dúbida á hora de esixir o cumprimento das obrigas asumidas por General Dynamics? Pois asegúrolle que me gusta escoitalo. Gústame, porque vostede coincidirá comigo, señor Negreira, en que iso supón un cambio con respecto ao que o Partido Popular facía cando era el quen gobernaba en Madrid. Voullo dicir con toda cordialidade, pero tamén con toda clareza. Os compromisos asumidos por General Dynamics no contrato eran compromisos temporalizados, e os prazos foron incumpridos en tempos; pero tamén nos tempos nos que gobernaban vostedes. Por exemplo, para o ano 2001 había que achegar, tiña que achegar *General Dynamics*, un volume de negocio por valor de 3.168 millóns de pesetas. ¡Nada! No ano 2002, 4.266. ¡Nada! No ano 2003, 6.103 millóns de

pesetas, e non se achegou nada. E por parte do Goberno, daquela do Partido Popular, non se dixo tampouco absolutamente nada. Por tanto, se vostedes agora reivindicán, demandan, presionan,... benvidos. Pero coincidirá comigo en que supón un cambio.

Podemos falar do informe do Tribunal de Contas, pero falemos de todo o que di o informe. Porque no informe tamén se di –en concreto, na páxina 85– que, “conforme á información facilitada, transcorridos dous anos de xestión, os propietarios de Santa Bárbara Sistemas” –é dicir, General Dynamics– “non cumpriran os compromisos máis importantes”, isto é, a realización de investimentos por valor de 60 millóns de euros e a achega de volume de negocio. Isto é nos dous primeiros anos de vixencia do convenio. Gobernaba o Partido Popular. Porque este informe sabe que é un informe de fiscalización das operacións de privatización das empresas públicas entre 1996 e o ano 2002. A min non me doen prendas en criticar o Goberno español do PSOE cando haxa que criticalo. Creo que non son precisamente dubidoso diso. Pero tamén me gusta dicir e atribuír as responsabilidades en cada caso a quen as ten.

Polo demais, penso, efectivamente, que podemos chegar a un acordo, penso que debemos de chegar a un acordo. Logo falaremos, pero penso que dalgunha forma ese acordo debería xirar arredor de tres cuestións.

Primeiro, demandar do Goberno español o cumprimento do contrato entre o INI –o Instituto Nacional de Industria, daquela– e Defensa. Non foi liquidado formalmente, segue vixente, polo tanto, o que supón isto é que Santa Bárbara non pode ser un licitador máis, ten que ter una relación preferente co Ministerio de Defensa. É o que está recollido nese contrato.

En segundo lugar, demandar do Goberno español –aí, polo que dixo, non vai haber ningún problema– que garanta o cumprimento das obrigas asumidas por General Dynamics na compra da empresa.

En terceiro lugar, demandar do Goberno español que garanta a continuidade da Fábrica de Armas da Coruña na súa localización actual...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich, no momento da transacción terá vostede ocasión...

O señor AYMERICH CANO:... en tanto non se achegue un plano sólido e fiable. Penso que podemos chegar a un acordo.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Ten a palabra a señora Barcón Sánchez, polo Grupo Parlamentario Socialista.

A señor BARCÓN SÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

Señor Negreira, ¡é unha pena! Porque se o Partido Popular tivera a oportunidade de gobernar algunha vez en España ou en Galicia, seguro que a situación de Santa Bárbara non sería a que é. Seguro que, se vostedes tiveran algunha vez algunha responsabilidade, isto non tería lugar. E se vostedes tiveran algunha vez a capacidade de gobernar ou a maioría absoluta nesta Cámara, seguro que esta Cámara se manifestaría e exercería a presión necesaria. Pero como nunca a tiveron, ¡mala sorte! Aquí estamos hoxe, en definitiva.

Dicía onte o señor Tabarés que eu citaba os clásicos, e vou citar un clásico, a miña avoa, que dicía que o falar non ten cancelas. E tiña razón. En calquera caso, e tamén con espírito construtivo, gustárame deixar claro que o Grupo Socialista só ten uns amigos: os cidadáns que o votan e os traballadores que hoxe forman parte da factoría de Santa Bárbara da Coruña, esas son as súas únicas alianzas, as do Grupo Parlamentario Socialista, as dos socialistas que gobernan en todas as institucións. Eses son os nosos únicos amigos, señor Negreira, e os nosos únicos compromisos. Por iso mesmo estou segura de que imos acadar ese acordo fundamentado nos tres piares: de existencia de cumprimento do contrato, de existencia dun plano novo e, por suposto, de que non se especule cos terreos e que non se facilite o traslado da factoría ata que non haxa un plano. Nunca foi intención do comité de empresa nin dos traballadores nin, desde logo, deste Grupo Socialista, nin dos socialistas alí onde estean gobernando. E a vostedes cónstalles.

E por último volvo falar dos amigos. Cando queira, señor Negreira, facemos unha lista de amigos, pero empezamos polos de Telefónica, se lle parece. En calquera caso, quero manifestar a vontade do Grupo Parlamentario Socialista para chegar a ese acordo nesas emendas e que desta Cámara saia un acordo co cento por cento, co acor-

do global dos tres grupos, para reclamar ese plano e eses compromisos ata que haxa un plano industrial novo, de futuro, co mantemento do cadro de persoal e da carga de traballo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Barcón.

Suspendemos uns minutos a sesión para que os tres grupos, tal e como teñen manifestado, poidan transaccionar un texto conxunto.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Entendo que chegaron vostedes a algún acordo. Explique, señor Aymerich, cal é.

O señor AYMERICH CANO: Vou ler os termos desa transacción asinada polos tres grupos.

A proposición non de lei quedaría da seguinte maneira:

“O Parlamento insta o Goberno galego a:

1º.-Demandar do Goberno español o cumprimento do contrato INI-Defensa, co fin de garantir a carga de traballo para todos os centros da empresa Santa Bárbara.

2º.-Demandar do Goberno español que garanta o cumprimento das obrigas asumidas por General Dynamics na adquisición da Empresa Nacional Santa Bárbara en todo o que atinxe a carga de traballo, novos contratos e investimentos tecnolóxicos.

3º.-Demandar do Goberno español que garanta a continuidade da Fábrica de Armas da Coruña na súa localización actual, polo menos ata que non se presente en colaboración coa Xunta de Galiza un plano industrial de futuro sólido e fiábel que asegure a diversificación da produción e a achega de nova carga de traballo, e, en todo caso, o mantemento do actual nivel de emprego”.

Esta sería a transacción.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Aymerich. Pídlles que lles fagan chegar por escrito o acordo aos servizos xurídicos da Cámara.

Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Castro García e tres deputados máis sobre as actuacións do Goberno galego respecto da artesanía alimentaria de Galicia

A señora PRESIDENTA: Os grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego presentaron unha emenda que está en poder das súas señorías, que é o documento 1463.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa das súas deputadas M^a Soledad Soneira Tajés e M^a Tereixa Paz Franco, presentan ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.-Impulsar as iniciativas que ao abeiro da legalidade vixente se dediquen á artesanía alimentaria.

2.-Apoiar as producións ecolóxicas de Galicia.”)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra don Roberto Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Señora presidente.

Señoras e señores deputados, a diferenza doutros –e cando me estou referindo a outros refírome ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido dos Socialistas de Galicia–, que suprimiron por un acordo de Goberno –en definitiva, un reparto da torta do poder–, as súas propias propostas dirixidas á cidadanía nas pasadas eleccións autonómicas –vía programas electorais, evidentemente–, substituídos estes por ese acordo de Goberno, no caso do Partido Popular, o noso compromiso con Galicia segue a ter plena vixencia. E é unha vixencia por escrito, evidentemente. Asumi-

mos un compromiso coas galegas e galegos e seguimos a mantelo, naturalmente.

Este libro que teño aquí era e é o compendio das nosas propostas, coas que acadamos o apoio de 754.000 galegas e galegos, e, con eles, 37 escanos o 19 de xuño. E segue a ter plena vixencia porque é a alternativa. Ademais, señorías, algo de sentidíño de vez en cando hai que poñer nalgúns asuntos de interese para a cidadanía.

Na páxina 63 deste libro que lles estou a citar escribiamos no noso programa o seguinte: Implantaremos o selo “Artesanía Alimentaria de Galicia” para dar cobertura a todas as producións tradicionais, incluíndo tamén toda a repostería tradicional galega, abarcando máis de medio centenar de produtos.

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria de Galicia, dedica o seu capítulo III á artesanía alimentaria. Nese capítulo téntase recoñecer e fomentar os valores económicos, os valores culturais e os valores sociais que a artesanía alimentaria ten no noso país. Esa lei, aprobada por esta Cámara na pasada lexislatura -na sexta lexislatura- e coas achegas -teño que dicir que importantes- dos dous grupos que daquela eran oposición, Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista de Galicia, que fixeron, xa digo, as súas emendas a esta lei da que estou a facer referencia, das que nós aceptamos unha parte razoable, transaccionamos outra parte importante e tamén rexeitamos algunha outra parte, creo que é unha lei que, se non fose o tempo electoral ou preelectoral no que se produciu, seguramente a súa votación sería ben diferente, pero xa saben vostedes que os tempos ás veces son marcados por certas circunstancias, e que unha situación cambia respecto doutra en función deses tempos.

Diciálles que nese capítulo correspondente da lei alimentaria de Galicia se definía claramente a artesanía alimentaria, e dicíase que é a actividade de elaboración, manipulación e transformación de produtos alimentarios que, cumprindo a normativa vixente, están suxeitos a unhas condicións, en todo o proceso produtivo, respectuosas co medio ambiente, que lle garanten ao consumidor un produto final individualizado, de calidade e de características diferenciadas, obtido en pequenas producións controladas pola intervención persoal do artesán.

Asemade, a lei á que estou a facer referencia, no seu capítulo III, explicita o de preservar e conservar as empresas artesanais que elaboran produtos alimentarios, e creo que isto é moi importante para o noso país. Señorías, de todos é sabido que os produtos galegos teñen calidade e prestixio recoñecidos en Galicia, pero tamén alén das nosas fronteiras, e aínda así, sendo algo importante, tamén é preciso coñecer por parte dos consumidores que determinado produto ten a súa orixe en Galicia neste caso. A nós, como país, viríanos francamente ben, e aos consumidores tamén, porque teñen unha referencia clara dese produto de cara á súa identificación. Por iso, señorías, nós demandamos a través desta proposición non de lei, que é unha iniciativa de impulso, ese selo, ese carimbo -como lle gusta denominar ao Bloque Nacionalista Galego-, que poida dar fe da cualidade artesá deses produtos galegos, cumprindo os requisitos que se esixen para selo; hai uns determinados requisitos que aparecen na Lei de artesanía alimentaria de Galicia.

Tamén pensamos que é francamente importante que desde os poderes públicos do noso país se impulsen, na medida do posible, todas as iniciativas empresariais que teñan a distinción de artesanais, de acordo coa normativa legal vixente.

Xunto con todo isto, tamén estimamos que a ecoloxía poida estar presente, e cada vez máis, como referencia e garantía de calidade nos produtos de Galicia. Saben as súas señorías que nestes tempos todo o que soa a ecolóxico, aínda que ás veces se bordea ese termo na súa integridade, ten unha importante demanda pola cidadanía no que se refire ao consumo de produtos, e tamén, por suposto, o aspecto artesanal. Efectivamente, o consumidor demanda cada vez máis eses produtos de calidade contrastada, elaborados artesanalmente e cun respecto polas producións ecolóxicas.

Eu creo -estou convencido- que isto é un horizonte cara ao que temos que camiñar, e aí temos uns produtos galegos que teñen un futuro francamente esperanzador, sendo xa, por outra parte, unha realidade no día de hoxe. De todas maneiras, aínda que temos feito moito neste campo, indubidablemente queda moito por facer, e eu creo que, neste caso, quen nos goberna neste momento ten que asumir lexitimamente unha serie de compromisos e unha serie de esforzos nesa liña, que, en definitiva, son importantes para a cidadanía. Vostedes recorden que non hai moitos anos houbo algunhas

crises importantes no sector alimentario que nos levaron a replantexar algunhas cousas a todos, e demostrouse daquela a importancia da produción artesanal, a importancia do control en pequenas producións, a importancia destes produtos que teñen unha garantía importante para o consumidor.

Polo tanto, señora presidente, señorías, agardo con moito interese o posicionamento dos dous grupos parlamentarios que apoian o Goberno nesta cuestión, e agardaremos, como digo, con moito interese o que nos teñen que dicir sobre esta cuestión, para ver se é posible, no seu momento, chegar a algún tipo de acordo.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Castro.

Rolda de grupos emendantes. (*Pausa.*)

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona María Tereixa Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados, hoxe tráenos aquí a artesanía alimentaria, que, por outro lado, non é nada novo senón que é o modelo tradicional en que os labregos e os gandeiros galegos produciron os seus produtos durante toda a vida. Un modelo, por certo, bastante deostado durante algún tempo, importando e mesmo obrigando, dalgún xeito, aos labregos e ás labregas a adoptar un modelo de produción diferente ao tradicional, no que, ademais de deteriorar a calidade dos produtos que se producían, tamén comprometéa a viabilidade das súas explotacións, xa que os obrigaba a introducir *input* externos e ademais afastábase bastante dese modelo sustentábel, ecolóxico, que vostede agora defendeu, e asentado na base territorial. Nós, o Bloque Nacionalista Galego, sempre defendemos este modelo, e moitas veces fomos tachados por vostedes de pouco modernos ou de minifundistas, de que non queríamos avanzar e de todas esas cousas.

Finalmente, parece que despois de quince anos de Goberno, cando xa chegaba ao final a sexta lexislatura, vostedes decidiron apostar por aprobar unha lei, a 2/2005, á que vostede facía referencia, de protección, promoción e defensa da calidade e da artesanía alimentaria.

Efectivamente, esa lei que se aprobou ao final da lexislatura está aínda falta do desenvolvemento regulamentario propio de todas as leis, e eu centraría a urxencia dos tres desenvolvementos máis prioritarios no que se refire, en primeiro lugar, ao réxime xurídico e de funcionamento dos consellos reguladores, xa que nesta lei se lles daba a eses consellos reguladores un prazo de dous anos para adaptáranse a esta nova lei, co fin de adquirir personalidade xurídica e despois poder convocar eleccións. É urxente que se faga o desenvolvemento dese réxime xurídico, xa que hai algún consello regulador que xa está fóra de mandato e, ao longo do ano 2006, hai varios –en concreto dez– aos que lles vence o seu.

Igualmente é preciso que se elabore con certa premura o decreto sobre a artesanía alimentaria de Galicia, porque vostede presenta unha moción que pide o desenvolvemento desa lei, pero hai que recordar que aínda falta o marco legal que desenvolva o capítulo III da Lei 2/2005, e que, polo tanto, se desenvolva toda a normativa, esa normativa básica para redactar e aprobar as normas técnicas específicas para cada un dos sectores da artesanía alimentaria. Isto tamén é moi urxente porque, á parte de que é preciso empezar a traballar nese sentido, antes da aprobación da Lei 2/2005 toda esta artesanía alimentaria estaba ao abeiro da Lei 1/1992, e, polo tanto, estaba dentro do Rexistro de Artesanía da Consellería de Innovación e Industria, e como consecuencia da aprobación desta lei deixou de estalo; polo tanto, está aí un pouco no ar, por dicilo dalgún xeito.

E, finalmente, é preciso tamén regular o Ingacal. Desde o noso punto de vista, é importante e urxente que se desenvolva a normativa e o regulamento do Ingacal, xa que este ten que ser unha peza clave para a posta en marcha da artesanía alimentaria e das novas denominacións de calidade que se están a tramitar. E desde o noso punto de vista debe exercer como órgano de control e certificación da calidade.

Ademais, aproveito esta intervención para manifestar que nós, o Bloque Nacionalista Galego, defendemos un modelo público de certificación desa calidade. Polo tanto, é necesario, en primeiro lugar, desenvolver a Lei 2/2005, e nós, ademais, esperamos que pola vía do seu desenvolvemento se cubra algunha das eivas que no seu momento manifestou o Bloque Nacionalista Galego a respecto desta

lei e que se melloren algunha das cousas que se explicitaban nesta lei, por suposto sen contravila.

Nós cremos que, ademais disto, hai que tomar outras medidas para garantirlle un certo futuro e unha certa estabilidade ao sector da artesanía alimentaria. Hai que apostar por dous aspectos: non só pola produción senón tamén pola comercialización. Cremos que é imprescindible que haxa un seguimento da calidade dos alimentos, porque vostede facía referencia, efectivamente, á sona ou ao prestixio que teñen os produtos galegos, os produtos artesanais galegos, como referenciados, como produtos de calidade. Hai que facer, polo tanto, un seguimento deses produtos para evitar a fraude. Para iso tamén é imprescindible poñer en marcha medidas para facer seguimento da trazabilidade dos alimentos desde a súa orixe, na produción, durante todo o proceso de elaboración e transformación, e, finalmente, na comercialización.

Sabe vostede coma min que ano tras ano, no mes de maio, aparecen nos centros comerciais do noso país unhas bolsas de patacas que poñen: “Pataca nova da Limia”, cando vostede e mais eu sabemos perfectamente que no mes de maio a pataca da Limia aínda se está sementando e, polo tanto, é imposible que esas patacas sexan da Limia. Iso, á parte de constituír unha fraude que prexudica economicamente aos labregos e ás labregas galegas, constitúe tamén unha fraude contra a calidade dos nosos alimentos, porque normalmente se meten produtos de peor calidade e iso vai en detrimento da consideración social dos alimentos galegos como produtos de calidade.

Con respecto ao segundo punto da súa proposición non de lei, nós emendamos ese punto. Vostedes piden que se implante un selo específico de artesanía alimentaria galega porque, tanto o conselleiro de Industria na súa comparecencia nesta Cámara, como o conselleiro do Medio Rural, apostaron pola identificación dos produtos galegos cunha marca de calidade; por identificar produto galego con produto de calidade. Nós cremos que hai que definir previamente cal vai ser a estratexia a ese respecto por parte do Goberno, e non podemos empezar a sacar catrocentos carimbos de calidade para os produtos galegos porque iso podería producir unha interferencia duns con outros e mesmo a colisión dos intereses duns produtos con outros. Por iso nós cremos que, na medida do posíbel, se debe unificar ese carimbo de cali-

dade dos produtos galegos non establecendo excesivas diferenciacións.

En canto á nosa emenda ao primeiro punto —que me esquecín de dicirlllo con anterioridade—, nós o que propoñemos é que se impulsen as iniciativas que se establezan ao abeiro da legalidade vixente e que se dediquen á artesanía alimentaria no sentido que lles dicía con anterioridade. Vostede restrínxeo ao abeiro da Lei 2/2005, e nós cremos que é mellor abrillo, para que caiban dentro dese impulso todas aquelas que se poidan establecer ao abeiro da normativa que desenvolva esa lei ou calquera outra lei que se poida aprobar neste Parlamento e que vaia no mesmo sentido, de impulsar un modelo produtivo determinado, de impulsar un modelo de calidade determinado e de impulsar, en definitiva, os produtos da nosa terra.

E finalmente, con respecto ao último punto: “Apoiar decididamente as producións ecolóxicas de Galicia, impulsando novos produtos con distintivos de calidade”, suprimimos o de distintivos de calidade polo mesmo motivo que lle expuxen con anterioridade. Estamos introducindo unha cantidade de distintivos que, ao final, o que fan é interferir uns con outros. Por iso nós, apostando por desenvolver un modelo sustentábel de produción, e, polo tanto, pola produción ecolóxica, propoñemos que o segundo punto fiquen “apoiar as producións ecolóxicas de Galiza.”

Por suposto, cremos que, ademais, no desenvolvemento desta lei e no desenvolvemento da artesanía alimentaria, e como xa anunciou tamén o conselleiro do Medio Rural na súa comparecencia e tamén o conselleiro de Industria, é preciso apostar pola comercialización. Porque, efectivamente, temos moi bos produtos, temos produtos de moita calidade, temos moita habelencia nos nosos artesanais para elaborar eses produtos, pero moitas veces faltan os mecanismos para comercializar, tanto dentro do país como no exterior, eses produtos. Polo tanto, ten que haber medidas que permitan esa comercialización, potenciar os mercados locais, potenciar as medidas de contacto entre os produtores e os consumidores, potenciar o cooperativismo de comercialización; en definitiva, potenciar que nós teñamos capacidade para vender eses produtos que temos.

Estas creo que serían as liñas de actuación que é preciso levar a cabo para potenciar e poñer nunha mellor situación ese

sector produtivo de artesanía alimentaria, e, por suposto, todas estas medidas, tanto as legais como as doutra índole, ás que fixo mención, terán que facerse contando coa interlocución permanente co sector, coas organizacións agrarias, coas cooperativas; en definitiva, con todos os axentes que interveñen, desde a produción, a transformación e a comercialización.

Moitas grazas, señora presidenta. Moitas grazas a todos.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Franco.

Ten a palabra a señora Soneira Tajés polo Grupo Parlamentario Socialista.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señora presidenta. Señoras e señores deputados, vou facer unha consideración previa ao fío da intervención do señor Castro.

Dá a sensación de que, un goberno aprobado pola maioría absoluta da Cámara, se é do Partido Popular é lexítimo, e non se reparte *tarta*, e se é outro goberno o que ten a maioría absoluta da Cámara pero é de coalición, resulta que non é tan lexítimo, e non se sabe qué *tarta* se reparte. Porque, claro, nun caso distribúense responsabilidades, non se sabe se en razón da boina ou do *birrete*, e noutro caso resulta que é menos lexítimo.

Eu creo que vostedes teñen que superar esa especie de obsesión, porque este país tamén necesita de vostedes, e, mentres sigan así, a verdade é que vai ter que esperar moito por vostedes, moitísimo. E dígolles máis, dígolles que os gobernos de coalición son a norma en Europa, e son incluso a norma neste país en moitísimos gobernos autonómicos; de feito, estes días acabamos de asistir a unha gran coalición, e non me negará vostede que a señora Merkel está lexitimada para gobernar un dos principais países europeos, porque entón si que xa isto sería o mundo ao revés.

Vamos ao que nos interesa desta proposición non lei.

Nós presentamos unha emenda porque as cousas mudaron tamén neste tipo de cuestións. Señor Castro, señores do Partido Popular, esta é unha lei aprobada en solitario polo Grupo Popular no mes de febreiro deste ano, publicada no mes de marzo, creo recordar. A propia lei ten os instrumentos e fixa os prazos para o seu desenvolvemento e para que

se establezan os regulamentos e se deseñen os instrumentos para levala a cabo. Pero dicía o meu compañeiro Francisco Sineiro, cando debateu esta lei –non sei se se acorda–, “*poesía eres tú*”, referíndose á súa intervención. Eu non sei se vostede é poesía, pero isto é, máis que amor, frenesí. Vostede quere que todas estas cousas se fagan en cinco minutos e sen sequera respectar os prazos que se estableceron nesa lei, que os estableceron vostedes, non foi o noso grupo. E vou tratar de demostralo. Non vou entrar nos argumentos que utilizou a señora Paz, porque creo que sería redundante, pero temos, para empezar, que aquí o que se utiliza é a mesma exposición de motivos baseada no que di a propia lei. ¿E a lei que di con respecto a este tema que hoxe estamos discutindo aquí? Artigo 21, voullo ler a todos vostedes para que saiban o que presentan. Di: “Consello Galego de Artesanía Alimentaria. Punto 1. Regulamentariamente creárase o Consello Galego de Artesanía Alimentaria, órgano colexiado con funcións referidas unicamente á actividade artesanal alimentaria e composto por representantes dos distintos departamentos da Xunta de Galicia competentes na materia, por representantes das organizacións sectoriais e por expertos na materia”. E despois define as funcións, que son:

a) “Estudar e propor actuacións relativas ao fomento, protección, promoción e comercialización da artesanía alimentaria.” O que pide o señor Castro.

b) “Estudar e propor a regulamentación relativa ás empresas e aos produtos artesanais alimentarios.” O que di o señor Castro na proposición non de lei.

c) “Estudar e proporlles modificacións aos requisitos e ás condicións para outorgar a carta de artesanía alimentario.” Propono vostede, vostede fala do *carimbo*, pero ao final primeiro haberá que definilo. Dío a lei.

d) “Estudar e propor novas actividades artesanais alimentarias”.

e) “Estudar e propor as condicións que regulen a utilización da etiquetaxe, a presentación e a publicidade das expresións *artesanía alimentaria* e, en xeral, dos termos *artesanía*, *artesanal* e *artesanía*”.

Eu podo entender que, pasado un ano sen que isto se fixera, o Grupo Popular instara o Goberno, que é a súa obriga-

ción, pero resulta que, se imos ás disposicións adicionais, a mesma lei aprobada en solitario polo Grupo Popular di: “Os artesáns e mais os talleres artesanais con actividades relacionadas coa produción alimentaria inscritos nas seccións dous e tres do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia inscribíranse de oficio no Rexistro de Artesanía Alimentaria de Galicia regulado no artigo 26 desta lei, con sometemento pleno ás obrigas e ás condicións que establece a normativa de desenvolvemento desta lei en materia de artesanía alimentaria.”

E a guinda di: “No prazo de dous anos desde a publicación desta lei, os actuais regulamentos das denominacións de calidade, así como os seus consellos reguladores, deberán adaptarse ás súas previsións.”

É dicir, que o Partido Popular lle propón no seu día ao Goberno unha lei que aprobaron en solitario, e nós aquí temos argumentado que máis que unha lei para regular este sector era unha lei de sancións. Sabe vostede que é durísima nesa materia, e dámos a impresión de que a un artesán alimentario en Galicia, con esa lei na man, que tivera a desgraza de que unha castaña lle saíra mala, lle podía caer unha sanción de 50 millóns de pesetas. Iso non llo vai arranxar un selo ou un *carimbo*. Pero o peor non é iso, o peor é que aquí se insta a un goberno que leva escasamente tres meses no exercicio do poder a que cumpra algo para o que, previamente, se establecía como mínimo dous anos. ¿Que pasa, que son dous anos cando o Goberno é do Partido Popular e escasamente tres meses cando gobernan outros? ¡Home, non!

Se nós aplicáramos o mesmo criterio que aplicaba aquí o Grupo Popular cando tiña maioría absoluta, directamente votaríamos que non, señor Castro. Pero aínda que vostedes crean que non, as cousas cambiaron e mudaron, e por iso propoñemos unha emenda a esta proposición non de lei, porque cremos de verdade que é importante. É aquí recordo algunhas críticas moi acedadas do Grupo Popular no pasado sobre estes temas, nas que lles dicía a outros grupos que o que querían era volver ás cavernas, ás producións nas cavernas. Esta deputada e o noso grupo teñen sostido —e algún de vostedes tenme oído— que a democracia non é só votar cada catro anos. A xente que non está nisto que estamos nós empezou a notar a democracia cando os fillos dos mariñeiros, dos labregos e do peón camiñeiro puideron comer cada semana as proteínas necesarias e tomar o leite que antes non

se tomaba porque o poder adquisitivo non daba para iso, que iso só era un luxo de determinadas clases sociais. O outro tamén é democracia, pero tamén as producións intensivas, que ás veces as poñemos en contraposición con outras, e parece que son esencialmente malas, e non é malo. Temos que casar estas producións de moita calidade coas outras, porque as outras son garantía de igualdade alimentaria dentro do conxunto da sociedade. Polo tanto, si, pero, ¡home!, señor Castro, de verdade, o seu, máis que amor, é frenesí.

Moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

Para a rolda de posicionamento sobre as emendas, ten a palabra do Roberto Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, señora presidente.

Señora Paz, pacificamente, como lle digo sempre, isto non é unha moción. A estas alturas da película —xa pasaron máis de cen días para vostede tamén— vostede debe saber que isto é unha proposición non de lei, que ten unha proposta de resolución, que é o que votamos ao final; emendada neste caso, por precisar, ¿verdade?

Di vostede, a respecto do sector artesán: “Deostado.” Non sei por quen, pero, desde logo, polo noso grupo en absoluto que non. Di que nós aprobamos a Lei 2/2005. Non, non, señora deputada, permítame que a volva corrixir. Esta Cámara aprobou a lei. Vai sendo hora de que o saiba tamén.

Fala vostede do desenvolvemento regulamentario. Claro, pero o goberno era outro, así que, mans á obra, correspóndelle ao goberno. Todo isto non nos impide que poidamos demandar isto, razoablemente.

Din vostedes que hai que regular o Ingacal —Instituto Galego de Calidade Alimentaria—. Pois mans á obra. Hai que regulalo, certo, pero iso correspóndelles agora a outros, non me siga vostede na posición de oposición; vostede está apoiando un goberno, polo tanto...

¿Que se melloran aspectos da lei? Señora Paz, estou absoluta e totalmente de acordo con vostede. Evidentemen-

te, en toda obra humana sempre hai cousas que mellorar. Para estar peor do que estabamos non están vostedes aquí, desde logo, como goberno. Téñeno moi fácil: para o que crean vostedes que é mellorable, remitan un proxecto de modificación da lei, recibiremos encantados ese proxecto e, na medida das nosas humildes posibilidades, faremos algunhas achegas, se nos é posible.

Fala vostede de evitar a fraude. Tamén niso estamos de acordo. Pero o control e a inspección, vólvolle insistir, xa non lle digo de quen dependen porque xa o sabe vostede. Agora, se vostede suprime o tema do selo ou *carimbo*, e fala vostede de que non pode haber catrocentos... Eu pídolle un; un é suficiente. Se hai un e ben plantexado, creo que recolle perfectamente o que queremos recoller: a artesanía alimentaria de Galicia.

Estamos tamén de acordo no tema da interlocución cos sectores, é indubidable. Polo tanto, aí estamos totalmente de acordo.

Señora Soneira, en relación co reparto da *tarta*, cando era un goberno só, a *tarta* era toda deles, toda; agora hai que repartir entre vostedes, de maneira que teñen vostedes que medirse moito.

Non lle vou entrar no tema dos *birretes* e das boinas. Vostede sabe perfectamente que academicamente a min corresponderíame o *birrete*, pero eu, por talante, estou máis próximo á boina, ¡que lle imos facer!. Polo tanto, neste sentido está clara a cuestión, está moi clara.

Di vostede que este país ten que esperar moito por nós, neste caso; moito. Pois non crean que tanto, non crean que tanto. Xa son algo máis de cen días de menos. Coidado, señora Soneira, precisen iso.

Di vostede que foi aprobada en solitario a Lei 2/2005. Porque vostedes quixeron, señora Soneira. Vostede estaba moi próxima, era colaboradora importante do señor Sineiro –que recordamos con todo afecto aquí nesta Cámara–, e sabe –e díxeno antes máis sutilmente e voulo dicir agora máis claramente– que, se cando se aprobou esta lei –fixese que é a lei segunda do 2005– non fora o 2005, senón que fora un pouquiño antes, estou convencido de que vostedes terían unha posición de voto diferente. Dígollo con clari-

dade, sinceramente. Porque despois do traballo que fixemos en ponencia sobre todas as emendas dos dous grupos parlamentarios que daquela eran oposición a saída era moi difícil. Porque cando ti emendas e che aceptan o que emendas, ¿que saída che queda?, ¿votar en contra? Pois é pouco coherente, ¿verdade? Vostede terá que considerar comigo que, efectivamente, nese aspecto avanzamos moito.

¿Que se faga agora en cinco minutos? Non, señora Soneira, de ningún modo. Tomen vostedes o tempo que precisen. En todo caso, eu vexo que está vostede botando balóns fóra desde a súa posición. Está vostede apoiando o Goberno, e ás veces hai que facer algún que outro *regate*, eu tamén o comprendo, é entendible. Pero, mire, eu preguntaría-lle cando vostede nos vai permitir a nós empezar o labor de oposición. Porque, claro, cinco minutos, non, e cen días, tampouco; déixenos un ano e medio. Oia, mire, vostede cumpra co seu deber –que eu sei que o cumpre moi dignamente e moi ben– e déixenos a nós que tamén o cumpramos.

Di vostede que a democracia non é votar cada catro anos –remato, señora presidenta–. Mire, eu teño unha idea da democracia: a democracia é a sospeita reiterada de que máis da metade da xente ten razón máis da metade das veces. Ao mellor resumo un pouco a cuestión. Pero, en calquera caso, señora presidenta, coa súa benevolencia, solicítolle unha suspensión breve para intentar chegar a un acordo entre eu mesmo e as señorías que debateron comigo.

A señora PRESIDENTA: Moi ben, señor Castro, moitas grazas.

Suspendemos uns minutos –espero que sexan poucos– o pleno para que as súas señorías poidan acadar un acordo.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Señor Castro, ten vostede a palabra para explicitar se chegaron a un acordo.

O señor CASTRO GARCÍA: Si, señora presidenta, vou explicar un pouco no que quedamos.

Eu dicía hai algúns plenos que non hai quen poida con elas, e, efectivamente, é así. Ímoslle aceptar como transacción a substitución, aínda que realmente elas a plantexan como unha modificación, pero, mire, a xenerosidade da que ás veces se falou nesta Cámara é, no noso caso, substituír o punto 1 e o 3 polas emendas que presentan os grupos.

E eu a este respecto, señora presidenta, se lle parece ben, solicítolle que poidamos votar por puntos. Nós queríamos votar o punto 2 tamén; é unha iniciativa nosa. Entón, aceptando esa transacción do 1 e o 3, se quere votamos conxuntamente o 1 e o 3, ou se non por separado, e logo votamos o 2, que é o que se mantén vivo da iniciativa.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas a vostede.

Se entendo ben, no punto 1 acepta vostede a emenda; o punto 2 da emenda sería o punto 3 da súa proposición non de lei —entendo eu iso así—; e quere votalo por separado.

¿Están de acordo os grupos emendantes con que se faga así? (*Asentimento.*)

Pois entón queda transaccionada con esas modificacións, e votárase por separado.

Moitas grazas.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Enrique César López Veiga e catro deputados máis, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto dos proxectos de instalación de parques eólicos no dominio público marítimo-terrestre

A señora PRESIDENTA: Esta proposición non de lei ten dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario do BNG e outra do Grupo Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a :

1. Dirixirse ao Goberno español a fin de lle trasladar a oposición do Goberno galego á instalación de parques eólicos mariños no litoral de Galiza, fundamentando esta posición no impacto que estes proxectos terían sobre o sector pesqueiro e marisqueiro galego.

2. Trasladar ao Parlamento de Galiza, no prazo de 15 días, a información e a documentación existente sobre os proxectos apresentados para a instalación de parques eólicos mariños no noso litoral.”

O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de modificación

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.-Amosar diante do Goberno do Estado a súa posición contraria á instalación de parques eólicos mariños no litoral de Galicia, mentres non exista un plan de ordenación e usos do litoral galego, fundamentando esta posición no impacto que estes proxectos terían sobre o sector pesqueiro e marisqueiro galego.

2.- Poñer a disposición do Parlamento de Galicia a información existente sobre os proxectos presentados a día de hoxe para a posible instalación de parques eólicos mariños no noso litoral galego.”)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor López Veiga para formular a proposición non de lei.

O señor LÓPEZ VEIGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Presumo que polo ton e polo contido das emendas vai ser relativamente fácil chegar a un posicionamento sobre esta proposición non de lei.

Eu quería, con todo, facer unhas cantas consideracións. Primeiro, o que lle pedimos á Cámara é un posicionamento político, no sentido de que temos que pronunciarnos sobre se queremos isto ou non queremos isto.

Quero facer un repaso á historia destes parques eólicos, e teño que dicir que o Goberno anterior tivo coñecemento dun xeito non regular, porque non foi comunicado pola vía administrativa. Tivemos coñecemento de que existían estes parques porque houbo unha petición illada, e a través doutro servizo –non pasando pola Delegación do Goberno nin pola Xunta–, de que se pretendía establecer uns aeroxeradores de proba no mar. A raíz diso, e a raíz de toda unha serie de discusións e de indicacións do propio sector, que nos indicou que si existía un proxecto de instalar parques, concretamente en Baldaio –cunha invasión total dos baixos de Baldaio e doutros baixos importantes na costa de Galicia, na zona da Costa da Morte–, logramos que se nos remitira finalmente o expediente completo.

O expediente completo é un expediente agresivo con respecto ao que son os baixos. É certo que a enerxía eólica no mar é unha posibilidade, pero é unha posibilidade noutros países que teñan unha extensión da plataforma costeira moito máis larga que a que ten Galicia. Galicia ten unha plataforma moi estreita, ten uns baixos que son esenciais para o desenvolvemento da pesca costeira, e a construción destes parques eólicos significaría inhabilitar ou facer unha alteración bastante grande en baixos que teñen unha importancia básica como elementos do ecosistema costeiro para a pesca de baixura.

Non son plans pequenos, son parques que ocupan unha extensión moi grande, e soamente a construción xa implicaría unha perturbación grande do medio ambiente no propio sitio, que quedaría ademais irreversiblemente danado para o futuro. Ademais a propia natureza das obras ía ser un problema grave para a pesca.

O posicionamento da Xunta de Galicia, coñecido e obtido este plan, foi claro e foi obxecto dun posicionamento directo, tras a consulta no Consello da Xunta –que non tiña contemplado este desenvolvemento no Plan eólico de seu–, dunha comunicación á ministra de Medio Ambiente, no sentido de que o Goberno da Xunta se opuña a isto, aínda recoñecendo que a competencia exclusiva da explotación do

dominio marítimo-terrestre lle pertence ao Estado. A contesación, o posicionamento, daquela, do ministerio pareceunos un tanto ambiguo, ou quizais pouco claro, no sentido de que o Ministerio de Medio Ambiente –esa foi a resposta– era partidario da finalización deste expediente administrativo, e a decisión posterior sería resultado do que dera de si este posicionamento.

A nós parécenos que non é necesario deixar progresar este expediente ata aí, por unha sinxela razón, porque Galicia non ten necesidade de facer unha explotación de parques eólicos no mar, non engadiría gran cousa ao que é a produción xeral de enerxía eólica, e porque supón unha invasión seria do espazo do dominio público marítimo-terrestre dunha maneira que si alteraría de forma substancial a pesca costeira.

Estas comunicacións foron nas últimas etapas do Goberno anterior. Eu nestes momentos descoñezo cal é o posicionamento do Goberno actual, aínda que pola natureza das emendas que vexo aquí podo intuír que vai na liña do que se propón na proposición non de lei. De calquera maneira, eu coido que é necesario facer un posicionamento claro, porque o propio sector foi o que nos volveu reclamar precisamente que sacáramos este tema; foi por petición do sector da baixura. É dicir, necesitamos clarificar cal é o posicionamento do Goberno galego e desta Cámara ao respecto. ¿Por que? Porque entendo que non se debe entrar nun proceso que dea a oportunidade de crer que hai un posicionamento favorable a este tipo de desenvolvemento se realmente non o hai. E incluso ás propias empresas que están explotando ou que pretenden facer este desenvolvemento lles é moito mellor que saiban que non vai ir adiante para que non incorran, de seguir adiante, nos gastos que se producirían.

Entendo que hai tres emendas que deixan ver un pouco que estamos na mesma liña. Son moi parecidas, e paréceme a min que non haberá ningún inconveniente en chegar a un acordo e a unha transacción, se fai falla, ou incluso á aceptación plena dalgunha das emendas, porque eu non teño ningún inconveniente. Pero si creo que é dunha importancia esencial, moi importante sobre todo para a xente da Costa da Morte, que ten verdadeira inqueda por este tipo de desenvolvemento e que desexa ver un posicionamento claro do Goberno galego, do Parlamento, para poder estar tranquilos e poder ter a certeza de que non se vai producir –polo menos

nas circunstancias actuais ou a curto prazo— unha invasión deste terreo. Entendo que iso non é absolutamente necesario e que nin sequera engadiría gran cousa, comparando o custo-beneficio co que se podería destruír nas zonas onde se instalaran estes parques, pero ademais co agravante de que hai poucos destes baixos. Sería unha invasión dunha zona demasiado próxima á costa, e entendemos que aínda non existe un posicionamento nin unha tecnoloxía axeitada para que haxa unha postura realista, un desenvolvemento realista. Entón, o que pedimos é simplemente a aclaración desta Cámara, e espero que poidamos chegar a un acordo.

Moitas grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor López Veiga.

¿Grupos emendantes que queiran intervir? (*Pausa.*)

Ten a palabra o señor Lobeira Domínguez polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, vou intentar definir coa máxima clareza posíbel a posición do Bloque Nacionalista Galego respecto desta proposición non de lei presentada polo Partido Popular. E como nós ofrecemos clareza, demandamos tamén sinceridade e honestidade á hora de solicitar a adopción de determinados acordos por parte deste Parlamento.

Señor López Veiga, portavoz do Partido Popular, díggollo con todo o respecto, con toda a educación e con toda a suavidade que son capaz de manifestar neste momento en relación con este tema: esta proposición non de lei é ciencia ficción, é unha farsa, é pantomima, e non se fundamenta no que é... (*Interrupcións.*) Si, si, con toda a suavidade da que son capaz de manifestar neste momento, porque coñecemos, naturalmente, os antecedentes.

Fíxense vostedes, manifesta o Partido Popular nesta proposición non de lei que, fronte á firmeza do Goberno anterior á hora de oporse á posíbel instalación de parques eólicos mariños no litoral galego, advirten unha *tibieza* no actual

Goberno en relación con este tema, e, por tanto, solicitan que en quince días o Goberno traslade a este Parlamento a documentación que obre no seu poder en relación con este tema, e a oposición deste Parlamento fronte a estes proxectos. E aí, señor López Veiga, na formulación da proposición non de lei e mesmo no que solicitan é onde se advirte xa non só o seu atrevemento senón a solidez da súa faciana, face, rostro, ou o sinónimo que vostede queira empregar, en relación con este tema; e falo en termos políticos.

Porque, facendo historia —e non me vou remitir aos deza-seis anos de goberno do Partido Popular, non, senón aos últimos meses—, ¿con que nos encontramos? ¡Fíxese!, por este tema, o Bloque Nacionalista Galego, na anterior lexislatura, ao remate da anterior lexislatura, presentou iniciativas parlamentarias, presentou, mesmo ao amparo do artigo 9 do Regulamento da Cámara —que ten rango de lei—, a solicitude, precisamente, de podermos contar coa documentación existente na Xunta en relación cos proxectos de instalación dos parques eólicos mariños. E o Goberno galego, señor López Veiga, incumpriu, conculcou, este marco, o Regulamento da Cámara, e non nos ofreceu ningún tipo de documentación. Como sabe, o Regulamento establece trinta días de prazo para acceder a esa documentación. O anterior Goberno de Galiza incumpriu a posibilidade de que nós puidéramos, ao amparo deste Regulamento, acceder a esta documentación. Presentamos iniciativas, fixemos todo o posíbel para ter mesmo o coñecemento de cal era a posición do anterior conselleiro de Pesca do anterior Goberno. Lembro que mesmo en abril deste mesmo ano 2005, no remate da lexislatura, no contexto dunha comparecencia na Comisión de Pesca e Marisqueo do anterior conselleiro de Pesca, en relación cun requirimento que este deputado lle fixo sobre os parques eólicos mariños, o anterior conselleiro de Pesca dixo non saber nada, non ter coñecemento; no mes de abril, antes de mes e medio do inicio do proceso electoral.

E simultaneamente ¿con que nos encontramos? Ítem máis, existe un fermosísimo convenio con data do 10 de novembro do ano 2004, polo tanto do anterior Goberno da Xunta de Galiza, entre a Consellería de Medio Ambiente e o Instituto Enerxético de Galiza, que no seu punto 2.2, señor López Veiga, fala da elaboración, financiamento e subvención con cartos públicos dun atlas de ventos de Galiza *offshore*, ata 20 millas da costa, para a realización do proxecto de aproveitamento eólico no litoral galego.

En definitiva, desde o anterior Goberno do Partido Popular, sentáronse as bases para a instalación en Galiza de parques eólicos mariños. Téñoos aquí, e por méritos propios. Daquela, co anterior Goberno, para acceder á documentación había que contratar os servizos do CSI, porque a través do artigo 9 do Regulamento da Cámara non era posíbel chegar practicamente a nada, algo que os vinculaba a vostedes legalmente, pois estamos a falar dun regulamento que, insisto, ten rango de lei.

Iso foi o que pasou, esa é a historia documentada que aquí temos, mais agora, efectivamente, mudaron as cousas, estamos nun novo Goberno de Galiza, ficou atrás o anterior Goberno, e quérolle dicir con absoluta clareza que o Bloque Nacionalista Galego está en contra da instalación en Galiza de parques eólicos mariños no noso litoral, absolutamente en contra. O que defendiamos antes seguímolo a defender agora, con absoluta coherencia dentro da liña de orientación política do Bloque Nacionalista Galego. Pero dígolle unha cousa, esta proposición non de lei, este acordo que imos tomar hoxe de manifestar a nosa oposición aos parques eólicos mariños, vai ter un carácter simbólico, aclarativo exclusivamente, porque as competencias radican en Madrid. ¿Para que serve un estatuto de nación? Entre outras cousas, para que os galegos e as galegas poidamos ter dereito a ordenar o noso litoral e non estar en función dos criterios políticos que poidan ter en Madrid para inzar o noso litoral –se é que eles queren– de parques eólicos mariños; entre outras cousas tamén para iso serve un estatuto de nación.

A nosa oposición, señor López Veiga, non é por capricho, é porque nós, xa na anterior lexislatura, e seguímolo mantendo, advertimos un impacto severo sobre o sector pesqueiro e marisqueiro. A instalación destes parques, dos dous que neste momento están nunha situación máis avanzada, que serían o de Baldaio e o dos baixos dos Meixidos, fronte ao litoral de Carnota, a cinco millas e media do litoral, significarían a instalación nos baixos, aproximadamente a vinte metros de profundidade, de cinco filas ao longo e de catro filas ao ancho de aeroxeradores, enterrados precisamente nuns viveiros de peixe e marisco privilexiados, cunha riqueza impresionante, na Costa da Morte, cunha altura de 65 metros, e, polo tanto, deixando inhábil para a actividade pesqueira e marisqueira unha área moi importante. Ocasionarían uns efectos devastadores sobre o subsolo; con problemas para a seguranza marítima mesmamente –estamos a falar a

cinco millas de distancia da costa–; sedimentación tamén, durante o proceso das obras, de áreas enteiras; e mesmo posíbeis cambios nas dinámicas do litoral, movementos de áridos, etc. Isto tería lugar en zonas de cría para ollomol, pescada, faneca, abadexo, sardiña, xurelo, rincha, bacallau-ciño, polbo, bivalvos, boi, centola, nécora, percebe, lagosta, lumbrigante, etc., e nunha área como a da Costa da Morte, altamente dependente da actividade pesqueira e que precisa, como sexa, seguir mantendo esa actividade.

A emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego vai en dúas liñas fundamentais.

A primeira, xustificar a oposición fronte a estes parques eólicos mariños, fundamentada en torno ao impacto que significaría fundamentalmente para o sector pesqueiro e marisqueiro. Pódense argumentar outros impactos: sobre os cetáceos mariños, sobre as aves, sobre a propia seguranza marítima, sobre os efectos electromagnéticos que xeran as instalacións destas características, etc. Por certo, un dos proxectos que están enriba da mesa presenta como gran triunfo o da xeración de emprego. A creación dun posto de traballo a media xornada, para mantemento, é un dos grandes beneficios destas instalacións eólicas.

En segundo lugar, nós o que defendemos é respectar o dereito deste Parlamento a que, efectivamente, en quince días poida ter acceso a esa documentación e a toda esa información sobre o estado de tramitación destes proxectos. En definitiva, señor López Veiga, nós defendemos que todos os grupos parlamentarios, incluído o Partido Popular, teñan dereito a acceder a esa información que a nós nos negaron. ¿Sabe para que? Para que saiban unha cousa: que aquí non todos somos iguais, que nós respectamos o dereito de todos os grupos parlamentarios a contar con esa información e con toda esa documentación; e tamén para deixar claro que a coherencia existe nalgúns forzas políticas, e, desde logo, o Bloque Nacionalista Galego mantén unha liña coherente, e o que defendía antes de estar no Goberno neste tema ségueo defendendo agora apoiando este novo Goberno. Naturalmente, seguimos abertos á posibilidade dunha transacción, dun acordo, porque pensabamos antes, e pensamos agora, que este é un tema no que debe existir unha posición de país.

Grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lobeira.

Ten a palabra o señor Lage Tuñas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Defendía hoxe vostede aquí, señor López Veiga, e defende, unha proposición non de lei para evitar a instalación de parques eólicos no mar, e, como non pode ser doutra maneira, desde o Grupo Parlamentario Socialista saudamos positivamente que agora teñan este tipo de iniciativas.

Eu quixera dicirlle, en primeiro lugar, que o Grupo Parlamentario Socialista está fondamente comprometido coa sostibilidade, e diante dos proxectos que se deron a coñecer nos pasados meses para a posible instalación de plataformas en Baldaio, en Punta Lens, nos baixos de Meixide –ou dos Meixidos, como cada un lles queira chamar–, entre Muros e Carnota, ou en Pedra Roncosa, nós amosamos –para dicilo con toda claridade– unha posición contraria– xa que entendemos que afectan a un ecosistema especial, a un espazo de criadeiros, a unha zona de pesca e marisqueo; en definitiva, a un espazo produtivo, xustamente, ademais, onde se está a desenvolver un proxecto de pesca artesanal e desenvolvemento sostible da actividade pesqueira por parte da Confraría de Pescadores de Lira concretamente. Supoño, señor López Veiga, que non lle é alleo este proxecto, supoño que o coñece. Polo tanto, a nosa posición é rotunda e clara, contraria a este tipo de proxectos que se plantexan no día de hoxe.

Os nosos eixes de actuación, a nosa posición diante do aproveitamento da forza do vento en relación co medio mariño, pasa, desde logo, pola sostibilidade, en canto á protección, dos nosos recursos mariños, e pola protección dos impactos ambientais e paisaxísticos, e tamén pola sostibilidade enerxética, con escrupuloso respecto polas enerxías renovables e o seu impulso, como non podía ser doutra maneira.

Teño que expresar con toda nitidez que estamos a prol das enerxías renovables, pero non a conta de destruír a riqueza pesqueira nin marisqueira do noso litoral. Será bo segu-

ramente, en todo caso, que en Galicia, antes que despois, teñamos un plan de ordenación e usos do litoral que contribúa a poñer orde na franxa costeira, e, desde logo, que delimite os seus aproveitamentos, e temos que facelo, como non podía ser doutra maneira, señor López Veiga, tendo en conta os colectivos e os grupos sociais existentes que máis directamente están relacionados co espazo litoral.

Nós entendemos que protexer as especies que se dan na plataforma continental, e tamén os baixos dela, espazos tradicionais, por outro lado, da pesca de baixura e do marisqueo, forma parte do noso acervo, no seu máis amplo sentido da palabra. É dicir, nós non temos hoxe aquí unha posición que veña detrás do que vostedes propoñen, senón que levamos defendendo desde hai moito tempo a compatibilidade entre a protección dos recursos mariños, entre o que é a protección medioambiental, e o que é o desenvolvemento sostible en canto ao plano enerxético. Tamén temos que coidar, desde logo, a seguridade marítima dun alto número de profesionais do mar. E, nese sentido non é menos certo que o que vostede plantexa hoxe aquí forma parte seguramente, no conxunto do litoral, dunha preocupación, pero dunha preocupación tanto por parte de diferentes responsables do propio Goberno como do propio Grupo Parlamentario Socialista, que definimos unha posición moi clara, e esa posición non pode ser outra que a que acabo de expresar.

Nós entendemos que todo o que estamos a falar hai que facelo compatible co impacto ambiental e coa produción eléctrica a través das enerxías renovables. É dicir, nós non dicimos que non aos parques eólicos mariños nun futuro, plantexados sen que teñan consecuencias para a pesca. Nós non pechamos portas, primeiro de nada porque hai que ter posicións rigorosas e hai que ter posicións sensatas, e, se falamos en rigor e falamos cos científicos, sabemos que non hai estudos serios que determinen pechar portas. Nós o que dicimos é que tal e como están formulados, nós non podemos apoialos. Ou dito doutro xeito, compartimos estar en contra da súa instalación tal e como están plantexados, e concretamente os proxectos que coñecemos. A min, á parte, cáenme moi cerca da casa, e tiveron a oportunidade de falar coa xente de Muros, coa xente de Lira e coa xente de Carnota, e, tal e como están plantexados, desde logo non responden aos intereses do conxunto da poboación, e, sobre todo, aos intereses pesqueiros dos que estamos a falar.

Pero, desde logo, cando dicimos que non imos pechar portas á explotación e posta en valor das enerxías renovables, estamos a falar, desde logo, de tentar, na medida do posible, nalgún momento, reducir o uso de enerxías fósiles, como vostede pode entender. E digo como vostede entender porque é o propoñente, e podía parecer que os grupos que sustentan o Goberno tivesen outra posición diferente. Pero se falamos, e vostede falaba, da estrutura orográfica da nosa costa, tendo en conta os proxectos que hai hoxe, e tendo en conta a tecnoloxía que coñecemos no día de hoxe, non podemos facer outra cousa que amosar, diante dos gobernos correspondentes, e neste caso diante do Goberno do Estado, do Goberno de España, unha posición contraria á instalación dos parques eólicos mariños baseándonos nos proxectos que coñecemos. Os proxectos que non coñecemos, e o que depare o futuro, loxicamente non o podemos avaliar agora mesmo.

Se nun tempo prudencial, e coa mellora que se produza en innovación e tecnoloxía, podemos as galegas e os galegos aproveitar a enerxía eólica nalgún espazo da nosa costa, e sempre e cando non sexa a custa dos nosos mariñeiros, das nosas mariscadoras, dos nosos traballadores do mar, sempre e cando non sexa a custa dos nosos recursos naturais, debemos, loxicamente, ter unha visión favorable á utilización desta enerxía renovable. Por iso será fundamental que no futuro se traballe con especial sensibilidade para evitar impactos ambientais irreversibles ou evitar a alteración dos baixos dos que vostede e mais o señor Lobeira falaban en ambas as dúas exposicións.

Dicimos aquí con claridade os socialistas galegos que defendemos que este Parlamento amose o rexeitamento xa explicitado, pero dicímolo sendo conscientes e advertindo da necesidade de estudos científicos rigorosos que axuden a este país a ir descubrindo as súas potencialidades. Cando falamos das potencialidades, tamén falamos do seu aproveitamento, de aí que eu faga especial fincapé en deixar aquí unha fiestra aberta ao aproveitamento das enerxías renovables. É compatible, serao no futuro, seguramente, preservar a nosa pesca, preservar os nosos recursos mariños, preservar o noso medio ambiente e, desde logo, quitarlle proveito ás enerxías renovables. O futuro está por construír e está por ver, pero, desde logo, non creo que nos enganemos moito desde o Grupo Parlamentario Socialista ao deixar algunha porta aberta.

Eu non me resisto, señor López Veiga, a facer algún comentario, porque vostede fala de *tibieza*, pero vostede sabe que o seu equipo, cando veu aquí comparecer hai uns meses nesta Cámara, máis ben miraba cara arriba; é dicir, digamos que asubiaban, ¿non? Non tiñan moi claro o posicionamento. Nós saudamos positivamente que agora vostede e o seu grupo o teñan claro e coincidan, polo menos en aparencia, co que nós defendemos. Non pode ser doutro xeito que este Parlamento faga precisamente o que estamos a facer, sexa simbólico ou non; en todo caso, este Parlamento comeza a converterse no centro da vida política. E comeza a converterse no centro da vida política porque, señor López Veiga, eu non quero insistir no que dixó o señor Lobeira a respecto da pouca luz, da opacidade, da nula transparencia ou da escasa información que por parte do anterior Goberno se tiña para cos representantes electos do pobo. É dicir, temos solicitado en cantidade de ocasións información, e non era unha espera de quince días, hai deputados que deben de seguir esperando a que haxa respostas por parte do Goberno. Ese é o cambio entre un goberno e outro, ese é o cambio entre un goberno que responde en tempo e forma e un goberno que non daba información. Iso é aplicarlle luz ao que ata o de agora era un cuarto escuro. Eu non quero entrar en tal, pero era un cuarto escuro, señor López Veiga.

Temos que poñer en valor este Parlamento, e nós así o imos facer. Polo tanto, estamos dispostos a acordar posicións conxuntas para defender a nosa pesca, o noso medio ambiente e o noso potencial enerxético.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor LAGE TUÑAS: Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Para a súa rolda de posicionamento sobre as emendas presentadas ten a palabra don Enrique López Veiga.

O señor LÓPEZ VEIGA: Ben, moitas grazas, señor Lage, agradézolle o ton porque se trata diso. Trátase simplemente de posicionarse claramente sobre o que queremos ou non queremos; o feito de traelo aquí é porque hai unha preocupación.

Eu estou con vostede en que algunha porta aberta hai que deixar para non pechar a investigación, porque, efectiva-

mente, o mapa de eventos si que hai que facelo, por outros moitos motivos, señor Lobeira, porque houbo proxectos, por exemplo, de instalación de granxas acuáticas, acuícolas, en alta mar, que podían nutrirse desta enerxía. Por iso, o que é o estudo nunca está pechado. Pero si lle teño que dicir, respecto da opacidade, que este expediente –créano ou non o crean, dáme igual– non lle foi transmitido á Consellería de Pesca pola vía regulamentaria.

Agora ben, señor Lobeira, eu non podo resistirme a facer algún comentario. Vostede non se acostuma a que non está na oposición. Entón, ata para estar de acordo ten que manter un ton que amosa...; é vostede unha especie de doutor Jeckyll e míster Hyde. Ou sexa, aquí parece un tío desagradable, un deputado desagradable, pero non o é vostede, ata ri; ata ten sentido do humor, non vaian vostedes crer que non. O que lle digo é que tanta historia para dicir que non, ou para dicir que si... Eu podíalle admitir directamente a súa emenda, porque é igual á proposición non de lei. O importante, señor Lobeira, é que o problema está aí, é necesario que este Parlamento se defina...

A señora PRESIDENTA: Señor López Veiga, perdóeme un segundo.

Eu pídolles aos señores deputados, por favor, que atendan, os que queiran, á intervención do señor López Veiga, e os que non queiran, simplemente que se absteñan de estar no hemiciclo.

Moitas grazas.

O señor LÓPEZ VEIGA: Moitas grazas, señora presidenta, moi amable.

Pero pouco máis tempo vou ter, porque quero dicir que estou absolutamente disposto a facer unha transacción...

A señora PRESIDENTA: Un segundo.

Señor Palmou, esta cuestión tamén ía con vostedes. É dicir, ou están atentos ao que está falando o seu compañeiro, neste caso das bancadas deste lado, ou están atentos ao que está falando o señor López Veiga, ou é preferible que non estean no hemiciclo.

Moitas grazas.

O señor LÓPEZ VEIGA: Simplemente, señora presidenta, necesitaría un tempo para chegar a un acordo.

A señora PRESIDENTA: Interrompemos un momento a sesión para ver se chegan a unha transacción os tres portavoces. *(Pausa.)*

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Señores deputados, señoras deputadas, retomamos a sesión.

¿Señor Rego? Moitas grazas.

¿Señor López Veiga?

O señor LÓPEZ VEIGA: Si, señora presidenta.

Temos unha transacción, que di:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a amosar diante do Goberno do Estado a súa posición contraria á instalación de parques eólicos mariños no litoral de Galicia, fundamentando esta posición no impacto que estes proxectos terían sobre o sector pesqueiro e marisqueiro galego e tendo en conta as previsións de elaboración dun plano de ordenación e usos do litoral galego.

Segundo. Trasladar ao Parlamento de Galicia, no prazo de quince días, a información e documentación existente sobre os proxectos presentados para a instalación de parques eólicos mariños no noso litoral e o seu estado de tramitación actual.”

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor López Veiga.

Prégolles que despois lles pasen por escrito a transacción aos servizos xurídicos da Cámara.

Imos iniciar o proceso de votación das proposicións non de lei, empezando pola presentada polo Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Carlos Fernando Blanco Parga, que, como recordan as súas señorías, foi transaccio-

nada cos emendantes. Hai unha transacción que coido que non será necesario ler porque supoño que as súas señorías saben exactamente o que van votar. ¿Hai algún voceiro que queira que se lea o texto que imos someter a votación? ¿Non fai falta? (*Asentimento.*)

Moitas grazas.

Votamos a proposición non de lei presentada polo Bloque Nacionalista Galego e transaccionada cos grupos parlamentarios.

É o punto 5.2 da orde do día, e o número é o 1027.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado.

Pasamos ás proposicións non de lei 5.3 e 5.6, nas que houbo un debate conxunto, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, no que se chegou a un acordo entre os tres grupos.

Son os puntos 5.3 –insisto– e 5.6 da orde do día, e son as proposicións non de lei 854 e 1184.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado.

Pasamos agora a votar o punto 5.4 da orde do día, que é a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, que tamén foi transaccionada en parte coa emenda presentada polos grupos parlamentarios dos Soci-

alistas e do Bloque Nacionalista Galego e que imos votar por puntos.

Imos votar os puntos 1 e 3, que é o transaccionado, separadamente do 2. ¿Están de acordo? (*Asentimento.*)

Votamos os puntos 1 e 3.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados por unanimidade os puntos 1 e 3 coa emenda presentada polos dous grupos parlamentarios, socialista e nacionalista.

Votamos agora o punto 2 co teor literal da proposición non de lei.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto número 2 da proposición non de lei.

Votamos agora o punto 5.5 da orde do día, proposición non de lei –¡É que se non están atentos...!– do Grupo Parlamentario Popular, número 1116, na que acaban de acadar agora un acordo transaccionado entre os grupos parlamentarios.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.

Quero felicitar os tres grupos parlamentarios polo grao de acordo e de consenso ao que chegaron esta mañá.

Proseguimos a orde do día coas interpelacións.

Interpelación de D. Manuel Santos Ruíz Rivas, do G. P. Popular de Galicia, sobre as obras de ampliación do porto de Ribeira

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación ten a palabra don Manuel Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora conselleira, para quen empezou e segue na política polo cariño ao seu pobo é unha satisfacción ter con todos nós a homes e mulleres representantes do sector que fan que precisamente Ribeira sexa unha das primeiras potencias mundiais en pesca. E, á parte, é xente que lle fai honra ás características do seu pobo, e que, cando se lle concedeu o título de cidade, o foi por “moi nobre, leal e humanitaria”. Pois ben, non lle caiba a menor dúbida de que esa é precisamente a actitude que ten este grupo e este deputado cando lles inquire a vostedes que dean resposta ás preocupacións que teñen a cidadanía de Ribeira e este propio deputado sobre o que vai ser ou non a continuidade das obras do porto exterior de Ribeira.

Esta petición non é para unha obra localista, nin tan sequera podemos dicir que é para unha simple obra máis, é para a obra máis importante de cantas a Xunta de Galicia ten que acometer en canto a un porto da súa competencia, e é tamén unha obra que se ten que realizar, para beneficio dunha comarca, no porto máis importante da comunidade.

¿Por que presentamos esta iniciativa? A preocupación por contar con ese novo servizo para toda a comarca débese, entre outras cousas, a que o 40% da nosa economía depende directamente da pesca: o 30% é directamente de persoas que traballan cara ao mar e máis do 12% nestes momentos son dependentes da industria conserveira; tanto o que é a primeira venda como o que son conxelados podemos dicir que están subindo por riba do que é a media.

Pois ben, o porto pesqueiro de Ribeira ten unha serie de carencias que deben de ser acometidas, como son, por dicilo dalgún xeito, a carencia dunha nova lonxa cuns novos servizos e a pouca liña de atraque –pensen que hai 347 pesqueiros–. E algunhas das obras que se estaban realizando ultimamente pensaban que a actual liña de atraque do porto comercial ía servir para liberar a liña de atraque actual.

Necesítanse naves de preparación de pesca, de redeiras, etc.

Pero tamén hai unha presión da vila sobre o que é o porto. Eu téñolle que dicir a vostede que nos últimos vinte e cinco anos Ribeira tivo sempre practicamente 110.000 metros cadrados de recheo, e que os cidadáns de Ribeira, e tamén o sector que o explotaba, perdemos case un quilómetro de praias en servizos que agora ten o porto.

Se despois de todo ese sacrificio aínda non temos os servizos adecuados, e aínda o noso sector pesqueiro e todo aquilo que significa a industria transformadora teñen esas carencias, eu creo que é hora de que o solucionemos.

Eu dicíalle que esta iniciativa é motivada por dúas razóns –e xa os vou escusar desa moda que teñen vostedes de tiro ao prato dos últimos dezaseis anos–. En primeiro lugar, se eu teño aquí as carencias do porto de Ribeira é porque ten carencias e porque non están solucionadas; entón, evítenlles a todos os presentes o relatorio do que foi, porque eu creo que a todos lles interesa o relatorio do que debe ser, o relatorio do futuro, e como colleron vostedes esa infraestrutura e a onde a queren levar, se é que a queren levar para algún lado. Se nós tamén estamos preocupados e traemos esta iniciativa non é porque haxa un novo goberno, senón porque ese novo goberno nos dá a impresión de que está máis interesado nestes momentos en desfacer que en facer, e dígollo así claramente.

A nós gustaríanos que collera vostede esa infraestrutura tal e como lla deixaron en abril deste mesmo ano, despois da reunión que se tivo coa confraría, co alcalde e con outros sectores implicados, Portos de Galicia e Pesca. Pero non é así, e o mesmo podemos dicir das grandes infraestruturas da comarca. É dicir, hai unha autovía que segue sen adxudicarse, que xa vai esgotar o prazo da adxudicación, e na que xa renuncia a que se acabe antes de abril do 2009. Ou a mesma

variante de Noia, outra das saídas naturais da Barbanza, que, nestes momentos, *sine die*, non sabemos que vai ser dela.

E, en segundo lugar, porque eu creo que, con respecto ao porto comercial, non se foi tan leal nin nobre como o concello de Ribeira e o seu alcalde —que practica o talante moito antes de que se inventara como termo político socialista—, que, cando foi visitar o señor Irizarry e este mostrou dúbidas sobre a súa necesidade ou dixo que quería palpar dos sectores se esa obra era necesaria e coñecer o que pensaban o resto dos sectores, ofreceulle a súa mediación para poder ter contacto con todos eles. Pois ben, ao día seguinte de estar co alcalde de Ribeira, preséntase no Concello da Pobra do Caramiñal o señor de Portos e, nin máis nin menos, empeza a dicir que a obra de Ribeira non é necesaria, que hai cantidade de sitios onde meter os cartos e que non se vai meter unha soa peseta nos orzamentos do 2006. Cando menos foi descortés co pobo de Ribeira e co seu alcalde, que se ofrecera para todas as xestións que vostede necesitara del, e dígolle que segue estando á súa disposición para o mesmo.

A partir de aí, vostedes empézanse a dar conta, porque vostede mesmo aquí, contestando a unha interpelación do señor Negreira, dixo algo así como que vostede non estaba para facer obras que foran caprichos dun alcalde. Claro, eu rebotábame no meu asento, porque aos poucos días vía como non era precisamente un capricho do alcalde, senón que había sectores que a apoiaban, tamén os grupos políticos de Ribeira, e incluso o seu portavoz do PSOE fixo un amago de retirarse, que creo que mandaba correos electrónicos nos que dicía que iso non podía ser así.

Pois ben, tanta foi a presión, ou foi que vostedes se deron conta, que chegamos ao acordo parlamentario de que se fixeran todos os trámites para desbloquear esa obra; en concreto, para rematar todos os trámites necesarios para levala a cabo, establecer como criterio a menor afección posible á importante actividade pesqueira e establecer contraprestacións ou compensacións aos mariscadores prexudicados.

Cando nós pensamos que chegamos a un acordo entre todos os grupos, aparecen os orzamentos do 2006, que si se rectificaran e ían empezar a facer máis trámites dos que había ata o momento, e meten 8 millóns de pesetas. Eu non sei que pensan facer con eses 8 millóns de pesetas. Aconsél-

lles que llos dean de subvención á confraría, que lle vai ser bastante máis interesante que que perda os cartos en algo que vai ser imposible de licitar con esa consignación, cando neste mesmo ano había 480.000 euros, é dicir, cerca de 80 millóns de pesetas.

Pois ben, nós sabemos que esta obra non é fácil, nin na súa contía nin o que é a obra. ¿Por que? Porque está enriba duns importantes bancos marisqueiros, e xa non é só a importancia económica desa obra, senón tamén que se van ter que dar unhas contraprestacións e axudas aos que son nestes momentos os concesionarios. Se vostedes rescatan a concesión, xa ten uns custos, pero nós o que pensamos é que a partir daquela reunión que tiveron en abril, na que se avanzara nunha serie de propostas tanto da COPTOPV como de Pesca, pódese chegar a un acordo precisamente cos únicos que poden sentirse prexudicados con esta obra, que é a confraría.

Pero vólvolle repetir que esta obra é necesaria tanto para o sector pesqueiro, que ten unhas carencias importantes, como, sobre todo, para afirmar o que é a industria transformadora, que nestes momentos está ameazada pola deslocalización ou que podemos dicir que ten nos custos de descarga unha das máis importantes vantaxes para competir, e, sobre todo, porque eu creo que a descarga de túnidos, tal e como se dá actualmente, nun futuro próximo seguramente non se pode traer a granel.

Por iso nós lle preguntamos por que precisamente agora se trae o criterio economicista, por que se empeza a dicir que esa obra ten que ter criterios economicistas, cando a súa propia consellería dicía —e os seus técnicos— que non se incluía o estudo porque o proxecto era unha actuación necesaria para o correcto funcionamento do porto e seguro que supoñía unha mellora das condicións de traballo da xente de Ribeira e da que traballa no mar. Trataríase, en todo caso, dun impacto positivo.

¿Por que precisamente o porto de Ribeira, que creo que é o único de toda a comunidade que é contribuínte neto, en todos estes anos recibiu 12 millóns de investimentos da Xunta de Galicia, cando posiblemente é o único que, en pesetas constantes, leva contribuído moito máis á Xunta de Galicia? Esta obra non só era unha necesidade senón que era un compromiso do Goberno para compensar as moitas eivas que Ribeira e os seus cidadáns sufriron durante ese tempo.

Por iso a nós gustaríanos neste momento saber que pensa vostede facer con esta infraestrutura, cales son os trámites que vai realizar e se podemos dicirlles aos cidadáns de Ribeira e aos seus sectores que esa obra vai ser unha realidade, se vostede é quen...

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Señor Ruíz, ten que ir rematando, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS:... –remato– de sacar esta obra a licitación no ano 2006. Non se preocupe, que o Concello de Ribeira...

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor Ruíz.

O señor RUÍZ RIVAS:.. Ilo vai agradecer con todas as armas que ten ao seu alcance, que non é nin máis nin menos que a lealdade institucional que vostede, como Goberno, merece.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Grazas, señor Ruíz Rivas.

Por favor, as persoas do público non poden evidenciar mostras nin de aprobación nin de reprobación. Grazas.

Ten a palabra a señora conselleira de Política Territorial, dona María José Caride Estévez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES (Caride Estévez): Señora vicepresidenta, señorías, a verdade é que creo que o representante do Partido Popular puxo o dedo na chave dalgunhas das cuestións que eu vou relatar aquí, que precisamente o que queren pór de relevancia é a importancia da actividade económica que se desenvolve na Barbanza.

Antes de contestar detalladamente a súa interpelación, gustaríame deixar claro de partida que desde o Goberno galego, e en particular desde a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, somos conscientes da relevancia que teñen os portos no asentamento e na fortaleza das relacións socioeconómicas das comarcas costeiras de

Galicia. Temos postas grandes expectativas no noso sistema portuario, e imos apoiar abertamente todas aquelas iniciativas que contribúan a mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns e a potencialidade do noso país.

A comarca da Barbanza, as súas xentes, veñen desenvolvendo tradicionalmente actividades moi vinculadas ao mar. A pesca, o marisqueo, as conserveiras e a actividade comercial dos seus portos son referencias vitais da súa economía. Polo tanto, é fundamental que tanto as actividades relacionadas coa pesca de baixura e arrastre como o desembarco de túnidos se vexan acompañados dunhas infraestruturas portuarias que estean á altura das súas necesidades e lles permitan manter a posición de liderado e calidade que hoxe ostentan. Agora ben, os avances tecnolóxicos –como vostede moi ben relatou–, as novas tecnoloxías, a globalización de mercado, e en particular os cambios acelerados que está a experimentar a cadea loxística do atún, na que se está pasando do transporte conxelado a granel ao transporte en contedores, logo do tratamento en orixe, debuxan un novo escenario que é necesario ter en conta se pretendemos seguir apostando por un sector estratéxico e vital na economía da Barbanza.

Neste novo escenario, o proxecto que herdamos para o porto de Ribeira está cheo de incógnitas que é necesario clarificar canto antes. Hoxe en día, co proxecto que temos enriba da mesa encargado polo Partido Popular, descoñécense aspectos tan substantivos como os seguintes: os danos que este proxecto causaría nas pesqueiras e bancos marisqueiros, e, polo tanto, as indemnizacións que lles habería que pagar aos mariñeiros e mariscadores; os danos medioambientais nos areas de Coroso e o custo da súa restitución; os investimentos necesarios para mellorar os accesos ao porto e para facilitar a mobilidade das mercadorías. Tampouco sabemos realmente –e esta é a peza clave deste investimento– se o proxecto, tal e como está concibido na actualidade, dará resposta ás necesidades do desenvolvemento económico da comarca, xa que non aumenta o calado, permanece nos nove metros, e, polo tanto, non poderá ser utilizado por cruceiros nin grandes mercantes que transporten contedores de túnidos ou outras mercadorías. En ausencia dun investimento na comarca que o permita, os mercantes acabarán atracando en Marín ou en Vigo e, polo tanto, incorporarán un importante custo de transporte que reducirá a posición competitiva deste sector conserveiro.

Como comprenderán as súas señorías, son demasiadas incógnitas como para pasalas por alto se se quere facer un exercicio serio de planificación dun investimento. O que si sabemos con certeza é que o porto de Ribeira ten distintas necesidades que é necesario abordar se se queren mellorar as condicións nas que se desenvolve o traballo da xente que se dedica á pesca de baixura e ao arrastre do litoral. Neste sentido, é necesario mellorar a lonxa –que, por certo, é de competencia municipal– para que a xente que alí traballa teña unhas condicións hixiénico-sanitarias axeitadas. Tamén son necesarias actuacións para facilitar as descargas e a manipulación de peixe, accións que desenvolverá a Consellería de Pesca no vindeiro ano. Pola súa banda, a Consellería de Política Territorial asume o reto de investir o que sexa necesario –probablemente máis de once millóns de euros– para garantir a estabilidade económica da comarca da Barbanza e do seu importante sector conserveiro, porque estamos convencidos de que ten futuro e queremos que o noso país siga liderando un sector que é estratéxico para a nosa economía, pero estamos obrigados a investir non por intuición nin por *amiguismo*, senón para plantexar unha opción de futuro, máxime cando Portos de Galicia ten encomendada a xestión da totalidade dos 222 portos de competencia autonómica.

Este difícil labor de xestionar os recursos dispoñibles e de repartilos implica, ao noso entender, a necesidade de analizar racionalizar e rendibilizar ao máximo os investimentos que se fan. Desde que nós temos asumidas as responsabilidades de Goberno, puxémonos a traballar neste sentido. Os orzamentos de Portos son un claro reflexo das nosas intencións e dos nosos compromisos. A partida consignada para a dársena exterior de Ribeira no 2006 leva a contía necesaria co fin de facer un estudo serio e rigoroso que nos facilite a información necesaria para saber qué investimento debe facerse na Barbanza para manter o seu liderado no sector pesqueiro e conserveiro, para garantir a súa *puxanza* económica en termos de competitividade e para asegurar o benestar dos homes e mulleres da comarca.

Deste estudo saíran as conclusións que deberán fixar a oportunidade de realizar este investimento. Estea seguro de que, cumprindo estes preceptos que lle acabo de enumerar, estamos dispostos a aumentar e a superar os 11 millóns previstos inicialmente para esta actuación, porque a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes non só

quere implicarse no mantemento desta industria senón tamén na potenciación desta actividade.

Polo tanto, respondendo á súa pregunta, 11 millóns de euros parécennos moitos cartos para estragar en solucións obsoletas ou inoperantes; máis aínda cando supón case a metade do orzamento total de Portos de Galicia destinado a investimentos. Con todo, estaríamos dispostos a aumentalo se nos estudos que imos realizar se conclúe que consolida e protexe a industria asentada na zona, se se diversifican e optimizan os recursos públicos, minorando o impacto ambiental, aumentando a calidade de vida da cidadanía e promovendo e enriquecendo a comarca. No noso compromiso de racionalizar estes investimentos emprenderemos consultas cos que están chamados a ser os principais usuarios destas instalacións e coa Consellería de Pesca, para analizar as dotacións de infraestruturas que axuden a mellorar a posición competitiva desta comarca e a consensuar unha estratexia de futuro axeitada.

A Xunta de Galicia, desde unha visión global de país, non realizará actuacións arbitrarias ou pouco fundamentadas que hipotequen o futuro dos nosos homes e mulleres. Non se trata de paralizar a actuación, senón de definir unha actuación con datos obxectivos, para o que é necesario completar os estudos dos que dispoñemos hoxe.

Resulta curioso que formulen na súa interpelación a conveniencia de diversificar a economía na zona e apunten precisamente a barcos de pasaxe de gran calado cando, como acabo de explicar, na obra proxectada por vostedes non se contempla a posibilidade de aumentar o calado.

En conclusión, gustárame que lle quedase claro, despois desta intervención, que os investimentos que esta consellería está disposta a facer a través do ente público Portos de Galicia, en beneficio da comarca da Barbanza e das súas xentes, serán os necesarios para consolidar o futuro da zona e dun sector económico que consideramos estratéxico e fundamental para A Barbanza e para Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións.
(*Pausa.*)

Ten a palabra dona Ana Belén Pontón Mondelo polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señores e señoras deputadas, facía na súa intervención o señor Ruíz Rivas unha pregunta para a que, en todo caso, si sería positivo que puideramos ter algún tipo de resposta, e penso que non se lle pode imputar esa situación ao novo goberno. É unha pregunta que certamente pode ter transcendencia para o futuro do porto de Ribeira e para todos os portos e a zona da Barbanza. Refírese a por que tivo tan pouco investimento durante todo este tempo o porto de Ribeira. Queixábase agora o señor do Partido Popular das deficiencias que ten este porto, que nós compartimos e que levamos moito tempo reclamando que se atendan, e ademais cremos que é necesario que o novo Goberno as atenda, e hoxe a señora conselleira xa apuntaba algunhas melloras e algunhas actuacións que neste ano se van facer nesas carencias que ten neste momento o porto de Ribeira. Debería de respondernos, en todo caso, o señor deputado á pregunta que el mesmo formulaba aquí de por que, durante todos estes anos, tivo tan pouco investimento o porto de Ribeira.

Pero centrándonos no que é o motivo desta interpelación, sobre a ampliación do porto comercial e non sobre esas outras cuestións polas que, en todo caso, o BNG xa ten mostrado a súa preocupación noutras ocasións estando na oposición e ten dado pasos tamén agora no Goberno nesta mesma dirección, centrámonos no que é o motivo desta interpelación, que non é outro que a ampliación do porto comercial de Ribeira, e tamén facendo mención de que certamente debemos poñer en valor, posto que para nós non son banais os pasos que xa se teñen dado desde a presentación desta interpelación o 7 de outubro ata o día de hoxe, 23 de novembro, que para nós son compromisos claros de todos os grupos desta Cámara e posicións que non debemos desvalorizar, quixera resaltar, en primeiro lugar, o acordo ao que se chegou a respecto de apostar pola ampliación do porto comercial de Ribeira. Pero nós, durante o seu debate, quixemos matizar algunha das afirmacións que aparecían na proposición non de lei inicial presentada polo Partido Popular, posto que daba a impresión –e dicíao ademais con claridade esa proposición non de lei– de que a situación na que estaba o porto comercial era a de que simplemente quedaba licitalo,

que estaban todos os trámites xa cumpridos e que o único que tiña que facer neste momento a consellería era licitar o porto de Ribeira. Eses eran os termos exactos desa proposición non de lei. Instábase a Xunta de Galiza a que licitara as obras do porto comercial en Ribeira.

Nós queríamos matizar iso, como tamén definir criterios para poder establecer cunha certa obxectividade –e sabendo a que debe responder este porto comercial– cal era a mellor situación que podería ter. E en canto a iso, para nós era moi importante que houbera a menor afección posíbel para a importante actividade pesqueira e marisqueira nesta zona, e que houbera unha avaliación rigorosa do que son os impactos medioambientais e o que iso ten que ver tamén coas implicacións para a actividade pesqueira e marisqueira.

Nós dicimos –e témolo afirmado tanto neste Parlamento como a través da nosa portavoz municipal en Ribeira– que o BNG ten unha posición clara a respecto da necesidade deste proxecto, pero tamén cremos que efectivamente hai que falar con claridade para evitar a creación de problemas artificiais e para que a información que reciban os propios veciños e veciñas se axuste á realidade do proxecto. Nós dicimos, evidentemente, que é precisa esta ampliación, mais que iso non ten que supoñer que outras actividades e posibilidades de desenvolvemento económico que hai na zona se vexan coartadas por este tipo de obras. Facía fincapé o señor Ruíz Rivas en que había unha partida nos orzamentos do ano pasado que era superior á destes anos. Gustaríanos saber, en todo caso, cal foi o grao de execución que tivo durante este ano esa partida, porque, se collemos os orzamentos de Portos, vemos que hai partidas que se repetían ano tras ano, e, se comprobamos os dez últimos anos deses orzamentos, tamén poderemos ver partidas que aparecen todos os anos para a mesma ampliación, para a mesma mellora, e que nunca se executan, co cal tamén se estaba facendo un uso fraudulento dos orzamentos nese sentido.

Para nós, en todo caso, si que hai tres cuestións importantes e que queremos establecer con moita clareza. Primeiro, xa dixemos que a situación na que se atopaba este proxecto non era simplemente que houbese que licitalo, que todos os trámites estivesen cumpridos, e que, polo tanto, o Goberno botase atrás esta obra, senón que faltaba definir cal é a alternativa precisa e cousas tan importantes como pode

ser a propia declaración de impacto ambiental, á que supoñemos que lle darán importancia.

En segundo lugar, nós queremos facer moito fincapé en que non estamos de acordo coa idea de que debemos sacrificar unha das actividades económicas esenciais que hai en Ribeira, como é a actividade pesqueira e marisqueira, pola ampliación deste porto, porque ademais estamos falando da ría máis rica de toda Europa e da ría máis rica que ten a nación galega. Os datos creo que ademais certifican a importante actividade que se rexistra aquí e que nós queremos amparar.

Teñen neste momento porto base en Ribeira 200 embarcacións de baixura e marisqueo a flote, e hai un importante colectivo de mariscadoras a pé e tamén un importante colectivo de mergulladores. Nós cremos que é un erro, e que ademais non debemos facelo así, concibir como incompatíbel o desenvolvemento duns sectores económicos en detrimento doutros. Non podemos partir da premisa de que para ampliar o porto comercial é necesario que sacrifiquemos a actividade marisqueira –repito– na ría máis produtiva que ten a nación galega, moi polo contrario, nós defendemos a necesidade de apoio a este sector económico importante para Galicia, para Ribeira e para A Barbanza, que, á fin de contas, aspira a poder vivir do seu traballo. E cremos, ademais, que isto non é un desideratum ou unha opinión que poidamos lanzar simplemente nesta tribuna, senón que é posíbel facelo se existe vontade política e se existe tamén ese compromiso de estar dispostos a facer un investimento na contía en que sexa necesario.

Hoxe en día existen alternativas técnicas para evitar recheos ou diques de abrigo que diminúen considerabelmente a afección ao medio e, polo tanto, a actividade pesqueira e marisqueira. Nós apostamos por que superemos unha concepción antiga do que son os portos e polas novas posibilidades que a técnica nos dá, que son moito menos agresivas e máis respectuosas co medio natural. E cremos, ademais, que é importante tamén, dentro deste debate, que definamos qué modelo de porto queremos e cáles son os problemas que detectamos na comarca da Barbanza, en concreto, para o desenvolvemento da actividade conserveira.

O Partido Popular, pola vía dos feitos, demostrounos durante moito tempo que tiña unha concepción dos portos como polígonos industriais, que é moi cuestionábel e que

nós, en todo caso, non compartimos, e cremos que tivo efectos negativos no noso litoral, que ten efectos negativos no ámbito da actividade pesqueira e marisqueira e tamén no gozo das zonas de praia por parte da xente. En todo caso, si que somos coñecedores de que hai un problema de dotación e de chan industrial en toda a comarca da Barbanza, que hai un problema de dotación de chan industrial tamén en Ribeira e que é algo sobre o que este novo Goberno xa ten dado pasos para poder solucionar, para poder ampliar esas deficiencias de dotación. E hai un compromiso da conselleira de Vivenda para abordar estas deficiencias e poder darlles solución a esas carencias que neste momento tamén ten a industria conserveira e o resto de industrias que hai na Barbanza, que se queixan das dotacións de chan industrial. Ademais, a dotación dese chan industrial debe facerse nunhas condicións mínimas, óptimas e normais –entendemos nós– para calquera empresa, e que non vexamos repetidas situacións como as que nos contaban hai moi pouco os industriais da Barbanza, cando dicían que non podían entender como o Concello de Boiro antes das eleccións –e estaba gobernado naquel momento polo Partido Popular– recepcionou un parque industrial que non tiña saneamento, que non tiña auga, que non tiña electricidade e que non tiña teléfono, e o novo goberno no Concello de Boiro tivo que asumir eses problemas. Nós, efectivamente, cremos que tamén hai que debater sobre este modelo de porto, e que isto é algo ao que hoxe tamén se comprometeu aquí a conselleira.

En resumo, nós coincidimos en que esta ampliación do porto comercial é un proxecto necesario, que pode ser mesmo un proxecto que consideramos estratéxico para o futuro desenvolvemento de sectores importantes nesta comarca, pero, precisamente polo calado desa iniciativa, coincidimos no que expresou aquí hoxe a conselleira: en que é preferíbel estudar ben o proxecto, coñecer ben o que queremos facer aí e facer un proxecto que sexa de futuro e non unha chapuza.

Máis nada.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra don Abel Losada Álvarez polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, continuamos coa síndrome de ansiedade do Partido Popular. Unha síndrome que apareceu xusto no momento en que deixaron o Goberno e que, evidentemente, se mantén durante algún tempo.

A verdade é que, cada vez que oio a palabra “paralización”, falando do porto de Ribeira, resúltame cando menos sorprendente, porque a situación herdada fai que neste porto non se vaia paralizar nada porque non hai nada en movemento, non hai nada feito; o que si hai son cinco anos de declaracións. O conselleiro Cuiña Crespo anunciou xa no ano 2000 o comezo das obras do porto exterior de Ribeira. No mes de abril do ano 2002 Portos de Galicia anunciou tamén o comezo da construción desta obra. E o conselleiro Núñez Feijoo volveu anunciar, o 12 de xuño do ano 2003, o comezo inminente das obras. Polo menos atrasáronse dous anos, ata maio do 2005, cando se perderon as eleccións.

Desde logo hai outro indicador, de tipo cualitativo, que indica que non había moita vontade de realizar as melloras no porto de Ribeira de forma inmediata: é que aínda non saíra na prensa ningunha recreación virtual en páxinas publicitarias pagadas.

Esta vez trátase de traballar sen enganar á cidadanía. O que aparece na dotación orzamentaria, unha vez que se peche a decisión de continuar adiante coa obra, é o que se executará neste ano e nos seguintes. En termos da posición dos socialistas sobre as infraestruturas portuarias, somos absolutamente conscientes desta importancia; aparecen no noso programa electoral, aparecen tamén reflectidas no acordo de goberno firmado co Bloque Nacionalista Galego e apareceron con claridade no discurso de investidura do presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño. Pero sempre dentro dunha filosofía de racionalizar o crecemento residencial turístico e de actividade no litoral, precisamente para que as infraestruturas portuarias articulen, fagan accesible e contribúan ao reequilibrio territorial desta comunidade autónoma; unha comunidade autónoma afectada por un grave desequilibrio territorial despois de dezaseis anos de goberno do Partido Popular.

Os portos favorecen, ademais, a aparición de economías de escala, que, sen dúbida, supoñen un aumento de eficiencia produtiva dos distintos sectores industriais de carácter endógeno en cada unha das zonas; neste caso, no caso de

Ribeira, sen dúbida unha industria do complexo manufacturero de enorme relevancia na economía galega.

Na Barbanza, en torno á industria conserveira, creouse toda unha cultura profesional e unha atmosfera industrial, así coma unha imaxe de mercado, unha formación do mercado de traballo especializado e enormes posibilidades de colaboración entre empresas dunha determinada área, que, sen dúbida, posicinan o tecido industrial desta comarca nunha posición vantaxosa no contexto internacional.

Somos plenamente conscientes no Partido Socialista da fortuna xeográfica e económica do litoral galego, e, sen dúbida, ese é un valor fundamental que se debe protexer. O Goberno da Xunta de Galicia, como aparece no acordo de goberno, no ámbito das súas competencias en materia portuaria, vai facilitar as infraestruturas que garantan e melloren a operatividade de todos os nosos portos. Trátase de estudar con seriedade a actividade económica de cada un dos portos para determinar os tramos de fachada marítima que sexan susceptibles dunha xestión integrada. Todo isto dentro dunha planificación de investimentos que permita dotar as unidades económicas e portuarias de Portos de Galicia dos equipamentos que permitan a valoración das súas capturas e dinamicen a actividade pesqueira, establecendo un modelo de xestión baseado na especialización e que prime a colaboración público-privada.

É necesario estudar a actividade económica de cada un dos portos para determinar os tramos de fachada marítima susceptibles dunha xestión integrada, e, desde logo, unha xestión que permita a valoración dos recursos endóxicos de cada territorio. Da mesma maneira, tamén é necesario favorecer que o complexo mar-industria ocupe unha produción forte na parte alta da cadea de valor engadido, como vía axeitada para afrontar con garantías a crecente competencia internacional, na que afortunadamente, ata agora, o complexo mar-industria da zona da Barbanza se posiciona dunha maneira moi satisfactoria.

Trátase tamén de levar adiante un plan de utilización de espazos portuarios que contemplan equipamentos que permitan a valorización das capturas e de desenvolver accións estratéxicas para a dotación de infraestruturas que favorezan esta competitividade do sector do mar, mellorando a integración dos portos de Galicia coas propias comunidades costeiras.

Trátase, en resumo, de desenvolver e de levar adiante investimentos con seriedade a todos, e seguro que a conselleira é a primeira á que lle gustaría iniciar mañá esta obra, pero por responsabilidade política iso non é posible. Hai que valorar ben os custos, e non falo só de custos económicos, señor Ruíz Rivas, falo doutros custos tamén, e tamén as indemnizacións e as repercusións nos sectores económicos afectados. A obra continúa no presuposto, é certo que cunha cantidade simbólica, pero é certo tamén que isto mostra que o Goberno da Xunta de Galicia non renuncia a ela. O que pretende este Goberno é racionalizar e replantexar o gasto, pois estamos falando de diñeiro público, de diñeiro de todos os galegos e de todas as galegas.

É necesario realizar análises de viabilidade económica, e isto non quere dicir que a viabilidade económica sexa o único elemento que debamos ter en conta; posiblemente nin sequera é o máis importante, pero é necesario tamén telo en conta, porque, certamente, existen limitacións financeiras en Portos de Galicia. Os recursos sempre son escasos, e é certo que non hai ningún estudo no que se valore a necesidade da construción nin da ampliación do porto de Ribeira en termos económicos, nin tampouco os efectos económicos da súa paralización. Hai unha serie de estudos feitos por biólogos, xeólogos, intúo que por mariños mercantes, etc., pero non hai nin un só estudo de carácter económico, e cando falamos dun investimento de polo menos 12 millóns de euros eu creo que a economía ten algo que dicir. Insisto en que isto non quere dicir que sexa o discurso máis importante, pero creo que todos poden coincidir comigo en que ten algo que dicir.

Nós pensamos que a xestión do diñeiro público, a xestión dos recursos escasos, ten que levarnos a que as decisións investidoras, e sobre todo as decisións investidoras dunha elevada contía, como é este caso –pensemos que estamos falando de 12 millóns de euros en caso de que se mantiveran estes custos, sobre un presuposto de aproximadamente 40 millóns, é dicir, o 25% anual–, esixen fundamentalmente responsabilidade política, e, desde logo, deberían levarnos a evitar demagogia, a evitar atrasos, polo menos, de catro anos, que intentan substanciarse, que intentan disfrazarse, con inquietudes momentáneas despois de abandonar o Goberno.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra don Manuel Ruíz Rivas, autor da interpelación, para a rolda de réplica.

O señor RUÍZ RIVAS: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, estando no Goberno hai que mollar-se; estando no Goberno hai que ter compromisos, e xa levan vostedes 110 días no Goberno. Xa non temos nós a culpa, témola do pasado, pero do presente e do futuro tena vostede, e non tivo ningún compromiso. Mire unha cousa, no ano que vén, no ano 2006, celebramos cen anos de Ribeira como cidade e cen anos de porto de *interés general del Estado*, e o único que imos ter como celebración é a desidia e o abandono que a Xunta de Galicia ten cara ao noso concello, e así llo digo de claro. Vostede aquí veu a non dicir nada e deixou entrecar diversas acusacións que non lle permitimos, como *amiguismos*, arbitrariedades... ¡Pero se os seus compañeiros están todos de acordo! ¡Se algún quería dimitir e dicía: ¿pero que fan estes da Xunta que non queren ver a importancia do porto de Ribeira?!

Por certo, resulta que as obras do porto de Ribeira non son de interese xeral da Xunta, co cal, igual a conselleira tería máis cartos e un polígono industrial local. E resólveno coa señora da oposición do BNG, ¿verdade? Pois dígalle vostede ao presidente da asociación de empresarios que teñen outro proxecto diferente. Dígallo, a ver se pode saltar aos máximos representantes dos cidadáns, como é o seu alcalde.

Mire unha cousa, ¿vostede non sabe que é competencia do concello a xestión da lonxa? ¿Vai ser o único concello que vai ter que pagar a súa propia lonxa? Porque lle podo dicir que nos presupostos da súa consellería, nos dous últimos anos, subiu o incremento de investimentos o 37%, e vostede só subiu o 3,5%. Resulta que o porto de Ribeira, que parece ser que era o máis importante de Galicia, é o que menos fondos leva, desde Rianxo ata Muros, e vai ser o único no que si imos estudar todo *ao dedillo* non vaia ser que o señor alcalde queira facer *amiguismos* con ese porto. De verdade, eu creo simplemente que hai que vir falar con seriedade, e vostede non se quixo mollar aquí. Nós recoñecemos que, efectivamente, é un investimento importante. Hai 12 millóns para a primeira fase. Teño uns estudos nos que se

falaba de 38,8; ou sexa que non se poña medallas xa que igual gastan máis cartos, porque as fases levaban entre 37 e 38 millóns.

Pero, mire, eu simplemente quero dicirlle un par de cousas. ¿Sabe como mellorar o atraque e as carencias que ten o porto de Ribeira, o seu porto pesqueiro, sen ampliar o porto comercial? Dígamo vostede. Se ten outra solución, ímonos preocupar, porque nos van *machacar* seguramente máis do noso rico litoral, por certo, bandeira azul. E pregúntolle á señora do Bloque, ¿coñece vostede algunha forma de licitar unha obra se previamente non pasamos todos os trámites? Entón, ¿cal era a diferenza entre que eu solicitara que se licitara –e evidentemente había que superar todos eses trámites– ou que chegara a un acordo con vostedes crendo que tiñan a mesma intención que o noso grupo e este deputado? E despois *machacan* esa confianza poñendo 8 millóns de pesetas, que o señor do PSOE di que é simbólico. ¡Claro que é simbólico o seu compromiso con Ribeira!

Pero, claro, a min faime moita graza que cheguen aquí e digan que non hai estimacións de perdas do marisqueo: estimación de perdas do 8-4-05 –voulle pasar todos–; informe sobre impactos ambientais do 8-6-04; anexo de informes sobre a avaliación de perdas, do 22 de abril do 2004; impacto sobre o sector marisqueiro, do 22 de setembro do 2004 e do 16 de xuño do 2004. ¿Parécenlle poucos informes? ¡Déixense de marear a perdiz! E digan claramente se para vostedes é un investimento prioritario, se vostedes cren que Ribeira e a súa comarca merecen esa infraestrutura ou se non a merecen.

Señora conselleira, a nós realmente dóenos que non se quixera mollar e que precisamente lle estean a esixir a Ribeira o que non se esixe cunha soa infraestrutura portuaria, e ademais que teña a ben dicir que iso pode ser interese dun político. ¿Vostede cre que é o interese dalgún político de Ribeira –evidentemente parece ser que só dos do Partido Popular– simplemente facer un porto comercial para velo desde a súa terraza? Vostede realmente está insultando a intelixencia de todos os ribeirenses. Eu vólvolle dicir que o porto de Ribeira foi un sacrificio conseguido durante moitos anos por toda a súa poboación. Hai máis de 110.000 metros cadrados de recheo, máis de 1 quilómetro de praia perdida e moitas zonas de ocio que podíamos ter e que non temos. Pois ben, vólvolle repetir: é o único porto de toda Galicia –se eu

non me trabuco– contribuínte neto. Tiñamos unha obra na que levabamos traballando moitos anos todo o pobo de Ribeira e que vostede podía facela realidade, e con ela vostede podía levar unha medalla incluso de filla adoptiva do noso concello. (*Murmurios.*) O único que vemos é que vostede ten interese por non gastar 12 millóns de euros, porque para vostede esa é unha obra que é para “os caciques de Ribeira”. E os caciques de Ribeira, por agora, só teñen unha maldade: que o 60% dos seus cidadáns votan a un alcalde do PP. Pois igual aí está o seu castigo.

Nós pedímoslles que, agora que tanto falan de talante, dean exemplo e lle solucionen a Ribeira as carencias que ten.

Moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ruíz Rivas.

Ten a palabra, para a súa rolda de peche, a señora conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES (Caride Estévez): Señora presidenta.

Señorías.

Non sabe vostede a pena que teño ao pensar que non vou levar unha medalla. Laméntoo, pero eu non estou aquí nin para levar medallas, nin para saír nas festas de toda canta cousa hai, nin para ir co *power point* por distintos puntos de Galicia vendendo cousas que non se fan. (*Aplausos.*)

A min, en primeiro lugar, gustaríame dicirlle que, evidentemente, non pretendo insultar a intelixencia de ninguén. E como non pretendo insultar a intelixencia de ninguén, supoño que todos os cidadáns –e, particularmente, os de Ribeira– son conscientes de que nunha actuación que leva cinco anos tramitándose, porque nós a pensemos durante uns meses, non lle imos causar un dano a ninguén. Sobre todo cando, como lle dicía, existen dúbidas razoables sobre o proxecto que hoxe en día está enriba da mesa. ¿Por que lle digo que existen dúbidas razoables? Non porque as inventase eu, non; porque, lamentablemente, no noso comportamento nin a intuición é a arma fundamental que fai que nos decantemos polas distintas infraestruturas nin outro tipo de argumentos.

Os técnicos de Portos teñen dúbidas razoables sobre a conveniencia deste investimento, non porque haxa que investir no porto de Ribeira; non, senón polo contrario, porque entenden que as expectativas do porto de Ribeira non quedan atendidas co proxecto que está enriba da mesa, nin na primeira nin na segunda fase. Iso si, quizais se os anteriores conselleiros de Política Territorial visitasen de cando en vez as delegacións de Portos de Galicia ou da consellería, se decatasen do que pensan os funcionarios da Consellería de Política Territorial. Lamentablemente, non sei se non piden os seus criterios ou se obedecen a outro tipo de criterios. En calquera caso, sorpréndeme que nas primeiras verbas de case todos eles haxa sorpresa por mirar como os directivos da Xunta de Galicia, e do seu departamento en concreto, lles piden algunha vez as súas opinións e por mirar en que condicións de traballo están realizando o seu labor.

Como lle digo, resulta curiosa esta présa, porque vostede me di que non veña eu falar de dezaseis anos de atraso. Pois non o vou repetir pero, evidentemente, xa mo dixo vostede. E, como lle digo, non esquezamos eses cinco anos de tramitación dun proxecto, no que –aínda que vostede desde aí di que aumenta o calado– os técnicos de Portos din que non aumenta o calado e que, por tanto, nin buques cruceiros nin mercantes poderán atracar no porto de Ribeira. Ese é un dato que, polo menos, fai dubidar do resultado esperado que imos ter do investimento nese porto.

Como lle dicía, temos un compromiso coa comarca da Barbanza, e ese compromiso está en buscar unha solución de futuro que atenda as necesidades portuarias para facer que ese sector que todos consideramos estratéxico poida ir adiante e sexa unha realidade. Non [...] de partida un proxecto que está condenado ao fracaso se non plantexamos sobre a mesa algunha das dúbidas que neste momento temos.

Esta consellería –como dicía– ten unha intención clara de apostar pola Barbanza e polas súas xentes, pero, iso si, non queremos de partida involucrarnos nun proxecto que está condenado de antemán. ¿Por que? Porque existen dúbidas razoables sobre el. Eu quero transmitirlle a idea, ademais, de que os sectores económicos dos que vostedes falan non sei exactamente cales son. Pódolles dar algúns datos dos que teño aquí. O presidente de Portos de Galicia –que non sei se fai ben ou mal o seu traballo pero, en calquera caso,

está tratando de facelo, e creo que pon a mellor vontade e o mellor criterio tratando de facelo– no día de onte reuniuse con distintas asociacións –con Consignaciones Puebla, Consignaciones Barbanza...–. Hoxe mesmo ten reunións con distintos axentes do sector e todos eles dubidan de que o proxecto que está enriba da mesa realmente obedeza ás expectativas de futuro que ten que ter o sector na comarca da Barbanza.

Despois vostede aproveita a ocasión para dicirnos que atrasamos as obras. Ben, sempre estamos co mesmo. Eu, como di vostede, non quero insultar a intelixencia de ninguén. Dous anos de atraso non obedecen aos cen días que eu teño de goberno. E se a variante de Noia a analizamos é porque temos dúbidas razoables sobre cales son as características medioambientais que ten ese proxecto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Interrómpese a sesión ata as catro e media da tarde, en que a retomaremos para empezar coa interpelación e logo coas preguntas ao Goberno.

Moitas grazas a todos.

Suspéndese a sesión ás dúas da tarde.

Retómase a sesión ás catro e corenta minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes, señoras e señores deputados.

A presidenta quérelles comunicar que hoxe, por primeira vez –polo menos desde que ela é deputada–, neste Parlamento se produciu un incidente de desorde pública. *(Protestas nos escanos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.)* Non lles vou permitir nada, que o saiban, que non sexa respectuoso co hemicycle. Por primeira vez, insisto, en oito anos que levo de deputada, ¡por primeira vez!, permitiuse entrar unha manifestación dentro do recinto do Parlamento para coaccionar e presionar os deputados. Mentres eu sexa presidenta non vou permitir que a liberdade de opinión e expresión de todas as súas señorías sexa cercenada por ninguén. *(Aplausos.)*

E se hai algún deputado ou deputada que crea que iso é contribuír á democracia, á dignidade desta Cámara, á liberdade de expresión, ao respecto á cidadanía, se hai alguén que crea iso, pídolle que abandone o hemiciclo. E aqueles que crean que hai que respectar a liberdade de todos, o dereito de todos e que todos somos representantes da cidadanía, que queden. Paréceme increíble que un grupo parlamentario teña no seu seo algún representante que estea *jaleando* os cidadáns, que teñen todo o dereito a manifestarse, pero non desde logo a coaccionar a opinión de ningún deputado. E aquí, señorías, é onde residencia a soberanía popular, é onde os deputados debemos ter liberdade absoluta de expresión e opinión; e, polo tanto, non vou consentir que ninguén *cercene* esa liberdade. Alá aqueles que o queiran facer. Non contarán, desde logo, co apoio desta presidenta. E non teño ningún problema co custo —teoricamente custo político— que poida ter a miña actitude radical de defensa desta institución, porque levo moitos anos, ¡moitos anos!, defendendo as liberdades democráticas, desde logo en condicións moito peores que nas que me atopo hoxe pola tarde.

Polo tanto, señorías, en liberdade iniciemos a sesión.
(Aplausos nos escanos dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.) (Os señores deputados e as señoras deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, agás o señor Castro García e o señor Núñez Feijoo, abandonan o hemiciclo.)

Interpelación de D. Roberto Castro García, do G. P. Popular, sobre a suspensión pola Consellería do Medio Rural de obras e melloras de infraestrutura rural xa adxudicadas polo anterior Goberno galego

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Castro García para formular a interpelación.

O señor CASTRO GARCÍA: Señora presidente —digo ben, “señora presidente”, e espero que así conste en acta, non como fan outras veces, que me cambian as miñas propias palabras—, señora presidente, señorías, señor Suárez, queridos compañeiros que hoxe ocupades, representando a quen foi desaloxado de aí,...

A señora PRESIDENTA: Señor Roberto Castro, vostede estase dirixindo aos deputados que están no hemiciclo,

quérollo recordar, e xa lle chegou —creo— por esta tarde de actitudes pouco respectuosas cos deputados desta Cámara.

O señor CASTRO GARCÍA: Creo que os que están na tribuna non perderon a condición de deputados, ¿ou si?

A señora PRESIDENTA: Dígolle, señor Roberto Castro, que se dirixa vostede ao hemiciclo.

O señor CASTRO GARCÍA: Evidentemente.

Señora presidente, cando un goberno se sente apoiado maioritariamente polo pobo nas urnas, a ilusión, a esperanza, a confianza depositadas por ese pobo naqueles aos que elixiu transfórmase en sensacións que se perciben no ambiente, hai vibracións positivas, hai unha empatía mutua entre gobernantes e gobernados. Pódolles dicir que esa sensación téñoa percibido noutras épocas non moi afastadas.

Pero non é ese o caso de Galicia nestes tempos, desgraciadamente, señorías. O Goberno actual saíu máis da aritmética que doutra cousa, e iso nótase. Aquí podíamos lembrar —eu non sei por que me vén agora á memoria— aquilo do burro e da frauta. De todos é sabido que os partidos da coalición cambiaron as súas propostas electorais, diferenciadas, presentadas á cidadanía, por un documento non referendado polos electores, que basicamente agocha o que eu chamo “reparto da tarta do poder”.

Estamos a pouco máis de cen días da toma de posesión e xa estamos a vivir momentos de decepción. Esta era a hora do ánimo, esta era a hora da alternancia. Podía e debía de ser a hora de seguir aproveitando as moitas posibilidades que ten Galicia, pero as galegas e galegos séntese defraudados profundamente —e os do medio rural, máis— por estas actitudes. Dixéronlles vostedes que era a hora do cambio, e estamos a comprender que o cambio era un “quítate ti que me poño eu”, era un cambio de status de vostedes máis que unha vontade de facer as cousas mellor, e ás probas me remito.

Estamos diante dun feito insólito e inaudito, e a indignación das xentes do medio rural é enorme. Se así non fose, ¿cre vostede, señor Suárez, que estarían os que hoxe tiñan que estar aí nesa tribuna de invitados e os que están fóra deste hemiciclo? Son alcaldes e concelleiros amosando a súa

lexítima protesta, están na casa deles, porque esta é a casa de todos.

¿Cre vostede, señor Suárez, que deixaron as súas ocupacións só por vernos a vostede a min –sen entrar, por suposto, noutras consideracións–? Non, home, non, non foi por iso. Veñen porque están preocupados, veñen porque se senten molestos, veñen porque se ven *ninguneados* por vostedes, señor Suárez, porque os está a facer vostede cidadáns de terceira categoría. E iso é intolerable, señor Suárez. Senten e lamentan esta súa forma sectaria de gobernar; de malgobernar, para ser exactos na terminoloxía. E non se pode tratar así a xente desta maneira. Non se poden suprimir obras pensadas por outro goberno, tan lexítimo, señor Suárez, como é o goberno do que vostede forma parte nestes intres.

Mire, houbo unha vez un xeneral cartaxinés que se chamaba Aníbal, ao que lle inculcaron de pequeno odio eterno *a los romanos*. Eu non sei se foi de pequeno, de mediano ou de grande, pero a vostede inculcáronlle odio eterno ao Partido Popular, e tome boa nota.

As obras que vostede suprime son necesarias, señor Suárez; obras que estaban con apoio legal, respectando as prioridades dos propios concellos de todas as cores políticas. Vostede amparouse, xa no pleno pasado, nunhas hipotéticas accións de escaso interese agrario ¡Falso, señor Suárez! De entrada, déixelles aos concellos, de acordo coa súa autonomía municipal, que decidan o que é prioritario para eles. Son xa maiores de idade democrática para actuar así. Non precisan de ningún paternalismo nacionalista, señor Suárez.

Aínda así, no pasado pleno eu pregunteille cantas obras non se axustan ao interese agrario, ou ao interese de vostede, seguramente. Non me contestou desde a tribuna, como vostede ben sabe. Si tivo vostede o rostro pétreo de falarnos de piscinas e campos de golf en plural, coma se houbese dúcias de proxectos deste tipo; sabendo vostede –como sabe– que iso non é así. Por certo, señor Suárez, no medio rural páganse os impostos coma no resto das partes de Galicia e, polo tanto, teñen alí tamén dereito a servizos de calidade e de benestar coma noutras partes, xa sexan piscinas, xa sexan prazas, abastecementos, camiños ou o que sexa aquilo que eles consideran de lexítimo interese.

O medio rural, señor Suárez, é algo máis que allos, nabizas, ovellas e carballos. Vostede, diante da miña insistencia para que dixera en cantas piscinas e en cantos campos de golf se amparaba vostede para a supresión das obras, non dixo nada. Si me ensinou dous dedos, cando xa se sentaba no seu escano, diante da miña insistencia. Eu non sei se era que me dicía que eran dúas piscinas, se é que eran dous campos de golf, ou se era piscina e campo de golf; ou se realmente –que pode ser tamén– me ensinaba vostede o sinal da vitoria.

Mire, señor Suárez, se non estivésemos en sede parlamentaria –que o estamos– eu chamaríalle a vostede mentirán. Pero como sei que estamos en sede parlamentaria eu non debo dicir iso, porque seguramente non mo permitirían dicir. Pero si lle direi que vostede economiza en exceso a verdade. Xa vexo que pasa como con aquel boneco de madeira, ¿recorda?, do conto infantil, que cando falaba lle crecía o nariz. A vostede pásalle algo parecido con esta cuestión, porque das dúas accións que ao parecer motivaron a suspensión de 245 obras, nunha decisión ditatorial propia de réximes non democráticos, das dúas, unha non é un campo de golf, e vostede sabe perfectamente que iso é así.

Por certo, infórmese vostede, señor Suárez, da rendibilidade dunha hectárea dedicada a campo de golf e da rendibilidade dunha hectárea dedicada a calquera outro cultivo. Compáreas –ten vostede ilustres colaboradores que o poden asesorar nesta materia– e verá vostede.

Señor Suárez, as obras suprimidas foron proxectos axustados a dereito, necesarios para galegas e galegos do medio rural, anunciadas e publicitadas con transparencia, en concellos de todas as cores políticas. E voulle dicir unha cousa. Mire, que haxa 212 concellos gobernados polo Partido Popular en Galicia non lle é máis que problema dos cidadáns que os elixiron –212 dos 315–. E por algo será que apoian tanto ao Partido Popular, e por algo será que apoian tan pouco ao Bloque Nacionalista Galego. E ás probas me remito das eleccións autonómicas recentemente celebradas. Son obras con independencia do tempo electoral, e non se pode, creo eu, paralizar, por un proceso electoral, a marcha da vida pública do país.

Pero vostede, señor Suárez, nese xogo de brisca no que anda, non ten o as. E, querendo librar o tres, quere poñer o xogo do seu lado. Digámolo claramente, sen eufemismos.

Vostede está a preparar as eleccións municipais para si e para os seus. Vostede quere controlar o proceso de adxudicación de obras no medio rural para que se vexa de qué parte vén esa dádiva, señor Suárez. Por iso reservou para si a Consellería do Medio Rural o Bloque Nacionalista Galego. Aquí non somos parvos, non nos chupamos o dedo; non o pretenden vostedes.

Digo máis: vostede está a preparar a súa propia candidatura a unha alcaldía importante de Galicia; desde o meu corazón, a máis importante de Galicia. Sinto que, evidentemente, ao mellor iso non o compartan outros. Pero, evidentemente, teño que dicir que desde a miña óptica é a cidade máis importante de Galicia. E esa é a nai do año, señor Suárez. Velaí o seu obxectivo. Polo tanto, nesta tarde, eu fágo-lle algunhas preguntas, señor Suárez:

A primeira é se hai algunha irregularidade nos convenios asinados por alcaldes e alcaldesas co Goberno lexítimo de Galicia que faga nulos eses convenios. Contésteme, por favor, se hai algunha irregularidade ou algunha ilegalidade neses convenios.

En segundo lugar, señor Suárez, dígame se pensa vostede que debe haber lealdade institucional, si ou non, entre gobernos, entre os que saen e os que entran, entre os que entran e os que saen. Pregúntolle, señor Suárez, se avaliou vostede os prexuízos da súa decisión, o feito de suprimir obras necesarias para o medio rural de Galicia. Contésteme vostede, señor Suárez –se pode, se sabe ou se quere–, se realmente avaliou eses prexuízos para eses cidadáns.

Pregúntolle tamén, señor Suárez, se asume vostede que a súa decisión de suprimir as obras é estrita e sectariamente política. Diga vostede se si ou se non.

Señor Suárez, ¿cre vostede que hai que paralizar as administracións cando hai procesos electorais en marcha, xa que, a priori, ninguén ten a *varita* máxica nin a bóla para saber realmente quen vai gobernar despois dese proceso electoral? Dígame vostede se cre que hai que paralizar a administración pública cada vez que hai un proceso electoral. Ao mellor pode ser certo, ao mellor ten vostede razóns que me convenzan. Inicialmente, señor Suárez, eu creo que non. Pero, en todo caso, eu agardo moi gustosamente as súas

opinións, as súas informacións e, sobre todo, a súa resposta a esta cuestión que hoxe lle plantexamos aquí.

Nada máis, señora presidente.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Castro García.

Rolda de posicionamento dos grupos.

Polo Bloque Nacionalista Galego...

Perdón, perdón, que é unha interpelación.

Señor Suárez Canal, sabe vostede que non só lle dou gustosa a palabra, senón que moi gustosa.

Ten vostede a palabra, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal): Esperemos que nos dea tempo a explicarlle...

A señora PRESIDENTA: Estou disposta a darlle máis tempo se é que o precisa, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal): Señor presidente, señoras e señores deputados, imos tratar o asunto –que é un asunto serio– non con frivolidade, senón con seriedade.

A discusión e o debate, desde o noso punto de vista, non se deben de situar no territorio da legalidade. Se só se circunscribira o asunto ao territorio da legalidade, o asunto sería rapidísimo. ¿Foi legal a sinatura dos convenios por parte do Goberno anterior? Nós pensamos que si. ¿É legal, acolléndose a unha das cláusulas do convenio, a suspensión que se fai agora? Nós pensamos que si. Polo tanto, se a discusión é de legalidade, caso cerrado.

Pero a discusión non é de legalidade, senón que hai que situala no terreo da análise política e da análise de lexitimidade. ¿É lexítimo o proceder do Goberno anterior e o deste? ¿É politicamente defendible o que se fixo antes? ¿Era oportuno? ¿Era realizable o que se conveniou cos concellos? ¿É reorientable? ¿Ten xustificación a reorientación que se pro-

pón agora? ¿Actuouse con lealdade institucional polo Goberno anterior e por este? Eses son os debates aos que, ao noso xuízo, hai que responder nesta interpelación, non se as obras son necesarias. ¡Faltaría máis! Claro que todas esas obras son necesarias, e outros centos delas nos mesmos concellos; ou tamén son necesarias os centos de obras nos 67 concellos que non recibiron ningunha obra do Plan de infraestruturas rurais. E tamén, desde logo, van ser necesarias as obras que se inclúan no próximo plan que aprobará o Goberno. Polo tanto, tampouco a discusión está no territorio da necesidade.

Pasemos, pois, ás explicacións e comecemos sendo rigorosos. Non se suspenderon obras que estivesen licitadas, adxudicadas ou que tivesen resoltos os concursos. Suspendéronse convenios cos concellos que recollían nas súas cláusulas a realización de obras con anualidades a partir de 2005 de imposible cumprimento. Nós tivemos que executar unha decisión que realmente provocou o Goberno anterior. O Goberno anterior asinou convenios cos concellos para realizar obras imputándolles anualidades no ano 2005 que sabía que non podían cumprirse. Non era posible cumprir os convenios, señor Castro. A responsabilidade é de quen os asinou sabendo que non se podían cumprir. Poderían ter asinados trescentos, cincocentos ou dous mil máis, o problema é que iso non cambiaría a situación porque tampouco se poderían realizar.

Fíxense: a media de obras da consellería nos tres últimos anos, co Plan Galicia e todo, sitúase en realizar 413 expedientes de media por ano. Os expedientes que comprometeu o Goberno anterior para executar este ano eran, en total, 1.054, máis do dobre da media e 480 máis que o ano que máis se fixo –575 no 2002–. Polo tanto, firmounos sabendo que non se podían realizar e con deslealdade total ao goberno que viña detrás, ao que se lle entregaba un problema de imposible solución.

Neste contexto, os convenios e concellos que se viron afectados pola suspensión tamén son responsabilidade do Goberno anterior, xa que foi este quen decidiu qué obras se activaban e cáles non. Foi quen decidiu en cales se iniciaba algún trámite e cáles se condenaban a figurar na literatura do convenio pero de imposible verificación.

A decisión nosa, señor Castro, no que afecta aos concellos e ás obras afectadas non foi discrecional, foi temporal.

Decidimos un número de obras e unha data en función de criterios técnicos. Todo o que se podía realizar ata ese momento, si; a partir dese momento, non.

Decidimos realizar todo o Plan de cooperación local e todos os proxectos que tiñan trámites feitos ata o 30 de maio, fíxense vostedes, xa practicamente en plena campaña electoral. Suspendemos todos os convenios –que non obras– que non tiñan en agosto ningún trámite feito e as que o único que tiñan era unha convocatoria pública os días 14, 15, 16 e 17 de xuño. Antes do 1 de agosto, señor Roberto Castro, estaban tramitados 259 expedientes polo Goberno anterior. Despois do 1 de agosto este Goberno e a Consellería do Medio Rural remataron a tramitación de 548 obras. Nós activamos, pois, 100 expedientes máis que a media destes catro anos, para completar un total de 807 expedientes, case o dobre dos que se facían habitualmente.

Como queda dito, a suspensión por parte deste Goberno non foi discrecional, senón temporal: o que tiña a tramitación feita ata aquí, si; a partir de aí, non era posible. A todas as que tiñan tramitación feita que puidesen intentar cumprir o convenio démoslle para adiante. E vostedes poderán comprobar que non afectan só a concellos gobernados polo PP, xa que, curiosamente, en seis concellos do BNG que tiñan obras concedidas suspendéronse tres e en 22 concellos do PSOE suspendéronse 16, cunha porcentaxe moi por riba do que lles tiña que corresponder en relación coa porcentaxe de obras concedidas.

Por certo, señor Castro, desde agosto non se tramitou ningunha obra en concellos gobernados polo BNG, todas as obras que estaban pendentes suspendéronse, o cento por cento.

Vaiamos agora –unha vez que se dá a explicación técnica– a contradicir as acusacións de groso calibre que escoitamos ultimamente, e iso vainos obrigar a facer unha certa mirada retrospectiva nas explicacións políticas.

Fíxense vostedes, ademais dos expedientes de concentración parcelaria habituais en trámite, o Goberno anterior aprobou dous plans, un de cooperación local, que afectou aos 315 concellos de Galicia, no que se conveniou coa Fegamp o reparto e o baremo; e outro de infraestruturas rurais. Este segundo é totalmente discrecional na distribuci-

ón de recursos e na elección de concellos; e significa, de entrada, unha deslealdade coa Fegamp, coa que se acorda un reparto para o Plan de colaboración que logo, por detrás, se modifica co Plan de infraestruturas rurais.

Este Plan de infraestruturas rurais, ao que afecta a suspensión –non ao de cooperación local–, ten un reparto totalmente discrecional: o 91% dos fondos para os concellos do PP, o 4% para os do PSOE e o 1% para os do BNG. Hipotecaba a acción do Goberno entrante nos vindeiros dous anos, ata o 2008 non se podería facer nada. Nin sequera o Plan de cooperación, que se acordou coa Fegamp e que se presentou como modelo de equidade no reparto, podería ter continuidade. Asináronse a maior parte dos convenios do Plan de infraestruturas rurais anunciadas xa as eleccións autonómicas, e evidénciase a mala conciencia do asunto e a utilización descarada na campaña cando se inclúen no *Diario Oficial de Galicia* concursos o 14, o 15, o 16 e o 17 de xuño, cando as eleccións eran o 19.

Actuouse con discrecionalidade e sectarismo, e non queríamos entrar no pasado pero vostedes obríganos. A 67 concellos non se lle concedeu ningunha obra no Plan de infraestruturas rurais; o 91% dos investimentos, a concellos do PP. Pero é que, ademais, este comportamento discrecional viña engadirse a un acumulado ao longo dos últimos catro anos. Incluindo as obras conveniadas para o 2005, os concellos gobernados polo BNG recibiron desta consellería nestes últimos catro anos –insisto, acumulado con este– 27 euros por habitante, os gobernados polo PSOE 28 euros por habitante e os gobernados polo Partido Popular 80 euros por habitante, tres veces máis que os do PSOE e os do BNG.

E aínda máis: se falamos en cifras absolutas, dos 46 primeiros concellos de Galiza onde o investimento acumulado nestes catro anos produciría cifras superiores aos 720.000 euros, só dous dos 46 primeiros non están gobernados polo Partido Popular, Cerceda e Valdoviño –ningún do BNG–. E, por suposto, nos doce que superan o millón de euros acumulados, os auténticos “pata negra” do PP –porque aquí tamén hai discrecionalidade dentro do propio partido–, todos son do PP.

Se se fala de criterio de ruralidade, deses 46 concellos que máis investimentos reciben, só seis son de Lugo e dous son de Ourense, as provincias máis rurais, as do interior. Iso

si, vemos a moitos alcaldes de Ourense ser utilizados moitas veces de *tontos* útiles, nunha campaña na que, efectivamente, se analizaran as cifras, verían cal é a realidade.

No outro extremo do ránking, entre os 47 últimos concellos, que non superan os 300.000 euros de investimento, só oito son do Partido Popular e 39 do resto das forzas políticas ou independentes. Entre os últimos once, con menos de 160.000 euros acumulados de investimento, ningún é do PP. E aquí, na cola, si que hai *overbooking* de Lugo e de Ourense: trece de Lugo e dezaioito de Ourense.

Fíxese, señor Roberto Castro, con estes datos estaríamos lexitimados pola propia Constitución para suspender todas as obras e dedicar os próximos catro anos a que todos os cidadáns fosen iguais ante a lei, os dunha cor e os doutra –e, dentro do PP, todos iguais diante da lei–, e investir unicamente todos os recursos que tiveramos para corrixir a discrecionalidade destes últimos anos. E non imos facer iso.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal):
Permítame, señora presidenta.

Non imos facer iso. Suprimimos os convenios que non tiñan trámites ou nos que tecnicamente non podía cumprirse a anualidade de 2005.

Falan de deslealdade. Deslealdade a de vostedes cos cidadáns, ao non tratar a todos por igual; coas regras de xogo, ao interromper a campaña electoral; co Goberno entrante, ao deixarlle un “marrón” de difícil solución; deslealdade coa Fegamp, ao meterlle un convenio pola porta de atrás despois de dicir que pactaban unha distribución con eles; e, desde logo, deslealdade con algúns concellos do Partido Popular, aos que se trata tamén con discrecionalidade dentro do propio partido. A algúns danlles investimentos ridículos e simbólicos para intentar telos calados.

Se entramos na análise das obras –permítame dous minutos e remato, señora presidenta–, señor deputado, ás que vostede se referiu, teño que dicirlle con rotundidade que non cuestionamos a necesidade de todas esas obras. O que pasa é que Medio Rural o que non pode é facer todo neste país. E dicímoslle que máis do 15% das obras teñen dubidosa xusti-

ficación desde a perspectiva da nosa consellería. Non dicimos que non sexan necesarias, pero son cuestionables desde as prioridades que deberían orientar o noso departamento, que debería ter no desenvolvemento rural e as súas explotacións o seu obxectivo fundamental. Hai algunha piscina, abastecemento a algún campo de golf, beirarrúas en núcleos urbanos, pavimentación de prazas, restauración de núcleos históricos, rotondas en núcleos urbanos, abastecementos a tanatorios, asfaltados non de pistas, senón de estradas de titularidade non municipal, e así seguido. Esas son obras que están –non todas, efectivamente, hai doutra índole–, pero o 15% son desas características.

E dígolle, xa para rematar, que aínda que nós non compartimos practicamente nada do que fixo o Goberno anterior coas obras ao final do seu mandato, a nosa intención foi executar todo o que pensabamos que se podía realizar segundo o plan conveniado e suspender temporalmente os convenios que, con toda seguridade, non se podían realizar no presente ano –xa que, de actualos e non certificar obra no 2005, non só perderíamos esta anualidade, senón que a súa imputación aos exercicios seguintes faría imposible a realización de moitas obras–. E aínda que non foi a nosa intención dar exemplo nin marcar pautas de comportamento político para o futuro, o que si é certo é que, seguramente, despois destas actuacións, ningún goberno vai ter a tentación no futuro de irromper ilexítimamente nunha campaña electoral utilizando recursos públicos para tentar mediatizar o resultado con obras de última hora. Non foi a nosa intención, pero pensamos que este proceder pode significar un paso adiante para que se remate a cultura do punto de luz, do camión de *zahorra*, do abastecemento e saneamento ou a pista de última hora para tentar comprar vontades. E iso pensamos que é unha contribución á historia deste país.

Nada máis e moitas grazas. (*Grandes aplausos nos escanos dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Posicionamento dos grupos.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra dona Tereixa Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta. Boas tardes, señoras deputadas e señores deputados. Señor Castro, parafraseándoo a vostede mesmo na súa intervención, se non estiver en sede parlamentaria, chamarialle fascista; pero, como estou en sede parlamentaria, vou dicir que ten vostede un grave déficit de crédito nas regras de xogo democrático. (*Aplausos.*) Porque parece que un goberno só ten dereito a gobernar e decidir sobre as cuestións...

A señora PRESIDENTA: Señora Paz, vaime perdoar, e sabe que lamento ter que dicirlle isto, pero pídlle que retire a palabra “fascista”.

A señora PAZ FRANCO: Vale, de acordo.

A señora PRESIDENTA: Grazas.

A señora PAZ FRANCO: Pero, de todas formas, vostedes acreditan que un goberno só ten dereito a gobernar e a decidir sobre as cuestións que atinxen ao país se ese goberno é do Partido Popular. Se o goberno non é do Partido Popular, igual de lexítimamente elixido polos cidadáns, parece que non ten dereito a empregar os instrumentos legais á súa disposición para tomar decisións.

Mire, señor Castro, eu creo que o único que se fixo con criterios obxectivos en todo o proceso do Plan de infraestruturas rurais foi a decisión de suspender o proceso de contratación. Foi o único que se fixo con criterios obxectivos. Porque, como acaba de dicir o señor Suárez Canal, tomouse unha data como criterio para decidir cales quedaban en suspenso e cales non. As que nesa data non tiveran realizada ningunha actuación e nas que non se puidera realizar as certificacións dentro do exercicio 2005 decidiron suspenderse. Todo o anterior foi con base en arbitrariedades por parte do Partido Popular. Dos trescentos e pouco concellos que estaban incluídos dentro do Plan de infraestruturas, 211 dos 214 concellos gobernados polo Partido Popular tiñan unha ou máis obras dentro do Plan de infraestruturas rurais. Evidentemente, ninguén vai negar a necesidade de ningunha desas obras das que estamos a falar, pero si eu lle vou negar –non o fixo ao mellor con tanta rotundidade o señor conselleiro, pero eu si que o vou negar– que moitas desas obras que estaban incluídas dentro do Plan de infraestruturas rurais teñen un máis ca dubidoso obxectivo dentro do desenvolvemento rural desde unha perspectiva de desenvolvemento dos secto-

res agrogandeiros, dos sectores produtivos, dos sectores forestais. E vou poñer un exemplo do meu concello, dunha obra que eu necesito tanto coma calquera dos cidadáns do meu concello, pero que se trataba dunha rotonda nunha trama urbana do meu concello. E esa obra é necesaria pero non a ten que facer a Consellería do Medio Rural, teraa que facer a Consellería de Política Territorial, ou terá que facela o concello, ou terá que facerse con plans provinciais da deputación. Non se ten que facer con cargo á Consellería do Medio Rural, porque no meu concello tamén temos necesidades no ámbito agrogandeiro e forestal. Temos un monte veciñal en man común que está a monte –nunca mellor dito– e ningún euro se destinou nunca nestes anos por parte da Consellería do Medio Rural para intentar poñer en valor ese monte e poñer en valor un recurso que temos alí.

Por iso, señor Castro, vostedes nin sequera utilizaron un criterio de necesidade desas obras en función do desenvolvemento rural, en función do desenvolvemento dos sectores produtivos. Porque ninguén vai negar que os veciños, as persoas, os cidadáns que vivimos no medio rural teñamos dereito a ter piscinas, a ter prazas con *adoquíns*, a ter beirarrúas, a ter rotondas e todo o que precisemos para vivir en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns. Pero o que non me negará vostede é que iso todo non é competencia da Consellería do Medio Rural. Porque entón, daquela, case escusaríamos un goberno con catorce consellerías, chegaría cun goberno cunha consellería ou con ningunha, cun presidente, e nada máis. Porque, se non hai competencias diferentes en función do ámbito de actuación das consellerías, xa me dirá vostede para que necesitamos esa separación.

Por outro lado, e volvendo ao criterio obxectivo do que falaba o señor Suárez Canal, un criterio obxectivo baseado na imposibilidade de certificar moitas das obras que estaban proxectadas dentro do Plan de infraestruturas rurais –imposibilidade de facer a certificación correspondente ao ano 2005–, a min realmente asústame a naturalidade coa que vostedes obvian esa cuestión. ¿Como pretendían que a consellería certificara obras durante o exercicio de 2005 se era imposible realizar obras? A verdade é que, sendo mal pensados, un podería dicir: ¡a ver como facían estes antes!, ou ¡a ver como fan nos concellos e nas institucións onde gobernan eles coas certificacións de obras! É que lles están dicindo os técnicos da consellería que era materialmente imposible executar obras con cargo ao exercicio de 2005 e, polo tanto,

como comprenderá vostede, certificalas. ¿Ou querían certificalas sen facelas? ¿Era iso o que pretendían? ¿Querían que comprometeran o total do orzamento non só deste ano senón dos dous seguintes para poder realizar obras dentro do mundo rural? A min gustárame que nos contestara a esa pregunta, en defensa dos intereses dos cidadáns dos que vostede aquí fixo tanta bandeira.

Evidentemente, os cidadáns do rural teñen dereito a que se fagan obras no seu ámbito vivencial, e vanse facer. O señor conselleiro non dixo que se anularan esas obras. Desde o primeiro momento, a consellería anunciou que se suspendían estas obras, que moitas destas obras se ían facer porque tiñan interese para o desenvolvemento desde a perspectiva do que son as funcións da Consellería do Medio Rural, pero que outras, evidentemente, non se ían facer. E eu, desde logo, e o meu grupo, aplaudimos a decisión da Consellería do Medio Rural de que con orzamentos que están destinados a promover o desenvolvemento económico e o desenvolvemento produtivo do medio rural se fagan única e exclusivamente as obras que teñen esa finalidade. E, polo tanto, tamén aplaudimos que ese 15% das obras das que falou o señor Suárez Canal non se fagan con cargo a estes orzamentos.

Terán que aprender os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular a xestionar recursos doutras administracións, a xestionar mellor os seus recursos, para facer obras e non empezar xa desde o primeiro momento dun novo goberno, dun goberno que non é do Partido Popular, a lamentarse do maltratados que son por parte do Goberno.

E, por certo, como tamén dixo o señor conselleiro, suspendéronse obras de concellos de todas as cores políticas. E, posiblemente, suspendéronse proporcionalmente máis obras de concellos gobernados polos partidos que sustentamos o Goberno que actualmente existe na Xunta de Galiza. Polo tanto, nin sequera nesa suspensión pode vostede aducir que houbo ningún tipo de discrecionalidade. Evidentemente suspendéronse moitas obras de concellos gobernados polo Partido Popular, porque practicamente o 90% dos recursos do Plan de infraestruturas rurais destinárono a obras de concellos gobernados polo Partido Popular.

Diciá vostede que un goberno, porque estea próximo un proceso electoral, non pode deixar de gobernar. E iso é certo, pero o que tampouco pode facer un goberno que está

ás portas dun proceso electoral, ou, mellor dito, inmersos no proceso electoral, e incluso despois de producido o proceso electoral e de perdidas esas eleccións, é tomar decisións que comprometen gravemente a posibilidade de actuación do goberno que vai saír das urnas. E iso é o que fixeron vostedes, primeiro, asinando os convenios en plena campaña electoral; asinando os convenios despois de que se anunciara a celebración de eleccións autonómicas; publicando no DOG anuncios tres, catro, cinco e dous días antes de celebrarse as eleccións autonómicas; e, finalmente, iniciando expedientes e iniciando obras despois de perdidas as eleccións autonómicas.

E agora —aínda que me queda pouco tempo— vou dirixirme ao señor conselleiro. Señor Suárez Canal, moito ánimo ante esta situación, ante esta mobilización que está iniciando o Partido Popular. Eu alégrome de que se mobilicen. Quédanlles a vostedes moitos quilómetros de manifestacións por facer ata chegar aos que levamos nós feitos para que se oía e escoite á cidadanía, para que se vexa á cidadanía deste país. Por iso lles dou moito ánimo nese percorrido. Moito ánimo, señor Suárez Canal e, sobre todo, moitos parabéns. Parabéns en nome do BNG, porque, desde o noso punto de vista, acaba vostede de sentar un precedente, un precedente democrático, un precedente para facer pedagogía política, para que nunca máis neste país, cos cartos públicos de todos os galegos e galegas, se tomen decisións en período electoral, se tomen decisións para intentar violentar nos últimos momentos, nos poucos días que quedan para as eleccións, a vontade do pobo galego, que foi o que intentou facer o Partido Popular.

E acaba vostede de sentar un precedente democrático na non utilización dos cidadáns e dos seus intereses e das súas necesidades en función de criterios estritamente partidistas, que é o que está facendo agora mesmo o Partido Popular. O Partido Popular, enarborando a defensa dos intereses e dos dereitos dos cidadáns do país, en definitiva, o único que está facendo é defender os seus alcaldes, non os cidadáns que teñen que ser gobernados por eses alcaldes. Vostedes só defenden e só defenderon, durante todos os anos que gobernaron, os cidadáns que votaban ao Partido Popular.

A señora PRESIDENTA: Remate, señora deputada.

A señora PAZ FRANCO: O resto tamén lles somos cidadáns. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, “nun réxime democrático e constitucional coma o que temos acadado por e entre todos, a lealdade institucional debe inspirar todas as accións do goberno. A vontade expresada libremente nas urnas permite que poida haber continuidade ou alternancia nos gobernos, sendo, ambas as dúas posibilidades, igualmente democráticas. Neste senso, é preciso que as necesidades da cidadanía se vexan atendidas sen que poidan verse afectadas por cambios ou continuidades nas tarefas do goberno”.

Estas palabras, evidentemente, non son miñas, señor conselleiro, son o primeiro parágrafo da exposición de motivos da iniciativa do Partido Popular. Eu creo que iso é o que afirmamos absolutamente todas e todos, estamos de acordo en que isto debe ser así.

Hoxe saen uns datos estatísticos que deberían preocuparnos a todos, e moito, que nos din que o 40% das familias deste país viven dunha pensión. E podo asegurarlles que a inmensa maioría viven no medio rural ou na Galicia costeira nos réximes especiais do campo e do mar. E dinnos que a Galicia do interior, a Galicia rural, ten un 25% menos de renda cá Galicia da costa. Isto debería preocuparnos seriamente, porque este fenómeno non é consecuencia nin dun cambio de goberno de 110 días nin porque por inspiración divina a alguén se lle ocorrera poñer eses datos nun papel. Son consecuencia de políticas que fixemos neste país, e as consecuencias témolas aí, son as que son. E aquí a min gustárame falar da interpelación e das preguntas que se fan na interpelación. Por exemplo, “¿considera o excelentísimo señor conselleiro do Medio Rural que a lealdade institucional debe primar nas relacións entre un goberno saínte e outro entrante?”. Evidentemente. Pero a pregunta que se fai esta deputada, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, é: ¿É lealdade institucional que haxa convenios asinados practicamente vinte e catro horas..., ou incluso co goberno en funcións, e contratos, adxudicacións...? Porque quizais a raíz do problema o teñamos, como dixo o señor conselleiro, en que as présas ocasionan que ás veces sexan incumpribles inclu-

so para aqueles a quen pretendemos beneficiar. Porque –algo se dixo antes– o que non pretenderá ninguén é que volvamos reproducir o “fenómeno Felisindo”: que se fagan obras, que despois se dea a subvención e que despois se certifiquen. E non falo desta consellería en concreto, estamos falando de lealdade institucional. Estamos collendo o fío argumental do que aquí se ten dito.

Pregúntanse: “¿Teñen avaliados os prexuízos que a suspensión de obras de infraestrutura rural van significar para os cidadáns do noso país?”. A pregunta é: ¿Alguén, nun período no que está en funcións, ou que está en pleno proceso de campaña electoral, avaliou as consecuencias que a toma de determinadas decisións vai ter para o futuro do país? E cando falamos do futuro do país non estamos falando de nada en abstracto, estamos falando das persoas que viven nel. Por exemplo, os compromisos orzamentarios en calquera das consellerías: aquí estivemos asistindo ás comparecencias de economía e algúns conselleiros e conselleiras dixéronnos que tiñan comprometido o 80% do presuposto da súa consellería; as débedas ocultas que temos que pagar todos, *ad futurum*, eses cidadáns que *ad futurum* teñen que pagar, os do rural e os do non rural; a inseguridade laboral e xurídica literalmente de miles de persoas que estaban contratadas con asistencia técnica. ¿E a cantos cidadáns deste país lles negamos o dereito a concorrer a unhas oposicións en igualdade de condicións? Iso tamén son custos que deberíamos avaliar.

Pregúntase, ademais, tamén nesta interpelación: “¿Asume o excelentísimo señor conselleiro que a decisión tomada responde a unha decisión estritamente política máis ben sectaria?”. O noso grupo entendeu na comparecencia pasada do señor conselleiro –e hoxe eu creo que quedou meridianamente claro– que as razóns foron esencialmente técnicas. Nós compartímolo. Estamos convencidos de que as decisións tomadas no seu día polo Goberno da Xunta, cando asinou estes convenios, foron legais. Ningún goberno toma unha decisión ilegal. E estamos convencidos de que este Goberno debeu de tomar unha decisión legal tamén, porque ningún goberno –insistimos– sexa aquel ou sexa este, toma unha decisión inxusta e ilegal sabéndoo, porque todos sabemos o que ocorre con estas cuestións.

Se ao final, ademais, hai unha petición de comparecencia neste Parlamento –está no rexistro– para dar conta do novo

programa de obras, sinceramente eu creo que deberíamos dar –díxeno pola mañá– unha marxe de confianza, porque eu estou convencida –e, polo menos, iso é o que vai esixir e demandar o noso grupo– de que naquelas obras que sexan para a mellora do tecido produtivo, para a modernización e para que non haxa esa sima entre a Galicia da costa e a Galicia do interior, que sirvan para reactivar o tecido produtivo do medio rural, evidentemente este conselleiro ou calquera conselleiro vai contar sempre co noso apoio, ¡sempre!

Cando se fala de sectarismo, sinceramente, señores deputados e señoras deputadas, eu quero facelos partícipes dunha experiencia que me tocou vivir como concelleira. Imaxinen vostedes que nesta cidade que leva o señor Castro no seu corazón –todos levamos a nosa; el está equivocado, porque o principal municipio e vila que hai no mundo mundial é Camariñas, síntoo por el que non chegase a esa conclusión– hai unha obra que hai que inaugurar, que é fundamental para o desenvolvemento desa cidade, financiada e proxectada por un goberno presidido por Manuel Fraga e que mañá vai o señor presidente da Xunta, don Emilio Pérez Touriño, a inaugurala. E o señor alcalde de Ourense, do Partido Popular, decátase –porque oe bombas de palenque– de que o presidente da Xunta está inaugurando unha obra, e o alcalde no sabe nada. E ¿quen está alí sostendo a cinta? Pois a esposa do primeiro que encabeza a lista da oposición e mais a do segundo. Iso, señorías, señores deputados, pasoulle a esta deputada que agora lles fala sendo concelleira no seu pobo, onde se foi inaugurar un porto sen que o alcalde se decatase. ¡Lealdade institucional, é verdade, pero en todas as direccións e en todo momento! Estamos falando non especificamente de determinadas obras e porque nun momento determinado interese facer un pouco de *bullá*. Non é iso. Non hai moito tratamos os temas do *Prestige*. ¡Como é posible que aos concellos chegaran os representantes da Xunta e non souberan os seus alcaldes que chegaban os representantes da Xunta! ¡Claro que todos pedimos a lealdade institucional!

Neste caso, eu creo que non debemos, sinxelamente, darlle máis voltas. ¿Por que? Porque aquí explicouse incluso antes, anunciouse que se ía pedir a comparecencia, a comparecencia pediuse, quedou no rexistro e están aí, virán e traerannos as obras. E eu estou convencida de que este Goberno, como calquera outro, vai incluír todas aquelas obras que teñan unha clara vocación de orientarse ao que van destinadas, a desenvolver o medio rural.

Polo demais, señor Castro, sinceramente, creo que debemos empezar a practicar o respecto institucional respectando as decisións que toma un goberno lexítimo no exercicio das súas funcións. Respectámolo antes, cando criamos que eran inxustas... perdón, non lexítimas, xustas si eran porque se axustaban á legalidade, pero sabe vostede que ás veces a lei e a xustiza non son sinónimos. E sempre puxen o mesmo exemplo: o *apartheid* era legal en Sudáfrica pero ninguén me negará que era unha inxustiza. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

Na súa rolda de réplica, señor Castro, vai ter vostede nove minutos.

O señor CASTRO GARCÍA: Señora presidente, señoras e señores deputados.

Señora Soneira, eu agradézolle que estea de acordo con boa parte –seguramente co máis importante– da exposición de motivos da nosa iniciativa. Por diante o meu profundo respecto para Camariñas, onde, por certo, vostede nos atendeu moi ben *algunos meses ha* con motivo dunha visita de certa comisión que vostede coñece perfectamente e da que vostede formaba parte. Polo tanto, o meu respecto profundo por Camariñas, porque sei que vostede a leva no corazón, como eu levo esa cidade á que fixen referencia e á que non fai falta facer referencia pola miña parte.

Vostede falou de lealdade institucional, señora Soneira. Pois mire, ¿sabe como reaccionou o Partido Popular despois de ganar as eleccións do ano 1989? Seguramente a memoria é fraca ás veces, pero voullo recordar. Desde o 17 de decembro de 1989 en que ganou o Partido Popular as eleccións ata o 5 de febreiro de 1990 en que tomou posesión o señor Fraga da Presidencia da Xunta pasaron unhas semanas, uns meses. Pois o Goberno tripartito en funcións e algún conselleiro do seu grupo parlamentario, do seu grupo político, do seu partido político, don Antolín Sánchez –que vostede coñecerá–, adxudicou moitas obras por valor de moitos centos de millóns das pesetas daquela época. ¿Sabe como reaccionou o Partido Popular despois do 5 de febreiro do ano 1990? Pois respectando esas obras, señora. Iso, señora Soneira, é lealdade institucional.

Por certo, cando vostede fala desa inauguración, desa cinta en Camariñas, saiba vostede –non sei se o sabe ou non

o quixo dicir– que o señor alcalde estaba invitado a ese acto e que non foi, seguramente por algún asunto importante que lle impediría estar alí, pero sabe vostede que estaba invitado.

Señora Paz, pacificamente, coma sempre, eu non vou subir ao seu nivel. Vaime perdoar que non suba ao seu nivel, de ningunha maneira. Pero si lle vou dicir unha cousa: a agricultura, evidentemente, non é o seu. Ao mellor, se se introduce vostede pola patinaxe artística sobre xeo, ao mellor pode ser. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Agora ben, leve vostede o megáfono para dicir aquilo de “¡apartade que aí vou eu!”, señora Paz.

Mire, non podo perder moito tempo coas súas diatribas, coas súas informacións, coas súas opinións, que respecto profundamente e que non comparto; pero, desde logo, teño que dicirlle que lamento extraordinariamente esa actitude sectaria do Goberno que vostede ampara, láméntoo. É unha opinión miña, tan lexítima como é a súa dicindo o contrario. Agora ben, eu preguntolle: ¿pensa vostede –se houbera outro resultado– que as obras das que estamos a falar non se irían facer, señora? ¿Pensa vostede que eses técnicos, que son obxectivos e independentes, ían informar de maneira distinta a como informaron neste asunto? ¿Vostede pensa que son parvos, señora Paz? ¡Máis respecto, polo menos, pola profesionalidade deses técnicos que informan nun caso e noutro con absoluta liberdade!

Señor Suárez, legais, si; *bien*. Obras necesarias, tamén. *Bien*, ata aí estamos de acordo. Pero entón o que xa non entendo é qué é o que pasa, señor Suárez. Eu enunciei a causa pola que probablemente vostede actúe así, e vostede a min non me convenceu. As bancadas que o apoian aplaudírono moi entusiastamente, seguramente os cidadáns de Galicia non o aplaudan tan entusiastamente; pero, en calquera caso, aí están as explicacións súas que non nos convencen.

“Reparto discrecional”. ¡Home!, señor Suárez, dixo que as obras eran necesarias. Pois se o son, son necesarias, xa governe a cor que governe. E a min impórtame un *rábano*, ou unha cenoria, como vostede queira, quen governe. O importante é que se fagan esas accións que vostede realmente considera que son importantes para os cidadáns.

Mire, señor Suárez, vaime permitir que lle dea un consello con toda cordialidade: non lle ande vostede a tocar os apéndice nasais ás señoras e aos señores alcaldes máis do

estritamente necesario. Vostede non coñece aínda ben a xente indignada, cando o está realmente, neste país noso, non a coñece aínda. Corre vostede o risco de non poder aparecer institucionalmente...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un segundo, señor Castro. Eu pídolles aos señores deputados que están entre o público que, se non teñen xa capacidade para ter unha mínima compostura, abandonen tamén o público. É unha falta de respecto de tal natureza a que están vostedes tendo hoxe pola tarde con esta institución... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor, e voulle dicir unha cousa, señor Núñez Feijoo: o que máis me recorda isto é o 23 de febreiro, que, por certo, recórdolles ás súas señorías. (*Protestas.*) Si, recórdolles ás súas señorías... (*Protestas.*) Calen un momento, que teño eu a palabra. Recórdolles que o próximo 23 de febreiro se celebran os vinte e cinco anos. Non van impedir vostedes que se fale con liberdade neste hemicycle. Perdoe un momento, señor Núñez Feijoo, que estou falando eu. Xa lle vin a man. Non van impedir vostedes que neste hemicycle se fale con liberdade, ¡de ningunha maneira o van impedir! Entón pídolles un mínimo de compostura, que fagan vostedes gala do que son, representantes da cidadanía, representantes democráticos, e respecten vostedes a todos os representantes democráticos. ¡Xa está ben! Esta presidenta ten paciencia ata un punto, xa só me falta que agora os deputados, ademais de estar no público, aplaudan.

(*Pide a palabra o señor Núñez Feijoo.*)

Agora, se me permite, señor Núñez Feijoo, voulle dar a palabra en canto remate o señor Castro García.

Ten a palabra, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Señora presidente, estou seguro de que a súa benevolencia, a súa extraordinaria –esta tarde– distribución dos tempos, me vai permitir recuperalo...

A señora PRESIDENTA: Sen dúbida.

O señor CASTRO GARCÍA: Non esperaba menos da súa Presidencia.

Estaba tentando dicir, señora presidente, que o señor Suárez corre o risco de que non poida aparecer institucionalmente en 212 dos 315 concellos que ten Galicia nesta lex-

islatura, e fíxese que estamos empezando a lexislatura. Pode que o declaren a vostede persoa non grata. ¿Por que? Porque non é grato o que vostede está a facer. E vostede realmente non merece iso, non sei quen o está impulsando a esa actitude, pero son consciente de que vostede non merece iso.

Polo tanto, señor Suárez, fágase merecente de ser declarado fillo predilecto de todos eses concellos. E teno moi fácil, señor Suárez, actúe a prol do país sen revanchismo, señor Suárez. Faga do seu comportamento que en Galicia se respecte a súa figura, traballe por ser vostede un galego bo e xeneroso, señor Suárez, que ninguén pense que é vostede estranxeiro, señor Suárez; que ninguén teña a tentación de pensar que é vostede *un hijo de la Gran Bretaña*. (*Murmurios e protestas.*) Defenda o país, señor Suárez, defenda os galegos e as galegas. Vostede é galego e merece que así o consideremos todos. Reconsidere vostede a súa decisión.

Mire, desde o Grupo Popular, imos axudalo. Imos presentarlle unhas emendas á sección de vostede no debate orzamentario, á sección 11. Nesas emendas cítanse os 315 concellos, xa llo aviso por anticipado para que vaia vendo que é así: 315 concellos, os 315 co seu nome e apelidos. E pídese que recupere vostede esas obras que vostede suprimiu de maneira sectaria. Se vostede quere reconducir unha piscina –á que tamén teñen dereito, vostede reconeceuno aquí, no medio rural– para que a faga por exemplo Deportes, estou seguro de que eses cidadáns estarán encantados coa súa xestión e ata lle poñerán a placa co seu nome na porta da piscina, señor Suárez. Pero é unha piscina. Suprima vostede a piscina, señor Suárez, pero non suprima vostede 245 obras.

A obra de Toén, señor Suárez, non é un campo de golf, tiña vostede que sabelo. E se vostede non o sabe, que é desa provincia, ten vostede cargos da súa confianza que poden consultar perfectamente qué é aquilo. Diríanlle que seguramente os helicópteros cargarán auga... Se vostede quere; claro que, ao mellor, vostede non quere que carguen alí, depende da súa actitude. Ao mellor terán que ir a Lindoso ou terán que ir a Velle ou terán que ir a Castrelo; aí é problema de vostede, xa sabe.

Fala vostede dun plan que vai poñer outra vez en marcha, pero, ¡home!, ¿non ve que xa o había? ¿Non ve que o problema, como anunciou vostede, eran dous problemas: a piscina e o campo de golf? Son as súas palabras, señor Suárez.

Polo tanto, señor Suárez, eu pídolle que reconverta vostede esa actitude polo ben de Galicia, polo ben do medio rural, polo ben da dignidade de vostede, do seu grupo parlamentario e do Goberno do que vostede forma parte. E, evidentemente, se non son de interese agrario esas obras, suprímaas. Pero non as suprima todas con ese pretexto, porque ese é o pretexto que vostede esbozou aquí desde o primeiro momento en que empezamos a falar –aquí e fóra de aquí, a través da prensa–, ¿comprende, señor Suárez?

Polo tanto, creo sinceramente que debe vostede –que llo pido solicitamente– reconsiderar a súa posición, porque se as vai facer en xaneiro perdeu vostede un tempo extraordinario, e sobre todo os cidadáns e cidadás que se vén privados e que, desde logo, teñen un atraso innecesario nesas obras que vostede reconece que son importantes e que naturalmente van estar privados delas. Pero é a súa responsabilidade, a nosa é denunciar ese feito democraticamente e con toda claridade, señor Suárez.

Moitas grazas, señora presidente.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Roberto Castro.

Para a rolda de peche ten a palabra o señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal):

Si, señora presidenta, quero agradecer as verbas das deputadas dos grupos que sustentan o Goberno. E vou empezar por dicirlles –realmente non quería dicilo, sobre todo para non *agriar* máis o debate– que desde logo penso que teñen mal perder (*Aplausos.*) Porque se poderá compartir a decisión nosa ou non. Agora, desde logo, cando expliquei con rotundidade que a decisión ten unha data –tramitados ata esa data, si; a partir desa data, non–, para imputar cualificacións de groso calibre como as que vostede utilizou... Hai que utilizar outro tipo de argumentos, e sobre todo cando un ten a historia detrás. A min, realmente, o comportamento do Partido Popular –xa antes, pero agora moito máis– recórdame moitas veces a Nerón: queimaba Roma e botáballe a culpa aos demais.

Vostedes neste tema actuaron con sectarismo, actuaron con deslealdade cara ao Goberno, trataron os cidadáns con

desigualdade, incluso os do seu propio partido, trataron con deslealdade a Fegamp –acordaron un convenio con ela cun baremo e por detrás introduciron outro plan de obras e infraestruturas–. E cando chegamos nós e realizamos, ¡fíxense vostedes!, a tramitación de 548 expedientes de obra, todos os que podían ter unha tramitación verificable no 2005 –e moitas desas obras non nos gustaban, señor Roberto Castro, pero a xuízo dos técnicos podían realizarse–, que vostedes acusen de sectarismo pois é un pouco forte de máis.

Fíxese vostede, o problema das obras do rural ¿sabe o que traduce? Non traduce xa que sexan necesarias ou non, traduce claramente o que ten de concepción respecto do medio rural deste país o Partido Popular. Vostedes xa renuncian a que o medio rural forme parte dun proxecto estratéxico deste país, e as cousas están á vista: desertización, problemas demográficos, abandono, superficie agraria útil por niveis realmente escandalosos... E claro, nesa conxuntura, ¿cales son as obras que vostedes entenden que son necesarias para o rural?: abastecementos, saneamentos, rotondas, piscinas... ¡Esas son as obras que necesita o mundo rural! Iso traduce claramente a concepción estratéxica que ten o Partido Popular do mundo rural. E poden ter a seguridade de que non é a nosa. Nós entendemos que o mundo rural ten que incardinarse nun proxecto de país. E nese proxecto de país hai capacidade para desenvolver os sectores produtivos, e hai obras de infraestruturas que son necesarias para eses sectores produtivos, e todas esas se farán; e, por suposto, conforme a legalidade, non imputando 1.024 expedientes nun ano no que non se poden realizar.

Vostedes, ademais, actuaron cunha enorme irresponsabilidade, señor Roberto Castro –estoume referindo ao Goberno anterior–. Fíxense vostedes que estas obras se financian, en parte, con recursos europeos, que teñen tamén unha determinada finalidade eses recursos para o desenvolvemento rural. Imaxinen vostedes o que sería que algunha destas obras, que temos que revisar proxecto a proxecto, aparecieran cofinanciadas con fondos europeos e que tivéssemos unha auditoría da Unión Europea na que nos atopáramos con que descubren algunhas das lindezas que pretendían incluír. Ao mellor acábanas pagando o resto dos señores do país que recibiron outro tipo de obras. Por iso nos vemos obrigados tamén a revisar proxecto a proxecto.

Miremos para adiante, efectivamente. As obras que teñan vocación de axudar os sectores produtivos que están no medio rural do noso país, para o desenvolvemento rural, teñan vostedes a seguridade de que se van facer, e con rigor. E para que se poidan facer –e non con trampas– hai que liberar parte dos recursos que tiñan consignados ás anualidades do 2005. Porque, se non, eses recursos teríamos que imputalos as anualidades do 2006 e fariamos menos obras. ¿Entende o asunto? Pois por iso temos que liberar e suspender os convenios, para que moitas desas obras –incluso deses concellos– se poidan facer o ano que vén. Nós imos reorientar a política de investimentos cun novo plan, un plan onde se prioricen obras que terán que ver...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal):
... co medio rural e coa súa base produtiva –remato, señora presidenta–, no que se corrixa os criterios discriminatorios de reparto que utilizaba o PP, onde se incluírán concellos que antes se marxaban e nos que se concedían obras simbólicas, e onde estará unha boa parte das obras do plan anterior que teñan que ver coa rehabilitación do medio rural e da súa base produtiva, pero rematou...

A señora PRESIDENTA: Remate.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (Suárez Canal):
Permítame quince segundos, nada máis, señora presidenta.

Rematou, desde logo, a política de interferir a vontade dos cidadáns en campaña electoral. E unha reflexión final: realmente a *devaluación* dos principios e valores no funcionamento político nestes días, e hoxe, chegou a un grao de perversión, desde o noso punto de vista, alarmante. Cando con datos contundentes se evidencia que quen actúa con deslealdade, con criterios de reparto discrecional e partidario, utilizando recursos públicos unha e outra vez para mediatizar vontades e utilizar caciquilmente as necesidades da xente, ten a ousadía de mobilizarse para defender ese proceder, un ten que concluír que dezaseis anos de permanencia no poder produciron unha instalación con comportamentos que renxen con algúns valores democráticos, onde o fin da permanencia no poder xustificaba os medios que había que empregar. E estamos ante un bo exemplo dese proceder. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(Pide a palabra o señor Núñez Feijoo.)

Señor Núñez Feijoo, ¿para que quere vostede a palabra?

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Por evidentes alusións da Presidencia, señoría.

A señora PRESIDENTA: Ten vostede a palabra.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Moitas grazas, señoría.

Señora presidenta, señorías, esta é unha tarde aciaga da democracia galega e desta Cámara. Vou relatarlles algúns feitos que seguro que as súas señorías non os saben exactamente...

A señora PRESIDENTA: Señor Núñez Feijoo, perdóeme un segundo. Quen dá e quita as palabras son eu, de momento, a pesar de que se intente algunha outra actitude. Voulle dicir unha cousa: vostede di que houbo alusións, e eu aceptei que o aludira, que seguramente o aludín e non me dei conta. Se vostede o que vai botar é un discurso, non teña vostede ningún problema que estou convocando unha Xunta de Portavoces urxente e poderá vostede facelo aí, que é o ámbito, na Xunta de Portavoces. Espero con moito gusto recibir de vostede todas as explicacións que sen dúbida me vai dar.

Imos seguir...

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Non, señoría, estaba no uso da palabra.

A señora PRESIDENTA: Señor Núñez Feijoo, perdoe, pero se vostede se vai...

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Señora presidenta...

A señora PRESIDENTA: Que lle digo que non...

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Señora presidenta, vostede uniu o meu nome ao 23 de febreiro e non o consinto.

A señora PRESIDENTA: Non, non...

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Señoría, están de testemuñas todas as deputadas e deputados deste Parlamento

A señora PRESIDENTA: Señor Núñez Feijoo, non vaia vostede dicir o que dixen eu. O que dixen eu seino eu.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Señora presidenta, despois de escoitar os meus compañeiros, síntoo moitísimo, pero nin somos fascistas nin temos nada que ver co 23 de febreiro. E para demostrarllo, nós democraticamente abandonamos este pleno.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Esa é unha actitude moi democrática pola súa parte, sen dúbida.

Xa lle aviso que estou convocando unha Xunta de Portavoces e espero que vostedes, os do Grupo Popular, asistan.

(Os señores deputados e as señoras deputadas do Grupo Popular abandonan o salón de sesións.)

Prosigamos co pleno, non pasa nada.

Pregunta de D. Carlos Fernández Blanco Parga, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as posibles repercusións da creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Industrial con sede en Ferrol, na comarca de Ferrolterra.

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Blanco Parga.

O señor BLANCO PARGA: Ben, boas tardes, señora presidenta. Ante o intento de anormalidade debemos amosar normalidade, e nós ao noso.

Señor conselleiro de Innovación e Industria, vostede, nunha recente visita a principio de setembro á factoría de Navantia en Ferrol, anuncioulles aos medios de comunicación pública a constitución ou creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Industrial. Sabemos que vostede, na súa responsabilidade, na súa consellería –igual que no resto das consellerías– ten que deseñar unha política industrial para o conxunto do país. Pero non é menos certo que a comarca de

Ferrolterra acaba de padecer unha segunda reconversión naval, que significou a perda de 1.400 postos de traballo directos e máis de 2.000 de compañías auxiliares. Por iso a localización da Axencia Galega de Desenvolvemento Industrial, xa denominada pola prensa Agadi, ten un alto carácter simbólico, e amosa unha diferenza importante respecto do que pasaba co Goberno anterior no tema industrial, a de non ser simples espectadores e ser actores protagonistas do proceso.

Pero por riba dos simbolismos e de que se faga unha política xeral de industria para todo o país, é ben certo que a realidade da nosa nación, Galiza, é desigual segundo o territorio do que esteamos a falar; por iso haberá que facer políticas acaídas a cada escenario concreto. Nese sentido vai a pregunta que lle facemos, porque, ademais, desde o Grupo Parlamentario do BNG cremos que experiencias anteriores baseadas fundamentalmente en subvencións, como foron os procesos das ZUR e das ZID, deixan un triste recordo na comarca de Ferrolterra. Porque, ademais, acolléndonos ao regulamento da Unión Europea para Galiza, que sería rexión obxectivo 1, nunca se podería subvencionar por riba dun 40% nos diferentes instrumentos públicos de axudas que hai, como poden ser os incentivos económicos rexionais do Ministerio de Economía, do IGAPE, da Consellería de Facenda, ou mesmo os mecanismos específicos que se crearan. Por iso cremos que un proceso de reindustrialización debe de ser algo máis que subvencións, un proceso máis amplo. E queremos saber en qué grao, coa súa consellería, a Xunta de Galiza deseñou esta axencia e as súas consecuencias en Ferrolterra.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor conselleiro de Innovación e Industria para responder a pregunta.

O señor CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA (Blanco Álvarez): Señora presidenta. Señorías.

A constitución da Axencia Galega de Desenvolvemento Industrial o que quere é coordinar a política estratéxica en materia de desenvolvemento industrial e coordinar, entre outras cuestións, diversos centros tecnolóxicos, diversos centros de deseño, que están actuando dun xeito illado e que,

por tanto, non van dentro desa estratexia global. Digamos que é un órgano que o que vai permitir é planificar estratéxicamente o desenvolvemento industrial de Galiza e que, polo tanto, o resto dos actores en política industrial teñan como referente esta actuación e traballemos todos no mesmo senso. E, polo tanto, parecíanos que era necesaria a creación dunha axencia de coordinación e de planificación, que non existía ata agora, producindo en moitos casos distorsións mesmo entre os centros que tiñan que traballar en materia de política industrial.

E, polo tanto, este é o obxectivo que queremos coa creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Industrial, respecto da que se está estudando precisamente cál é a súa composición, cómo ten que coordinarse necesariamente con todos os sectores implicados –e estou falando doutras administracións; algunha dela xa ten manifestado, entre outras cuestións, o seu apoio, como é o propio Ministerio de Industria– e tamén cos axentes privados, cos axentes sociais, para, dalgunha maneira, planificar ese futuro industrial.

E facela en Ferrolterra ten un significado a maiores. Efectivamente, os procesos de reconversión continuos e os plans que a posteriori se habilitaron non están dando os resultados que esperan Ferrol e os seus habitantes. E a pesar de que xa a SEPI declarou a comarca de Ferrolterra como unha zona prioritaria de actuación, o propio Ministerio de Industria, o propio Goberno galego e mesmo esta conselleira, a verdade é que cremos que situala en Ferrol dá tamén certa forza á situación que se está a vivir en Ferrol de certo desamparo e de certa frustración por non acadar eses niveis de desenvolvemento necesarios.

Polo tanto, parece tamén unha aposta no sentido de apoiar a sociedade de Ferrol, aínda que, efectivamente, esa planificación non vai ser só a dos plans de Ferrol senón que vai ser unha planificación para o conxunto de Galiza. E, polo tanto, tamén estamos establecendo xa contacto con moitos dos sectores de Ferrol, coa propia asociación promotora do Plan Ferrol, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra e as cámaras de comercio, precisamente para deseñar a estratexia que permita esa coordinación e ese desenvolvemento industrial. Creo que é bo para Ferrol, creo que é bo para o conxunto de Galiza e que, polo tanto, esperemos que, canto antes, esa formulación que eu facía hai uns meses sexa unha realidade e esteamos en posición de empezar a afrontar dun

xeito real o que é o desenvolvemento industrial da comarca de Ferrolterra.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra o señor Blanco Parga, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para a rolda de réplica.

O señor BLANCO PARGA: Si, doume por satisfeito coa resposta, pero non quero rematar hoxe, precisamente hoxe, visto o visto, sen mandarlle unha mensaxe ao Goberno galego, encabezado hoxe pola súa Vicepresidencia, polo seu vicepresidente, pero para todo o Goberno galego sen distinción: ánimo e adiante.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. Alberto Núñez Feijoo e dous deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o criterio do Goberno galego respecto das posibles repercusións para os intereses galegos da eventual aprobación da actual redacción do título VI da proposta de reforma do Estatuto de Cataluña

A señora PRESIDENTA: Como o señor Alberto Núñez Feijoo se ausentou, a pregunta decae. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non teño ningunha dúbida, señor vicepresidente, pero entende vostede que a pregunta decae.

Pregunta de D. Bieito Lobeira Domínguez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de creación dun dominio galego na Internet

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Lobeira Domínguez para formular a pregunta.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro de Innovación e Industria, existe un acordo parlamentario unánime –aínda que pareza mentira–, isto é, de todos os grupos parlamentarios presentes nesta Cámara, e moi relevante desde o punto de vista político, relativo á aprobación no Parlamento do denominado Plan

xeral de normalización da lingua galega que ten precisamente na actuación sobre as novas tecnoloxías unha das súas prioridades. Naturalmente non é a única, mais si é unha delas. A posibilidade, en definitiva, de que este país poida conquistar un dominio propio en Internet, ademais de ser unha aspiración de moitos internautas galegofalantes desde hai moitos anos, significaría tamén un avance importante –e así analizado no propio Plan xeral de normalización da lingua galega– para a normalización do noso idioma. Trátase de facer realidade o feito de que todas as linguas deben ser iguais e que, desde logo, o idioma galego ten dereito a estar ao mesmo nivel e en igualdade de condicións que outras linguas e culturas do mundo; nin máis nin menos, igual.

Existen galegos e galegas, ademais, en todas as partes do mundo que comparten a mesma comunidade lingüística e cultural, a galega, e que terían, co dominio propio galego en Internet, un sinal de identidade propio que os podería identificar. De feito, este camiño foi seguido xa con anterioridade por outras nacións sen Estado tamén no Estado español; en concreto, e recentemente, Cataluña conquistou por parte da ICANN –isto é, a Corporación para a Asignación de Nomes e Números en Internet– a posibilidade de contar cun dominio de primeiro nivel referente á lingua e cultura catalana na rede, isto é, o dominio “.cat”, para o seu uso xa no próximo ano 2006.

Por tanto, entendemos nós que existen antecedentes viábeis, existe un acordo parlamentario que vincula ao propio Goberno de Galiza en torno ao Plan xeral de normalización da lingua galega, e, sobre todo, existe unha aspiración á que nós, como galegos e galegas, non podemos renunciar, isto é, a consecución dun dominio galego propio en Internet.

Por esa razón o que queremos é coñecer –sabemos xa das polémicas, mesmo mediáticas, que existiron en relación co tema catalán– a posición do Goberno de Galiza en torno a unha cuestión que para nós é moi relevante.

Grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bieito Lobeira.

Ten a palabra o señor conselleiro para responder á pregunta.

O señor conselleiro de INNOVACIÓN E INDUSTRIA (Blanco Álvarez): Como moi ben di o señor deputado, o dominio “.cat” é o primeiro da rede que representa a un grupo lingüístico, cultural e a súa tradición. O logro deste dominio, dos denominados patrocinados, foi posible grazas á creación dunha plataforma asociativa que, arredor do interese que tiñan en temas de lingua, tradición e cultura, promoveu a nivel internacional o apoio e patrocinio diante da ICANN, con membros da plataforma apoiando nos cinco continentes.

Na sociedade galega tamén existe esta inquedanza e téñense xa dirixido a nós no sentido de crear unha plataforma similar que leve a conquistar un dominio galego de análogos características, que é o que conseguiu “Cataluña.cat”. O día que esa plataforma posúa, ademais, unha personalidade xurídica poderíamos conveniar con ela recursos para chegar a conseguir ese dominio galego.

Pero, contestándolle directamente a súa pregunta, quero recordarlle que xa no acordo programático que subscribiron os dous partidos que hoxe sustentan o Goberno galego había unha referencia específica a que a Xunta de Galicia desenvolvería accións que tendan ao establecemento do dominio galego de nomes en Internet. Este compromiso, como é lóxico, segue vixente, e o que teño que dicir, en todo caso, é que o actual Goberno galego apoiará de forma activa e sen reservas esta plataforma da sociedade galega que pretende conquistar ese dominio en Internet.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra o señor Lobeira Domínguez para a rolda de réplica.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: En calquera caso, quero trasladar a satisfacción e o orgullo que nós desde este grupo parlamentario e como nacionalistas temos despois da súa resposta, coa posibilidade de que por vez primeira na nosa historia un Goberno de Galiza sexa quen de impulsar tamén na rede a normalización do noso idioma e a consecución, por tanto, dun dominio galego en Internet.

Somos conscientes de que só a simple posibilidade de facer realidade esta aspiración, que é lexítima e que –insistimos– está contemplada no propio Plan xeral de

normalización da lingua galega, levantou no seu día e recentemente unha polémica, ao noso xuízo, absurda e innecesaria. Desde determinados medios de comunicación, unha vez que Cataluña acadara e conquistara ese dereito, cando se fixo público que o Goberno de Galiza ía no mesmo camiño, chegaron a dicir literalmente: “*¡Hasta los gallegos!*”.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, señor conselleiro, queremos animalo a seguir adiante por este camiño, deixando claro que a pregunta de fondo debe ser: ¿existe a lingua e a cultura galega? Desde logo, para nós si. De existir a lingua e a cultura, ¿ten dereito a existir tamén na Internet? Evidentemente, si. ¿Faille mal a alguén que o galego teña dominio propio en Internet? Evidentemente, non. O único mal sería que nos impuxeran ou que nos negaran o dereito a contar cun dominio propio.

Por tanto, desde o Bloque Nacionalista Galego, señor conselleiro, moitísimo ánimo tamén nese camiño. Estamos seguros de que vai contar cunha capa social moi importante deste país apoiando esta xusta reivindicación.

Grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lobeira.

Ten a palabra o señor conselleiro para a súa rolda de peche.

(O señor conselleiro de Innovación e Industria renuncia á súa rolda de réplica.)

Pregunta de D. Roberto Castro García e D. José Manuel Baltar Blanco, do G. P. Popular de Galicia, sobre as declaracións realizadas polo secretario xeral de Relacións Institucionais respecto da valoración política que fai outro partido político no ámbito das Cortes Xerais

A señora PRESIDENTA: Como o señor Roberto Castro García e don José Manuel Baltar non están no hemiciclo, decae a pregunta.

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o anuncio de revisión do Plan de parques de tecnoloxía alimentaria

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Lage Tuñas para formular a pregunta.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señora conselleira de Pesca, como vostede ben sabe, ao comezo do mes de outubro o director xeral de Recursos Mariños, da consellería que vostede dirixe, anunciou na vila do Grove a revisión do Plan de parques de tecnoloxía alimentaria que o Goberno anterior aprobara con moita présa nun dos últimos consellos da Xunta. Concretamente estamos a falar do 30 de xuño, se non me fallan os datos. Incluso con gran despregamento de medios podemos ver como o anterior presidente da Xunta falaba do citado plan no cabo Touriñán, onde se instalaría unha das granxas mariñas. E como seguramente vostede sabe –e, se non é así, o conxunto da Cámara debe sabelo– no propio concello de Muxía en plena campaña electoral se abría unha oficina para que se puideran preinscribir unha serie de veciños, porque había polo menos seiscentos empregos respecto desa instalación. Ben, todo moi normal, todo moi en liña de como se facían as cousas en anteriores gobernos.

O plan, segundo anunciou o anterior Goberno, pretendía reservar unhas zonas do litoral galego para a instalación de industrias vinculadas co sector pesqueiro, aínda que finalmente todas as solicitudes foron de empresas dedicadas ao cultivo de peixes. Segundo fomos coñecendo a realidade deste plan, comprobamos como existían verdadeiros atentados contra zonas medioambientalmente sensibles ou cun valor paisaxístico moi importante. Teño entendido que, das vinte e unha granxas de cultivo de rodaballo, dez están situadas en zonas de protección ambiental. E ademais vemos como as empresas privadas quedaban coa potestade de expropiar terreos para a construción das plantas de cultivo ás que acabo de aludir.

Tendo en conta o exposto, señora conselleira, gustaríanos saber qué é o que vai facer o seu departamento respecto do Plan sectorial de parques de tecnoloxía alimentaria en tanto en canto existe gran preocupación no conxunto do litoral e en determinadas entidades que nos teñen manifestado ao Grupo Parlamentario Socialista inquietude e preocupación respecto desta cuestión.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Ten a palabra a señora conselleira de Pesca para dar resposta.

A señora CONSELLEIRA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (Gallego Calvar): Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, señor deputado, como vostede mesmo dicía, o Plan dos parques de tecnoloxía alimentaria nace a raíz da catástrofe do *Prestige*, está incluído dentro do Plan de dinamización económica de Galicia, e ten por obxecto reservar unha serie de zonas para a instalación de centros de acuicultura ao longo de todo o litoral de Galicia.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos encárgalle a unha organización privada, ao *cluster* da acuicultura, a realización ou a selección das zonas que se incluírán neste plan. Este plan empézase a facer no mes de xuño do ano 2003 e posteriormente apróbase –como vostede moi ben dixo– en Consello da Xunta, e, finalmente, a validación é o 29 de xullo de 2005. Para a realización do plan solicitáronse diversos informes preceptivos e moitos deles vinculantes a moitas administracións; entre elas, á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente; á Subdirección Xeral de Estradas, da Consellería de Política Territorial; á Dirección Xeral de Estradas, do Ministerio de Fomento; á Subdirección Xeral de Patrimonio, do Ministerio de Defensa; á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura; á Dirección Xeral de Turismo, da Consellería de Cultura tamén; a Augas de Galicia; á Demarcación de Costas do Estado de Galicia, ao Ministerio de Medio Ambiente, etc.

Todos os informes de todos estes organismos que acabo de relatar foron recibidos despois de que o plan se aprobara en Consello da Xunta. Polo tanto, á vista destes datos e á vista da importancia que ten este plan no desenvolvemento futuro da acuicultura de Galicia, a Consellería de Pesca, logo de solicitar dos servizos xurídicos un estudo a fondo da legalidade das actividades feitas durante a aprobación deste plan, ten previsto facer unha revisión deste. Para iso reunímonos a primeiros do mes de outubro con todo o sector –sobre todo da piscicultura de Galicia– e explicámoslles cales eran os

nosos obxectivos. A Consellería de Pesca quere facer un desenvolvemento sostible da acuicultura mariña en Galicia, e quere que as granxas e as piscifactorías que se instalen no noso país sexan respectuosas co medio ambiente e ao mesmo tempo non teñan rexeitamento do conxunto da sociedade, como é o caso e está a suceder nos últimos tempos. O que nós pretendemos é nin máis nin menos que dotar as empresas de acuicultura mariña de instrumentos que lles permitan unha planificación eficaz, ordenada, xusta e a longo prazo, pero tamén garantirlles aos cidadáns de Galicia que non faremos ningunha obra en lugares onde se produza un severo impacto ambiental. Esa é a pretensión da Consellería de Pesca e ese é o razoamento final para facer a revisión deste plan sectorial.

Moitas grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra o señor Lage Tuñas na rolda de réplica.

O señor LAGE TUÑAS: Si, señora presidenta, moi brevemente. Quero agradecerlle á señora conselleira de Pesca a información que lle facilita hoxe aquí á Cámara. Desde logo, quero dicirlle que conta co apoio do Grupo Socialista para esa revisión, como non podía ser doutra maneira, e temos que ter en conta que o desenvolvemento sostible debe formar parte das accións transversais que se adopten en calquera acción de Goberno. O respecto ao medio ambiente debe ser compatible co desenvolvemento económico no conxunto do país, e non esperabamos menos. Agora ben, a información que nos dá amosa como actuaba o anterior Goberno; un goberno que aproba un plan sen ter en conta, sen escoitar, sen ler..., xa non digamos sen ter a opinión dos afectados, senón que nin ten en conta os informes preceptivos. Iso tamén é o cambio de goberno, iso tamén é o talante, iso tamén é unha nova forma de entender a política, señora conselleira, non podía ser doutro xeito. Nós saudamos positivamente que calquera plan que faga o Goberno de Galicia, que faga a súa consellería, veña avalado polos informes preceptivos.

Polo tanto, adiante coa revisión do Plan de tecnoloxía alimentaria e grazas pola súa resposta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer o acceso da mocidade a unha vivenda propia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo para formular a pregunta.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, Galiza vén sendo un dos territorios do Estado español cun menor índice de emancipación xuvenil. Isto quere dicir que temos a maioría dos nosos mozos e mozas, en concreto a 7 de cada 10, sen posibilidade de emanciparse ou sen facelo. Contrastan —e parécenos unha mirada interesante—, por exemplo, os datos que temos na nosa nación co que pode ser a situación en Cataluña, que ten o índice de emancipación xuvenil máis elevado de todo o Estado e que está cerca do 50%, aínda que mesmo as circunstancias respecto da situación da vivenda nesta comunidade sexan ben diferentes e mesmo moito máis gravosas para a xente nova que as que temos en Galiza.

Este tema foi motivo de moita preocupación por parte do noso grupo no pasado. Porque, efectivamente, o BNG escoita a sociedade e ten os oídos ben abertos a cales son as preocupacións que teñen os galegos e as galegas. E é unha preocupación que neste momento nós tamén cremos que segue presente na sociedade galega, porque o certo é que as cifras poñen de manifesto as dificultades que neste momento ten a xente nova no noso país para poder independizarse. Nós sempre defendemos, ademais, que este cambio, ou este problema que ten a xente nova para independizarse, non se debe a un acomodamento, non se debe a complexos de Edipo ou de Electra mal solucionados; senón que se debe, efectivamente, a un marco ou a un contexto no que a mocidade deste país ten dificultades postas de manifesto.

Nós tamén somos conscientes de que neste problema ten un importante peso a situación de deterioración que ten o mercado laboral en Galiza, e en concreto as condicións de traballo que veu padecendo a xente nova no noso país. Tamén temos falado moito sobre esta cuestión e cremos que hai iniciativas do Goberno neste sentido que esperamos que dean bos resultados. Con todo, o feito de que nós pensemos que evidentemente nesta situación hai un problema do mer-

cado de traballo, das posibilidades de acceso a un traballo estábel da mocidade, mesmo dos problemas de acceso en moitos puntos do país, si que pensamos que iso non elude as responsabilidades que desde a Consellería de Vivenda se deben ter nesta cuestión e que evidentemente se poden facer moitas cousas para reducir estes índices que temos tan baixos de emancipación e poñerlle máis fácil, sobre todo a aqueles mozos e mozas que teñen menos recursos. Nós tamén cremos que o punto de inflexión e o cambio que se debe acometer está precisamente en destinar os recursos públicos a aquelas persoas que teñen maiores dificultades. E no caso da mocidade, evidentemente, non todo o mundo ten as mesmas oportunidades. De aí a pregunta que xa vostede coñece e que non vou repetir.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Solo.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E SOLO (Táboas Velloiro): Señora presidenta, señora deputada, a Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas prioridades precisamente favorecer o acceso a unha vivenda digna aos colectivos que, polas súas características, nivel de renda, situación laboral, situación social e outras, teñen especiais problemas, especiais dificultades, en acceder a este ben social. Sen dúbida, os mozos deste país teñen moitas dificultades para poder acceder a unha vivenda e, polo tanto, son obxecto de especial atención por parte desta consellería que presido, como reflicten as seguintes medidas específicas para mozos ata 35 anos.

Con cargo ao Plan cuadrienal de vivenda existe unha axuda de 10.000 euros, para mozos con ingresos ata 2,5 veces o IPREN, é dicir, cunha renda mensual de 1.175 euros; unha axuda de 7.000 euros para mozos cuxos ingresos sexan de 2,5 a 3,5 veces o IPREN, que nos ingresos mensuais significan entre 1.175 euros e 1.645 euros ao mes.

Con cargo aos orzamentos da Consellería de Vivenda e Solo, concederemos unha axuda para sufragar os gastos de constitución dunha hipoteca aos adquirentes dunha vivenda protexida, unha importante novidade con respecto ao sistema anterior que me gustaría recalcar nesta Cámara. Unica-

mente lles sufragaremos os gastos de constitución de hipoteca aos mozos que compren vivenda protexida porque a prioridade desta consellería é favorecer a creación de vivenda protexida de prezo taxado que equilibre o mercado da vivenda libre. Esta axuda ascende a 600 euros, que é o custo real dos gastos para formalizar unha hipoteca dunha vivenda protexida.

Outra importante novidade que tamén adianto nesta Cámara é que rebaixamos o límite máximo das rendas que poden percibir esta subvención, que pasa de 4,5 veces o salario mínimo interprofesional, é dicir, 2.038 euros ao mes, a 3,5 veces o IPREN, que significa 1.645 euros. Esta rebaixa está pensada para que se canalicen as axudas a quen realmente as precisa; por unha sinxela razón: queremos incidir, como xa dixeran, nas rendas máis baixas deste país. Para resumir, os cambios nestas axudas obedecen a dúas motivacións: promover a vivenda protexida e incidir nas rendas que máis o precisan.

Outra importante novidade é a aplicación por primeira vez dunha axuda específica de 1.500 euros para os mozos que compren unha vivenda dun só dormitorio, unha medida novidosa que consideramos que é moi interesante para os menores de 35 anos que desexen adquirir unha primeira vivenda de menor tamaño, pero suficiente para independizarse. Estes mozos non poden pagar o sobrecusto dunha vivenda de máis metros cadrados. Quero recalcar que non estamos a falar de estudos, senón de vivendas dun só dormitorio e co resto das estancias independentes. Ademais destas axudas directas e específicas para mozos, existen outra serie de axudas tamén a cargo da ...

A señora PRESIDENTA: Señora conselleira, síntoo moito pero ten vostede que ir rematando.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E SOLO (Táboas Velloiro): Comunidade Autónoma, acumulables ás anteriores e que están en relación coas diferentes situacións persoais.

En definitiva, a Consellería de Vivenda quere favorecer o acceso dos mozos e mozas deste país a unha vivenda tanto en réxime de propiedade como en réxime de aluguer, modalidade esta moi común nos países europeos do noso contorno.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Intervirei moi brevemente, para darlle tamén a oportunidade á señora conselleira, por se lle quedou algo pendente de contestar, de que poida facelo na rolda de réplica.

En todo caso, nós si que cremos que é importante, primeiro, que haxa unha concepción de que a mocidade deste país ten un problema no acceso á vivenda, que sexa unha prioridade que se marca a súa consellería; e, en segundo termo, si queremos valorar moi positivamente as axudas novas que se fan e mesmo o criterio de empezar a redistribuír os fondos públicos tendo en conta que as persoas que están cuns niveis de ingresos máis baixos son aquelas que deben ter prioridade para o acceso a estas axudas e non facer seguidismo dunha política que nós cremos que a nivel social era moi cuestionábel.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Solo.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E SOLO (Táboas Velloiro): Vou rematar, efectivamente, porque dentro das liñas de actuación tamén temos, neste sentido, que anunciar un ambicioso programa de compra e rehabilitación de vivendas nos centros históricos, nas áreas de rehabilitación integral, que imos dedicar fundamentalmente para mozos en réxime de aluguer.

Outra modalidade é o programa de vivendas protexidas en réxime de alugueiro construídas directamente pola consellería, como é o caso das vivendas de Belvís en Santiago, tamén para mozos de ata 35 anos; actuación que pensamos repetir noutras zonas do país.

Xa por último, temos outra serie de medidas de carácter transversal con outras áreas do Goberno, como as previstas coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e outras en colaboración coa Consellería do Medio Rural e coa Consellería de Industria, que teñen como obxectivo fixar poboación no medio rural, ofertando vivenda en aluguer para os

mozos, sempre acompañado dun proxecto económico que garanta a permanencia da xente nova no interior de Galiza.

Agradezo as súas propostas e comentarios, señora deputada, que teremos en conta de cara a poder mellorar as axudas e as liñas de traballo postas en marcha pola Consellería de Vivenda e Solo que presido, para poder favorecerlles aos mozos e mozas deste país o acceso á súa primeira vivenda. Como conselleira, centrarei os esforzos en dirixir as actuacións principalmente cara ás rendas medias e baixas, como queda de manifesto nas axudas concedidas para sufragar os gastos de constitución dunha hipoteca. Porque estamos a falar de favorecer a compra dun ben social. Tamén queremos darlles resposta aos desexos dunha grande parte dos nosos mozos que queren independizarse poñendo no mercado un tipo de vivenda máis accesible ao que poden pagar durante unha primeira etapa da súa vida.

Finalmente, quero salientar que todas as axudas serán xestionadas con rigor para garantir que beneficiarán a quen realmente as precisa.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D.^a Beatriz Mato Otero e D. José Manuel Balseiro Orol, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a modernización e mellora da competitividade da frota de baixura

A señora PRESIDENTA: Ao non estar presentes estes deputados na Cámara, as preguntas decaen.

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posibilidade de cobro de novas indemnizacións por parte dos afectados pola marea negra do petroleiro *Prestige*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Lage Tuñas para formular a pregunta.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señora conselleira, como vostede sabe, o Goberno do Estado, no ano 2004, concretamente o 3 de xullo, publicaba o Real decreto-lei 4/2004, no que se subliñaba como insuficiente a contía de 160 millóns de euros que o anterior Goberno, o Goberno Aznar, destinara a indemnizacións polo accidente do buque *Prestige*. Con ese novo real decreto a contía aumentou en 249,5 millóns de euros para poder conceder axudas polos danos sufridos durante o ano 2004. Posteriormente e xa no ano 2005, a través do Real decreto 276/2005, do 11 de marzo pasado, abriuse a posibilidade de que os afectados pola marea negra provocada polo petroleiro *Prestige* nas costas galegas puideran reclamar danos económicos sufridos durante o pasado ano, ademais das axudas xa recibidas tras a catástrofe.

Concretamente, sabemos que os tres millóns de euros que se marcan nesta orde de axudas non son moitos cartos, pero, dalgún xeito, seguro que serven para paliar algunha das situacións. Estamos a falar de preto de 25.000 novas reclamacións que foron presentadas –como supoño que coñece ben o departamento que vostede dirixe– entre entidades e persoas físicas diante da Administración central.

Con todo, o anterior executivo galego, é dicir, o Goberno Fraga Iribarne, o goberno que presidía o señor Fraga, negábase sistematicamente a certificarlles aos colectivos pesqueiros afectados eses danos posteriores ao derrame do petroleiro; uns danos que, a pesar da negativa do seu recoñecemento polo anterior goberno, se están a producir en moitas especies e están a significar descensos considerables nas capturas coa conseguinte perda económica para moitos pescadores e para moitos traballadores do mar nas diferentes zonas afectadas.

Tendo en conta o exposto, señora conselleira, gustaríanos que nos puidera detallar ao conxunto da Cámara, aos representantes electos polo pobo galego, cal vai ser a súa política, a política do departamento que vostede dirixe, ante a posibilidade de cobro de novas axudas polos afectados da marea negra provocada pola catástrofe do buque *Prestige*.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Para responder á pregunta ten a palabra a señora conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos.

A señora CONSELLEIRA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (Gallego Calvar): Moitas grazas, señora presidenta.

Como vostede xa indicou na pregunta, existen unha serie de normas nas que a súa aplicación lle corresponde ao Goberno central. Estas normas tiñan resultados insuficientes para que o propio sector puidera percibir indemnizacións no pasado porque era necesario que algún organismo certificara os danos producidos pola catástrofe do *Prestige*. O Goberno anterior negouse en reiteradas ocasións a facer esta certificación, e o que fixo o novo Goberno foi –para dous sectores concretos da actividade; por unha banda, para o sector mexilloeiro de Galicia– elaborar un informe, encargado a unha auditoría externa, que certifica unha serie de danos para os produtores de mexillón durante os anos 2003 e 2004. Ese informe presentado diante do Ministerio de Economía do Goberno central vailles permitir poder percibir indemnizacións que ata o de agora tiñan como imposible percibir, porque non se podía demostrar, efectivamente, ese dano. E hai que ter en conta, ademais, que o sector mexilloeiro foi o único sector que non tivo paralizada a súa actividade durante a catástrofe do *Prestige*, agás un polígono de bateas na zona de Corme, porque ese si foi totalmente inundado polo chapapote.

Con respecto ao colectivo de afectados que se acolleron ao real decreto que nós chamamos “de danos futuros” –que nun primeiro momento era un número moi importante, próximo ao que vostede dicía–, a verdade é que finalmente as solicitudes presentadas, e completados os expedientes, son moitas menos. E o que vai facer tamén o Goberno de Galicia, neste caso a través da Consellería de Pesca, é ter o mesmo procedemento que para o sector mexilloeiro: certificar os danos producidos nese sector, neste caso durante o ano que hai que certificar, con respecto aos danos futuros, e trasladarlllo ao Goberno central para que este poida facer, con base nun informe oficial, esa avaliación de danos e poida finalmente outorgar as indemnizacións que lle corresponden ao sector. Iso no que ten que ver coas indemnizacións do Goberno central, co que é competencia do Goberno central.

No que respecta ás competencias da Comunidade Autónoma, o Goberno galego ten emprendido xa unha serie de accións que van destinadas tamén a paliar o impacto da catástrofe do *Prestige* sobre as persoas que viven do mar.

Neste senso, temos iniciado un plan de avaliación e de ordenación dos nosos caladoiros para saber, efectivamente, ata que punto están afectados e que especies teñen dificultades de sobreexplotación. Ao mesmo tempo, temos reservada unha partida orzamentaria para os orzamentos do ano 2006 para paralizacións temporais, co gallo de cubrir aquelas paradas biolóxicas subvencionadas que sexa necesario poñer en marcha para as especies que sexan obxecto de sobreexplotación calquera que sexa a causa. E tamén estamos a desenvolver un plan de repoboación no litoral galego con especies de alto valor comercial que servirá para que o sector da frota artesanal, o principal afectado por esta catástrofe, poida ter no futuro mellores ingresos grazas ás políticas de ordenación...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (Gallego Calvar):... dos recursos que está a emprender o novo Goberno.

Moitas grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra, para a súa rolda de réplica, o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, doume por satisfeito coa súa resposta. Quero agradecerlle a aposta pola frota artesanal do noso país, e non se trata só de que eu me dea por satisfeito coa súa resposta, senón de que seguro que o sector mexilloeiro, o cal non atopaba a sensibilidade, que vostede acaba de amosar agora, en gobernos anteriores, agradece moito máis non só a resposta senón todas as accións e todas as actuacións que a Xunta de Galicia faga non só aquí, senón que faga tamén diante do Goberno do Estado, diante do Goberno de España.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage Tuñas.

Pasamos seguidamente á seguinte pregunta.

Pregunta de D.^a Manuela López Besteiro e dous deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da potenciación da función da titoría na ESO para establecer unha terceira hora de atención ao alumnado remunerada

A señora PRESIDENTA: Por non atoparse presente nin a señora Besteiro nin os outros dous deputados, decae esta pregunta.

Pregunta de D. Xosé Ramón Paz Antón, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as iniciativas levadas a cabo pola Consellería de Cultura e Deportes en apoio da candidatura “As tradicións orais galego-portuguesas” para a súa declaración de obra mestra da humanidade pola Unesco

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra don Xosé Ramón Paz Antón.

O señor PAZ ANTÓN: Moitas grazas, señora presidenta.

Como todas as súas señorías saben, estamos a piques de coñecer o desenlace da posíbel proclamación da candidatura “As tradicións orais galego-portuguesas” como obra mestra da humanidade. Pasadomañá, día 25, desvelarase a decisión do xurado internacional nomeado pola Unesco.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego trae de novo este tema ao Parlamento galego por tres razóns:

En primeiro lugar, porque temos o convencemento de que neste tipo de proclamacións de ámbito internacional ten suma importancia a manifestación explícita dos apoios institucionais ou de calquera tipo e incluso a súa repercusión nos medios de comunicación. Neste sentido, agardamos que sirvan estes minutos como un último pulo, un último impulso, ao recoñecemento do noso patrimonio inmaterial.

En segundo lugar, consideramos que cómpre facer unha expresión pública de recoñecemento á asociación cultural e pedagóxica “Ponte... nas ondas!” porque, con independencia do resultado que se dea o día 25, debemos subliñar a excepcional repercusión dunha iniciativa que é máis valiosa se temos en conta a precariedade de medios utilizados para

desenvolver este labor. Cando asistimos a debates que tratan de desprestixiar –non de mellorar, senón de desprestixiar– o ensino público, nós temos que destacar que esta iniciativa nace no seo do sistema nacional galego de ensino público; esta iniciativa nace das escolas públicas galegas.

En terceiro lugar, debemos recoñecer que a proposta das tradicións orais galego-portuguesas tivo sempre, con maior ou menor fe, o apoio dos grupos desta Cámara, expresado en diversos acordos tomados por unanimidade. Pero tamén debemos recoñecer que é co novo Goberno, coa actuación decidida da Consellería de Cultura e Deportes, cando esta candidatura recibe un forte apoio e multiplica as accións de divulgación do patrimonio galego-portugués e os seus obxectivos.

Polas razóns expostas interésalle a este grupo parlamentario coñecer qué iniciativas realizou a Consellería de Cultura e Deportes en apoio da candidatura “As tradicións orais galego-portuguesas” promovida pola asociación cultural e pedagóxica “Ponte... nas ondas!”.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Paz Antón.

Señora conselleira, ten a palabra para responder a pregunta.

A señora CONSELLEIRA DE CULTURA E DEPORTE (Bugallo Rodríguez): Moitas grazas.

Desde o mes de setembro e durante os últimos tres meses a Consellería de Cultura e Deporte prestou un total apoio –cando digo “total” é total e absoluto–, porque, ao longo de todos os días, nós mesmos, como membros da Consellería de Cultura, formamos parte non só dos diversos actos que tiña a candidatura, senón de todas as diversas delegacións e contactos que mantivo a candidatura. Desde alí plantexámoslle o apoio tanto á tramitación como á presentación pública como á difusión da candidatura do patrimonio oral galego-portugués.

Desde logo, é un apoio no que vai haber dúas vertentes, igualmente importantes: por un lado, a vertente económica, cun esforzo realmente importante para unha consellería que se encontraba, como vostedes ben saben, nunha situación económica precaria debido á gran porcentaxe de orzamento

comprometido; pero tamén cun apoio total de representación, de participación e de implicación na candidatura.

Desde que tivemos o primeiro contacto con eles, o 12 de setembro, nunha xuntanza na que participei eu xunto co director xeral de Creación e Difusión Cultural e o director xeral para o Patrimonio, plantexámoslles claramente o noso recoñecemento ao gran labor que levaban realizado todas as organización que foran promotoras da candidatura: a asociación “Ponte... nas ondas!”, as escolas asociadas á Unesco, o Museo do Pobo Galego, o Consello da Cultura Galega e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial. Nesa xuntanza xa puxemos claro, ademais do noso recoñecemento, a nosa total dispoñibilidade para que a partir dese momento contaran con nós, e tamén co noso apoio económico, para todos os últimos pasos durante os tres meses que quedaban ata o día 25 de novembro.

Comentarei como, precisamente a raíz diso, imos participar en todas as seguintes presentacións que se fagan da candidatura desde o 17 de decembro, e formamos parte xa da reunión da comisión executiva que se celebra o 26 de setembro en Santiago, onde, ademais, se aproba algo que consideramos moi importante para a promoción da candidatura, que foi un programa de presentacións públicas en diversas cidades e vilas de Galiza, do Estado español, de Bélxica e de Francia. A partir de aí, acompañamos a candidatura a cada unha desas presentacións, tanto a Barcelona como a Bruxelas; e no caso de Bruxelas ademais acompañámoslos tamén cando tiveron a reunión cos representantes dos principais grupos parlamentarios do Parlamento Europeo. Como ben vostedes saben, desa reunión o que saíu foi o compromiso de asinar unha declaración institucional por parte do Parlamento Europeo de apoio á candidatura. O 13 de outubro, ademais, por instancia da Consellería de Cultura, o Consello da Xunta de Galicia aproba unha declaración institucional de apoio á candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués e, un día despois, tamén se presenta a candidatura en Madrid, na que eu estou presente, e organízase un acto por parte desta consellería no Círculo de Belas Artes no que interveñen numerosas persoas relacionadas coa cultura tanto galega como do resto do Estado.

Ao mesmo tempo, seguimos participando no resto das reunións da comisión promotora da candidatura que se cele-

bran en outubro. E no caso dos actos que se celebran en Santiago, nós mesmos organizamos toda esa serie de actos.

Ademais diso, promocionamos e editamos o libro, CD e DVD *Meniños Cantores*. E non só iso, senón que participamos en todos os actos de presentación dese material

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira.

Señor Paz Antón, ten a palabra para a súa rolda de réplica.

O señor PAZ ANTÓN: Moitas grazas.

Simplemente quero agradecerlle á conselleira a información, e animala no seu labor porque, despois do que vimos e escoitamos esta tarde neste Parlamento, é evidente que este país, e especialmente este hemicycle, necesita moita máis deportividade e moita máis cultura. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Paz Antón.

Señora conselleira, ten a palabra na súa rolda de peche.

A señora CONSELLEIRA DE CULTURA E DEPORTE (Bugallo Rodríguez): Nada máis quero dicir dúas cousas.

En primeiro lugar, como vostedes comprenderán, asistirémos a París o día 25, e esperamos que sexa unha gran festa. Pero, independentemente do que pase ese día, nós xa estamos traballando nunha programación de traballo conxunto con “Ponte... nas ondas!” para seguir na liña de apoio á candidatura do patrimonio inmaterial e, sobre todo, para seguir na liña de apoio ao noso propio patrimonio inmaterial, que sabemos ben que é algo que temos que conservar e coidar. Nós imos traballar sobre eles, independentemente de que consigamos ou non ser obra mestra, que, desde logo, si que o merecemos.

A señora PRESIDENTA: Señoras e señores deputados, como anunciei antes, saiban que está convocada agora unha Xunta de Portavoces á que espero que acudan todos os portavoces, porque, polo menos desde que eu son deputada, desde os últimos oito anos –non sei se antes–, nunca se producira un feito tan grave como o que se produciu hoxe, como foi o de vulnerar o terreo do Parlamento. Eu, desde logo, non coñezo ningún incidente, máis alá do do día do 23 de febrei-

ro. Nesa dirección e nese sentido foi como o mencionei antes.

Agardo a que as súas señorías non volvan presenciar actos desta natureza. Desde logo, a señora presidenta vaise encargar en todo momento de que vostedes gocen –ao que teñen dereito–, e non só vostedes senón todos os cidadáns, do que é a liberdade e a dos seus representantes lexítimos.

Moitas grazas e remata a sesión.

Remata a sesión ás seis e trinta minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490